

A Chave 

Os nomes galegos dos peixes

2022



Citación recomendada / Recommended citation:

Cerradelo, Silverio (2022): *Os nomes galegos dos peixes*. Xinzo de Limia (Ourense): A Chave.

https://www.achave.gal/wp-content/uploads/achave_osnomesgalegosdos_peixes

Fotografía: troita das fontes (*Salvelinus fontinalis*). Autor: David Vilasís.

Esta obra está suxeita a unha licenza Creative Commons de uso aberto, con recoñecemento da autoría e sen obra derivada nin usos comerciais.

Resumo da licenza: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>.

O que contén este documento

No planeta hai unhas 35.000 especies de peixes coñecidas. Neste documento, achéganse **denominacións galegas para 3.505 especies**. Inclúense tanto nomes para os peixes de auga doce como para os peixes de auga salgada. Fórncense **denominacións para as especies galegas (e) ou europeas de peixes, e tamén para as especies exóticas máis coñecidas nos ámbitos divulgativos** (xeralmente por causa do seu interese científico, pesqueiro, culinario, industrial ou acuariófilo, ou por seren comúns noutras áreas xeográficas).

No **índice** deste documento xa se indican, a modo de **clasificación taxonómica**, as clases, as ordes e as familias de peixes, e apúntanse, **de maneira xeral, os nomes dos peixes** que hai en cada familia.

A seguir, preséntase unha serie de **notas introdutorias**, con particularidades e explicacións sobre o **tratamento terminolóxico** e outros **criterios** que foi necesario aplicar para a elaboración do presente recurso léxico.

Despois vén **o corpo do documento**, unha listaxe onde se indica, **especie por especie, ademais do nome científico, os nomes galegos e ingleses dos peixes** (nalgún caso, tamén, o nome xenérico para un grupo deles). Nesta listaxe específica, destácanse con **fondo azul claro as especies de peixes presentes nas augas galegas**, cando menos **490 especies diferentes**, xuntando as mariñas e as fluviais.

Ao final apúntanse **as referencias bibliográficas** que foron utilizadas para a elaboración deste recurso léxico. Nalgunhas desas referencias recóllense ou propóñense nomes galegos para os peixes, quer xenéricos quer específicos, desde o século XVIII até a actualidade. Outras referencias achegan nomes para os peixes noutras linguas, que foron tidos en conta. Para alén diso, inclúense tamén algunhas referencias ictiolóxicas, en particular sobre as especies galegas –cos novos peixes rexistrados nos últimos anos–, e algunhas referencias a respecto da metodoloxía e dos criterios terminolóxicos empregados.

Índice

Índice	3-23
Notas introdutorias	24
Tratamento terminolóxico	24
Castelanismos	29
O mesmo peixe con máis dun nome	31
Rapante	32
Escarapote e escarapota	32
Ollomol e besugo	33
Tiburón e quenlla	34
Bocareu (ou bocarte), anchoa e anchova	35
Outro léxico ictiolóxico	36
As terminacións -bel e -ble	38
O adxectivo cincento / cincenta ou cinsento / cinsenta	38

A adaptación ao galego dos nomes latinos das ordes e das familias dos peixes	38
Maiúsculas e minúsculas	41
Á procura do nome galego dun peixe neste documento	42
Agradecemento	43

Peixes (Pisces) 44

Clase: **Mixinas (Myxini)** 44

Orde: **Mixiniformes (Myxiniformes)** 44

Familia: **Mixinídeos (Myxinidae)** : **mixinas (ou peixes bruxa)** 44

Clase: **Hiperoartios ou Petromizóntidos (Hyperoartia ou Petromyzontida)** 49

Orde: **Petromizontiformes (Petromyzontiformes)** 49

Familia: **Xeotriídeos (Geotriidae)** : **lampreas de bolsa** 49

Familia: **Mordacídeos (Mordaciidae)** : **lampreas** 49

Familia: **Petromizontídeos (Petromyzontidae)** : **lampreas** 49

Clase: **Condrictios (Chondrichthyes)** 52

Subclase: **Elasmobranquios (Elasmobranchii)** 52

Orde: **Hexanquiformes (Hexanchiformes)** 52

Familia: **Hexanquídeos (Hexanchidae)** : **cañabotas (ou bocadoces)** 52

Familia: **Clamidoselaquídeos (Chlamydoselachidae)** : **tiburóns anguía** 52

Orde: **Equinorriniformes (Echinorhiniformes)** 53

Familia: **Equinorrinídeos (Echinorhinidae)** : **cravudos** 53

Orde: Escualiformes (Squaliformes)	53
Familia: Dalatiídeos (Dalatiidae) : tiburóns ananos, tiburóns charuto e gata lixa	53
Familia: Etmopterídeos (Etmopteridae) : gatas	54
Familia: Oxinotídeos (Oxynotidae) : peixes porco	54
Familia: Escualídeos (Squalidae) : melgas	55
Familia: Somniosídeos (Somniosidae) : carocho, pailonas e arregañadas	56
Familia: Centroforídeos (Centrophoridae) : lixas e zapatas	57
Orde: Heterodontiformes (Heterodontiformes)	58
Familia: Heterodontídeos (Heterodontidae) : tiburóns dormiñocos	58
Orde: Lamniformes (Lamniformes)	59
Familia: Alopídeos (Alopiidae) : raposos do mar (ou tiburóns raposo)	59
Familia: Cetorínídeos (Cetorhinidae) : peixe momo	59
Familia: Lamnídeos (Lamnidae) : tiburón branco e marraxos	60
Familia: Megachasmídeos (Megachasmidae) : tiburón bocagrande	60
Familia: Mitsukurínídeos (Mitsukurinidae) : tiburón demo	60
Familia: Odontaspídídeos (Odontaspididae) : tiburóns	61
Familia: Pseudocarcariídeos (Pseudocarchariidae) : tiburón crocodilo	61
Orde: Orectolobiformes (Orectolobiformes)	62
Familia: Braquelurídeos (Brachaeluridae) : tiburóns cegos	62
Familia: Hemisciliídeos (Hemiscylliidae) : tiburóns bambú e tiburóns tapete	63
Familia: Orectolobídeos (Orectolobidae) : tiburóns tapete	64
Familia: Estegostomatídeos (Stegostomatidae) : tiburón cebra	64

Familia: Rincodontídeos (Rhincodontidae) : tiburón balea	64
Familia: Xinglimostomatídeos (Ginglymostomatidae) : tiburóns ama	65
Orde: Carcariniformes (Carcharhiniformes)	66
Familia: Carcarinídeos (Carcharhinidae) : tiburóns e quenlla	66
Familia: Esfirnídeos (Sphyrnidae) : tiburóns martelo (ou cornudas) e tiburón de rodela	70
Familia: Pseudotriaquídeos (Pseudotriakidae) : mamona	70
Familia: Triaquídeos (Triakidae) : cazóns	71
Familia: Leptocarídeos (Leptochariidae) : cazón barbudo	71
Familia: Pentanquídeos (Pentanchidae) : zapatás	72
Familia: Esciliorinídeos (Scyliorhinidae) : patarroxas e melgacho	73
Orde: Escuatiniformes (Squatiniformes)	74
Familia: Escuatinídeos (Squatinidae) : anxos (ou peixes anxo)	74
Orde: Torpediniformes (Torpediniformes)	76
Familia: Narcinídeos (Narcinidae) : raias cegas e tremos (ou tremedeiras)	76
Familia: Torpedinídeos (Torpedinidae) : tremos (ou tremedeiras)	77
Orde: Miliobatiformes (Myliobatiformes)	79
Familia: Dasiatídeos (Dasyatidae) : uxas	79
Familia: Urobatídeos (Urobatidae) : uxas redondas	80
Familia: Ximnurídeos (Gymnuridae) : uxas bolboreta	81
Familia: Plesiobatídeos (Plesiobatidae) : uxa de fondura	82
Familia: Miliobatídeos (Myliobatidae) : uxas morcego	82
Familia: Etobatídeos (Aetobatidae) : uxas morcego	83
Familia: Mobulídeos (Mobulidae) : mantas	84

Orde: Raxiformes (Rajiformes)	86
Familia: Raxídeos (Rajidae) : raias	86
Familia: Arincobatídeos (Arhynchobatidae) : raias	87
Orde: Rinoprístiformes (Rhinoprístiformes)	88
Familia: Rinobatídeos (Rhinobatidae) : raións (ou guitarras)	90
Familia: Glaucostexídeos (Glaucostegidae) : raións (ou guitarras)	91
Familia: Pristídeos (Pristidae) : peixes serra	92
Subclase: Holocéfalos (Holocephali)	93
Orde: Quimeriformes (Chimaeriformes)	93
Familia: Quimerídeos (Chimaeridae) : quimeras	93
Superclase: Osteíceos (Osteichthyes)	94
Clase: Actinopteríceos (Actinopterygii)	94
Subclase: Condrósteos (Chondrostei)	94
Orde: Acipenseriformes (Acipenseriformes)	94
Familia: Acipenserídeos (Acipenseridae) : esturións e esterlete	94
Familia: Polidontídeos (Polyodontidae) : peixes espátula	95
Orde: Polipteriformes (Polypteriformes)	96
Familia: Polipterídeos (Polypteridae) : bichires	96
Subclase: Neopteríceos (Neopterygii)	97
Infraclase: Holósteos (Holostei)	97
Orde: Amiiformes (Amiiformes)	97
Familia: Amiídeos (Amiidae) : amia	97

Orde: Lepisosteiformes (Lepisosteiformes)	97
Familia: Lepisosteídeos (Lepisosteidae) : peixes xacaré	97
Infraclase: Teleósteos (Teleostei)	98
Superorde: Acantopteríceos (Acanthopterygii)	98
Orde: Acanturiformes (Acanthuriformes)	98
Familia: Acanturídeos (Acanthuridae) : peixes cirurxián e peixes unicornio	98
Familia: Cetodontídeos (Chaetodontidae) : peixes bolboreta e peixes coral	101
Familia: Drepaneídeos (Drepaneidae) : aixadas	103
Familia: Escatofaxídeos (Scatophagidae) : pingos	103
Familia: Efipídeos (Ehippidae) : efipios, peixes pa e peixes morcego	104
Familia: Leiognatídeos (Leiognathidae) : peixes pónei	105
Orde: Acropomatiformes (Acropomatiformes)	106
Familia: Acropomatídeos (Acropomatidae) : faroliños	106
Familia: Sinagropídeos (Synagropidae) : dentiños	106
Familia: Malakictídeos (Malakichthyidae) : macondes	107
Familia: Poliprioniídeos (Polyprionidae) : chernotas	107
Familia: Pentacerotídeos (Pentacerotidae) : espartanos (ou peixes xabaril)	108
Orde: Ateriniformes (Atheriniformes)	109
Familia: Aterinídeos (Atherinidae) : piardas	109
Familia: Aterinopsídeos (Atherinopsidae) : peixes rei	110
Orde: Beloniformes (Beloniformes)	111
Familia: Belonídeos (Belonidae) : agullas e agulletas	111

Familia: Hemiranfídeos (Hemiramphidae) : medias agullas	112
Familia: Escomberesocídeos (Scomberesocidae) : alcriques (ou alpabardas)	113
Familia: Exocetídeos (Exocoetidae) : peixes voadores	114
Orde: Bericiformes (Beryciformes)	115
Familia: Bericídeos (Berycidae) : castañetas (ou palometas)	115
Familia: Pomacentrídeos (Pomacentridae) : castañetas	115
Familia: Anoplogasterídeos (Anoplogasteridae) : peixes ogro	116
Familia: Diretmídeos (Diretmidae) : enfadados (ou peixes enfadados)	116
Familia: Monocentrídeos (Monocentridae) : peixes ananás	117
Familia: Rondeletídeos (Rondeletiidae) : peixes balea	117
Familia: Barbourisiídeos (Barbourisiidae) : peixe balea vermello	117
Familia: Cetomimídeos (Cetomimidae) : peixes balea, peixe peludo e peixe serpentina	118
Familia: Traquictídeos (Trachichthyidae) : reloxo (ou ollos de vidro)	119
Orde: Holocentriformes (Holocentriformes)	120
Familia: Holocentrídeos (Holocentridae) : peixes esquío e peixes soldado	120
Orde: Bleniformes (Blenniiformes)	121
Familia: Blenídeos (Blenniidae) : lorchos	121
Familia: Tripterixídeos (Tripterygiidae) : lorchos	122
Familia: Clinídeos (Clinidae) : clinos, peixe macaco e argaceiros (ou peixes do argazo)	123
Orde: Calionimiformes (Callionymiformes)	124
Familia: Calionimídeos (Callionymidae) : peixes pau e peixe mandarín	124

Orde: Caranxiformes (Carangiformes)	125
Familia: Centropomídeos (Cidae) : camoríns	125
Familia: Raquicentrídeos (Rachycentridae) : cobia (ou bixupirá)	125
Familia: Corifenídeos (Coryphaenidae) : dourada femia e dourado macho	125
Familia: Menídeos (Menidae) : peixe lúa da India	125
Familia: Nematistiídeos (Nematistiidae) : peixe galo	126
Familia: Xifiídeos (Xiphiidae) : peixe espada	126
Familia: Lactariídeos (Lactariidae) : peixe algodón	126
Familia: Equenídeos (Echeneidae) : rémoras	127
Familia: Polinemídeos (Polynemidae) : barbudos	127
Familia: Esfirenídeos (Sphyraenidae) : barracudas (ou bicudas)	128
Familia: Caranxídeos (Carangidae) : xurelos (ou chicharros), charuteiros, fogueteiro arco iris, papardos, palometa grande, parona, corcovados, aluminios, machopes, esfiañados e peixe piloto	129
Orde: Centrarquiformes (Centrarchiformes)	134
Familia: Centrarquídeos (Centrarchidae) : peixes sol e percas	134
Familia: Kifosídeos (Kyphosidae) : preguizosas	134
Familia: Xirelídeos (Girellidae) : xirelas	135
Familia: Latrídeos (Latridae) : mokis, trompetistas e peixes telescópico	135
Familia: Diquistiídeos (Dichistiidae) : galeóns	136
Familia: Queilodactilídeos (Cheilodactylidae) : peixes bobos	136
Orde: Ciprinodontiformes (Cyprinodontiformes)	137
Familia: Ciprinodontídeos (Cyprinodontidae) : afanios e xordanela	137
Familia: Fundulídeos (Fundulidae) : fúndulos	137
Familia: Poeciliídeos (Poeciliidae) : gambusias e barrigudiños	138
Familia: Notobranquiídeos (Nothobranchiidae) : notos	139

Familia: Valenciídeos (Valenciidae) : samarugos	140
Familia: Rivulídeos (Rivulidae) : pirá de Brasilia	140
Orde: Gasterosteiformes (Gasterosteiformes)	141
Familia: Gasterosteídeos (Gasterosteidae) : espiñentos	141
Familia: Aulorinquídeos (Aulorhynchidae) : peixe fruta	142
Familia: Hipotiquídeos (Hypoptychidae) : peixe fruta do Xapón e bolo coreano	142
Orde: Escombriformes (Scombriformes)	143
Familia: Ariomatídeos (Ariommatidae) : falsos xurelos	143
Familia: Arripídeos (Arripidae) : peixes brosa (ou salmóns australasiáticos)	143
Familia: Bramídeos (Bramidae) : castañetas (ou palometas) e freiras	144
Familia: Centrolófídeos (Centrolophidae) : pampos e peixes leme	145
Familia: Estromatídeos (Stromateidae) : pampos	146
Familia: Escombrídeos (Scombridae) : cabalas (ou xardas), bonitos, albacora, atúns, zurdos, serras e melvas	147
Familia: Escombrolabracídeos (Scombrolabracidae) : escolar de aleta longa	151
Familia: Xempilídeos (Gempylidae) : escolares	151
Familia: Tetragonurídeos (Tetragonuridae) : escolares de natura	151
Familia: Nomeídeos (Nomeidae) : cabezotes, peixes pastor e peixe guerreiro	152
Familia: Pomatomídeos (Pomatomidae) : anchova	154
Familia: Quiasmodontídeos (Chiasmodontidae) : engolidores	154
Familia: Triquiurídeos (Trichiuridae) : sabres (ou peixes sabre)	154

Orde: Gobiesociformes (Gobiesociformes)	155
Familia: Gobiesocídeos (Gobiesocidae) : zugadores (ou peixes ventosa)	155
Orde: Muxiliformes (Mugiliformes)	156
Familia: Muxilídeos (Mugilidae) : muxes	156
Orde: Perciformes (Perciformes)	159
Familia: Ammoditídeos (Ammodytidae) : bolos	159
Familia: Anoplopomatídeos (Anoplopomatidae) : peixes carbón	160
Familia: Anaricadídeos (Anarhichadidae) : peixes lobo	160
Familia: Calantiídeos (Callanthiidae) : perca papagaio	161
Familia: Canictídeos (Channichthyidae) : peixes xeo	161
Familia: Canídeos (Channidae) : cabezas de cobra	162
Familia: Caproídeos (Caproidae) : ichavos	162
Familia: Centracantídeos (Centracanthidae) : trompeteiros	163
Familia: Cesionídeos (Caesionidae) : fusileiros	163
Familia: Corifenídeos (Coryphaenidae) : dourados	163
Familia: Ciclídeos (Cichlidae) : acarás, tucunarés, tilapias, peixes chocadores e carrumba do Malauí	164
Familia: Elexinopsídeos (Eleginopsidae) : lorcho da Patagonia	166
Familia: Cepolídeos (Cepolidae) : suspensorios	167
Familia: Emelictídeos (Emmelichthyidae) : peixes rubí	168
Familia: Epigonídeos (Epigonidae) : olludos	169
Familia: Escarídeos (Scaridae) : papagaios (ou peixes papagaio)	169
Familia: Escienídeos (Sciaenidae) : calafates, roncadeiras, corvinas, corvinatas, corvinóns, rañas, pescadiñas, cangueiras e totoaba	171
Familia: Esparídeos (Sparidae) : dentóns, cachucho, testudos, pragos, sargos, ollomol, brecas, besugos, douradas, bogas, nai da boga, dobradiza, choupa e ferreiras	174

Familia: Nemipterídeos (Nemipteridae) : falsos besugos e sizis	179
Familia: Gobiídeos (Gobiidae) : mógaros	181
Familia: Hemulídeos (Haemulidae) : roncadores	186
Familia: Istioforídeos (Istiophoridae) : veleiros e marlíns	187
Familia: Labrídeos (Labridae) : doncelas, maragotas, budións e serráns	188
Familia: Letrídeos (Lethridae) : ladróns	191
Familia: Lobotídeos (Lobotidae) : furrieis	191
Familia: Lutianídeos (Lutjanidae) : lucianos, carañas, baúnas e guaiúba	192
Familia: Luvarídeos (Luvaridae) : boquiño	193
Familia: Malacantídeos (Malacanthidae) : paletas, riscados, pirá e branquiños	193
Familia: Monodactilídeos (Monodactylidae) : machados (ou peixes machado)	194
Familia: Mulídeos (Mullidae) : salmonetes	195
Familia: Nototeniídeos (Nototheniidae) : marlongas, nototénias e peixe prata do Antártico	196
Familia: Percídeos (Percidae) : percas, percarina, luciopercas, gremillas e peixes fuso	197
Familia: Latídeos (Latidae) : percas	198
Familia: Priacantídeos (Priacanthidae) : furavasos	198
Familia: Pingüipedídeos (Pinguipedidae) : nedopas e namorados	199
Familia: Percofídeos (Percophidae) : patudos	199
Familia: Platicefalídeos (Platycephalidae) : zapateiros	200
Familia: Lateolabracídeos (Lateolabracidae) : robalizas asiáticas	202
Familia: Moronídeos (Moronidae) : robalizas	202
Familia: Polioprionídeos (Polyprionidae) : chernas (ou meros)	203
Familia: Serranídeos (Serranidae) : chernas (ou meros), cabra, robalizas, peixes xabón, tois e canario do mar	203

Familia: Pomacantídeos (Pomacanthidae) :	peixes anxo	207
Familia: Raquicentrídeos (Rachycentridae) :	fogueteiro	209
Familia: Siganídeos (Siganidae) :	macúas	210
Familia: Silaxinídeos (Sillaginidae) :	silagos	213
Familia: Traquinídeos (Trachinidae) :	peixes araña (ou ariegos)	214
Familia: Tricodontídeos (Trichodontidae) :	peixes da area	214
Familia: Uranoscopídeos (Uranoscopidae) :	uranoscopios	215
Familia: Xerreídeos (Gerreidae) :	beiciños	215
Orde: Anabantiformes (Anabantiformes)		216
Familia: Anabantídeos (Anabantidae) :	perca rubideira e koi do Ganxes	216
Familia: Helostomatídeos (Helostomatidae) :	guramis	216
Familia: Osfronemídeos (Osphronemidae) :	guramis	216
Orde: Pleuronectiformes (Pleuronectiformes)		217
Familia: Botídeos (Bothidae) :	rapapelos (ou tapaconas)	217
Familia: Achiropsetídeos (Achiropsettidae) :	rapapelos (ou tapaconas)	218
Familia: Citarídeos (Citharidae) :	rapapelos (ou tapaconas)	218
Familia: Paralictídeos (Paralichthyidae) :	rapapelos (ou tapaconas)	219
Familia: Psetodídeos (Psettodidae) :	palmas	219
Familia: Escoftalmídeos (Scophthalmidae) :	curuxos (ou sollos), rodaballos, rapantes e meigas	219
Familia: Pleuronectídeos (Pleuronectidae) :	mendos, sollas e alabotes	221
Familia: Soleídeos (Soleidae) :	acedías, areeiro, linguados e linguas	223
Familia: Cinoglosídeos (Cinoglossidae) :	linguas de can	224
Orde: Escorpeniformes (Scorpaeniformes)		225
Familia: Cotídeos (Cottidae) :	escarapotes	225

Familia: Psicrolutídeos (Psychrolutidae) : escarapotes	226
Familia: Escorpenídeos (Scorpaenidae) : escarapotes, escarapota, canteiro e peixes león	226
Familia: Setarquídeos (Setarchidae) : requeimas	229
Familia: Sebastídeos (Sebastidae) : cabras	230
Familia: Triglídeos (Triglidae) : crego e escachos	231
Familia: Peristediídeos (Peristediidae) : escachos armados	233
Familia: Zoarcídeos (Zoarcidae) : peixes carneiro	233
Familia: Ciclopterídeos (Cyclopteridae) : peixes lapa	234
Familia: Liparídeos (Liparidae) : peixes lesma	234
Orde: Dactilopteriformes (Dactylopteriformes)	235
Familia: Dactilopterídeos (Dactylopteridae) : escachos voadores	235
Orde: Simbranquiformes (Synbranchiformes)	235
Familia: Simbranquídeos (Synbranchidae) : anguías da lama	235
Orde: Estefanobericiformes (Stephanoberyciformes)	236
Familia: Melamfaídeos (Melamphaidae) : peixes ra	236
Orde: Kurtiformes (Kurtiformes)	237
Familia: Apogonídeos (Apogonidae) : cardeais	237
Orde: Singnatiformes (Syngnathiformes)	240
Familia: Aulostomídeos (Aulostomidae) : trompetas (ou peixes trompeta)	240
Familia: Centriscídeos (Centriscidae) : trompetas (ou peixes trompeta) e peixes camarón	240
Familia: Fistulariídeos (Fistulariidae) : cornetas (ou peixes corneta)	241
Familia: Singnatídeos (Syngnathidae) : dragóns mariños, agullas bravas e cabalos de mar	241

Orde: Tetraodontiformes (Tetraodontiformes)	245
Familia: Balisitídeos (Balisitidae) : porquiños	245
Familia: Monacantídeos (Monacanthidae) : porquiños	246
Familia: Ostraciídeos (Ostraciidae) : peixes cofre, peixes vaca e baiacús	247
Familia: Tetraodontídeos (Tetraodontidae) : peixes bóla e baiacús	248
Familia: Diondontídeos (Diodontidae) : peixes ourizo e baiacús espiño	249
Familia: Molídeos (Molidae) : peixes lúa (ou peixes roda)	250
Orde: Zeiformes (Zeiformes)	251
Familia: Citídeos (Cyttidae) : sanmartiños	251
Familia: Gramicolepidídeos (Grammicolepididae)	251
Subfamilia: Gramicolepidíneos (Grammicolepidinae) : ouropeis	251
Subfamilia: Macrurocitíneos (Macrurocyttinae) : sanmartiño anano	251
Familia: Parazenídeos (Parazenidae) : sanmartiños	251
Familia: Oreosomatídeos (Oreosomatidae) : sanmartiños	252
Familia: Zeniontídeos (Zeniontidae) : sanmartiños	252
Familia: Zeídeos (Zeidae) : sanmartiños	252
Superorde: Clupeomorfos (Clupeomorpha)	253
Orde: Clupeiformes (Clupeiformes)	253
Familia: Clupeídeos (Clupeidae) : zamborcas, sabella, magumba, tranchas (ou espadíns), alachas, sardiñas, sardinelas e arenques	253
Familia: Dusumierídeos (Dussumieriidae) : sardiñas e arenques	258
Familia: Pristigasterídeos (Pristigasteridae) : apapás e sardiñóns	258
Familia: Quirocentrídeos (Chirocentridae) : espadela	258
Familia: Engraulídeos (Engraulidae) : bocareus (ou bocartes)	259

Superorde: Cicloescamados (Cyclosquamata)	260
Orde: Aulopiformes (Aulopiformes)	260
Familia: Alepisaurídeos (Alepisauridae) : lirios ferro	260
Familia: Aulopídeos (Aulopidae) : lagartos do mar	260
Familia: Batisaurídeos (Bathysauridae) : batisauros (ou peixes lagarto)	260
Familia: Cloroftalmídeos (Chlorophthalmidae) : olloverdes	261
Familia: Evermannelídeos (Evermannellidae) : dentes de sabre	261
Familia: Notusudídeos (Notosudidae) : peixes vixía	262
Familia: Sinodontídeos (Synodontidae) : bómbiles e lagartos	263
Familia: Ipnopídeos (Ipnopidae) : peixes trespés	264
Familia: Anopterídeos (Anopteridae) : queixudas	264
Familia: Paralepidídeos (Paralepididae) : barracudinas	265
Superorde: Elopomorfos (Elopomorpha)	266
Orde: Albuliformes (Albuliformes)	266
Familia: Albulídeos (Albulidae) : ubaranas e xisu xaponés	266
Orde: Anguiliformes (Anguilliformes)	266
Familia: Serrivomerídeos (Serrivomeridae) : anguías dentes de serra	266
Familia: Anguídeos (Anguillidae) : anguías	267
Familia: Derictídeos (Derichthyidae) : anguías de pescozo longo	267
Familia: Nemictídeos (Nemichthyidae) : anguías avoceta	267
Familia: Netastomatídeos (Nettastomatidae) : bicos de pato e anguías cobra	269
Familia: Ofictídeos (Ophichthidae) : congriños, anguías culler e anguías cobra	270
Familia: Congrídeos (Congridae) : congros e anguías de xardín	271
Familia: Murenosocídeos (Muraenosocidae) : congros bicudos	272

Familia: Sinafobranquídeos (Synaphobranchidae) : moreóns (ou anguías de fondura)	273
Familia: Murenídeos (Muraenidae) : moreas	273
Orde: Elopiformes (Elopiformes)	275
Familia: Megalopídeos (Megalopidae) : tarpóns	275
Familia: Elopídeos (Elopidae) : fateixas	275
Orde: Sacofarinxiformes (Saccopharyngiformes)	276
Familia: Eurifarinxídeos (Eurypharyngidae) : peixes pelicano	276
Familia: Sacofarinxídeos (Saccopharyngidae) : peixes pelicano	276
Orde: Notacantiformes (Notacanthiformes)	278
Familia: Halosaurídeos (Halosauridae) : halosauros (ou peixes lagarto)	278
Familia: Notacantídeos (Notacanthidae) : anguías espiñosas	279
Superorde: Lampridiomorfos (Lampridiomorpha)	280
Orde: Lampriformes (Lampriformes)	280
Familia: Lamprídeos (Lampridae) : xoaniñas	280
Familia: Lofotídeos (Lophotidae) : peixes remo	280
Familia: Regalecídeos (Regalecidae) : relangueiros	281
Familia: Traquipterídeos (Trachipteridae) : peixes fita e peixes táboa	281
Superorde: Ostariofisos (Ostariophysii)	282
Orde: Caraciformes (Characiformes)	282
Familia: Serrasalmídeos (Serrasalminidae) : pirañas e pacús	282
Familia: Alestídeos (Alestidae) : peixes tigre	283
Familia: Hepsetídeos (Hepsetidae) : lucios africanos	283
Familia: Caracídeos (Characidae) : neons, tetras e lambarís	284

Orde: Cipriniformes (Cypriniformes)	285
Familia: Ciprinídeos (Cyprinidae) : alburnos, foxinos, bremas, vimbas, peleco, pardellas, rubiacos (ou rañosas), aspío, ido, escardinios, escalos, bogas de río, carpas, barbos, morokos, gobios, tenca, ródeos e ciprinos	285
Familia: Balitorídeos (Balitoridae) : barbelas	298
Familia: Cobitídeos (Cobitidae) : barbelas e misgurnos	299
Orde: Gonorinquiniformes (Gonorynchiformes)	300
Familia: Gonorinquídeos (Gonorynchidae) : anguía areeira	300
Familia: Canídeos (Chanidae) : peixe leite	300
Orde: Ximnotiformes (Gymnotiformes)	301
Familia: Ramfictídeos (Rhamphichthyidae) : ituís	301
Familia: Apteronotídeos (Apteronotidae) : ituís	301
Familia: Esternopixídeos (Sternopygidae) : ituís	301
Familia: Ximnotídeos (Gymnotidae) : carapó e poraqué (ou anguía eléctrica)	301
Orde: Siluriformes (Siluriformes)	302
Familia: Ariídeos (Ariidae) : bagres	302
Familia: Pimelodídeos (Pimelodidae) : mandís	303
Familia: Heptapterídeos (Heptapteridae) : mandiciño, bagres e bagriños	304
Familia: Loricariídeos (Loricariidae) : cascudos, acarís e cascudiños	305
Familia: Silurídeos (Siluridae) : siluros	305
Familia: Malapterurídeos (Malapteruridae) : peixes gato eléctricos	306
Familia: Ictalurídeos (Ictaluridae) : peixes gato	306
Familia: Plotosídeos (Plotosidae) : patunas	307

Familia: Pangasiídeos (Pangasiidae) : pangasius (ou peixes panga)	307
Familia: Aspredinídeos (Aspredinidae) : peixes banxo	308
Familia: Calictídeos (Callichthyidae) : coridoras, dianemas e tamboatás	309
Superorde: Osteoglosomorfos (Osteoglossomorpha)	310
Orde: Hiodontiformes (Hiodontiformes)	310
Familia: Hiodontídeos (Hiodontidae) : peixe ollo de lúa e peixe ollodourado	310
Orde: Osteoglosiformes (Osteoglossiformes)	314
Familia: Arapaimídeos (Arapaimidae) : arapaimas	314
Familia: Pantodontídeos (Pantodontidae) : peixe bolboreta africano	314
Familia: Mormirídeos (Mormyridae) : peixes elefante, peixe mariñeiro e mormirídeos	315
Familia: Notopterídeos (Notopteridae) : peixes faca	317
Familia: Ximnarquídeos (Gymnarchidae) : abá	317
Familia: Osteoglosídeos (Osteoglossidae) : aruanás	318
Superorde: Paracantopterídeos (Paracanthopterygii)	319
Orde: Gadiformes (Gadiformes)	319
Familia: Gadídeos (Gadidae) : badexo, escamudos, badexiños, merlán, bacallaus, tomedos, burro, lirios, fanecas e fanecos	319
Familia: Ficídeos (Phycidae) : bertorellas	322
Familia: Ranicipitídeos (Ranicipitidae) : bertorella anana	322
Familia: Morídeos (Moridae) : moras, gadelas e bertorellas	323
Familia: Lotídeos (Lotidae) : lota, bolota e marucas	324
Familia: Gaidropsarídeos (Gaidropsaridae) : barbadas e peixe chumbo	325
Familia: Bregmacerotídeos (Bregmacerotidae) : penacheiros	327

Familia: Batigadídeos (Bathygadidae) : ratos (ou peixes rato)	328
Familia: Macrourídeos (Macrouridae) : ratos (ou peixes rato)	328
Familia: Melanonídeos (Melanonidae) : rabo de seta	332
Familia: Macruronídeos (Macruronidae) : granadeiros	332
Familia: Merlucídeos (Merluccidae) : pescadas (ou peixotas)	333
Orde: Lofiiiformes (Lophiiformes)	334
Familia: Ceratiídeos (Ceratiidae) : farois (ou peixes farol)	334
Familia: Himantolofídeos (Himantolophidae) : farois (ou peixes farol)	334
Familia: Linofrinídeos (Linophrynidae) : peixes sinistros	335
Familia: Ogcocefalídeos (Ogcocephalidae) : peixes morcego e peixes gnomo	336
Familia: Melanocetídeos (Melanocetidae) : demos negros do mar	337
Familia: Neoceratiídeos (Neoceratiidae) : demo mariño espiñento	337
Familia: Chaunacídeos (Chaunacidae) : peixes sapo	338
Familia: Lofiídeos (Lophiidae) : peixes sapo (ou rabadas)	339
Orde: Batracoidiformes (Batrachoidiformes)	340
Familia: Batracoidídeos (Batrachoididae) : charrocos (ou peixes sapo)	340
Orde: Ofidiiformes (Ophidiiformes)	341
Familia: Bititídeos (Bythitidae) : brótulas e brótulas cegas	341
Familia: Parabrotulídeos (Parabrotulidae) : brótulas falsas	342
Familia: Ofidiídeos (Ophidiidae) : brótulas e lorchas	343
Familia: Carapídeos (Carapidae) : cobrelos	345
Orde: Percopsiformes (Percopsiformes)	346
Familia: Afredoderídeos (Aphredoderidae) : perca pirata	346

Familia: Ambliopsídeos (Amblyopsidae) : peixes cegos (ou peixes das grutas)	346
Familia: Percopsídeos (Percopsidae) : troitas perca	346
Superorde: Polimixiomorfos (Polymixiomorpha)	347
Orde: Polimixiiformes (Polymixiiformes)	347
Familia: Polimixiídeos (Polymixiidae) : barbudas	347
Superorde: Protacantopteríceos (Protacanthopterygii)	348
Orde: Esociformes (Esociformes)	348
Familia: Esocídeos (Esocidae) : lucios	348
Familia: Umbrídeos (Umbridae) : umbras	348
Orde: Osmeriformes (Osmeriformes)	349
Familia: Osmerídeos (Osmeridae) : eperlanos, eulacón e capelán	349
Orde: Alepocefaliformes (Alepocephaliformes)	350
Familia: Alepocefalídeos (Alepocephalidae) : celindras	350
Familia: Platitroctídeos (Platytroctidae) : celindras	353
Orde: Arxentiniformes (Argentiniformes)	354
Familia: Arxentinídeos (Argentinidae) : arxentinas	354
Familia: Batilaxídeos (Bathylagidae) : arxentinas de fondura	355
Familia: Microstomatídeos (Microstomatidae) : arxentinas	355
Familia: Opistoproctídeos (Opisthoproctidae) : peixes fantasma e peixes sola	356
Orde: Salmoniformes (Salmoniformes)	357
Familia: Salmonídeos (Salmonidae) : salmóns, troitas, reo, taimens, beloribitsa, nelma, coréganos e timalos (ou peixes sombra)	357

Superorde: Escopelomorfos (Scopelomorpha)	362
Orde: Mictofiformes (Myctophiformes)	362
Familia: Mictofídeos (Myctophidae) : peixes lanterna	362
Familia: Neoscopelídeos (Neoscopelidae) : peixes lanterna	367
Superorde: Estenopteríxeos (Stenopterygii)	368
Orde: Atelepodiformes (Atelepodiformes)	368
Familia: Atelepodídeos (Atelepodidae) : xeleas	368
Orde: Estomiiformes (Stomiiformes)	369
Familia: Gonostomatídeos (Gonostomatidae) : boqueiróns	369
Familia: Esternoptiquídeos (Sternoptychidae) : pais vellos (ou peixes machadiña) e peixes luz	370
Familia: Estomiídeos (Stomiidae) : dentuzas (ou dentes de angazo)	372
Familia: Fosictídeos (Phosichthyidae) : peixes luminosos	376
Clase: Sarcopteríxeos (Sarcopterygii)	377
Subclase: Celacantimorfos (Coelacanthimorpha)	377
Orde: Celacantiformes (Coelacanthiformes)	377
Familia: Latimeriídeos (Latimeriidae) : celacantos	377
Subclase: Dipnoicos (ou peixes pulmonados) (Dipnoi)	378
Orde: Ceratodontiformes (Ceratodontiformes)	378
Familia: Neoceratodontídeos (Neoceratodontidae) : barramunda	378
Familia: Lepidosirenídeos (Lepidosirenidae) : piramboia	378
Familia: Protopterídeos (Proopteridae) : dipnoicos africanos	379
Referencias bibliográficas	380

Notas introdutorias

Tratamento terminolóxico

De modo resumido, para a elaboración deste recurso léxico traballouse nas seguintes liñas e cos seguintes criterios:

En primeiro lugar, aprofundouse no **acervo lingüístico galego**. A respecto dos nomes dos peixes, a lingua galega é riquísima e dispomos dunha chea de nomes, tanto específicos (que designan un único animal) como xenéricos (que designan varios animais parecidos). Así, nomes vernáculos galegos como **bolo** –pronunciado con o aberto–, para as especies dos xéneros *Gymnammodytes*, *Ammodytes* e *Hyperoplus*; **tremo** e **tremedeira**, entre outros, para as especies do xénero *Torpedo*; **uxa**, **ouxa** ou **pombo**, entre outros, para as do xénero *Dasyatis*; **robaliza** e **roballo** para as especies do xénero *Dicentrarchus*, coa distinción ás veces entre **roballo** (os peixes grandes) e **robaliza** (os de tamaño normal); **bocareu** e **bocarte** para *Engraulis encrasicolus*; **xarda** e **cabala**, entre outros, para *Scomber scombrus*, coa distinción de **rincha** para os peixes pequenos; **sardiña** para *Sardina pilchardus*, coa distinción de **xouba** e tamén **parrocha** para os peixes pequenos; **corvina** para *Argyrosomus regius*; **badexo** para *Pollachius pollachius*, coa distinción de **corvelo** ou **curvelo** para os peixes pequenos; **peixe sapo** e **rabada**, entre outros, para as especies do xénero *Lophius*; **piarda** e **pión**, entre outros, para as do xénero *Atherina*; **choupa**, **pancha** e **ruda**, entre outros, para *Spondyllosoma cantharus*; **alcrique**, **alpbarda** e **paparda**, entre outros, para *Scomberexox saurus*; **papardo** para *Trachinotus ovatus* (= *Lichia glauca*), **xurelo** e **chicharro** para as especies do xénero *Trachurus*, **esturión** e **sollo rei** para *Acipenser sturio*, **doncela**, **xulia** e **señorita** para *Coris julis*, **ollomol** para *Pagellus bogaraveo* (= *Pagellus centrodontus*) e **besugo** para *Pagellus acarne*, **peixe araña** e **ariego** para as especies do xénero *Trachinus*, **muxe** para as especies dos xéneros *Mugil* e *Chelon*, **dentón** para as especies do xénero *Dentex*, **cachucho** especificamente para *Dentex macrophthalmus*; **prago** e **testudo**, entre outros, para as especies do xénero *Pagrus*; **gata** ou **gata do mar** para *Etmopterus spinax*, **morea** para *Muraena helena*, **congro** para *Conger conger*, **gaián** para *Labrus mixtus*, **faneca** para *Trisopterus luscus*, **faneco** para *Trisopterus minutus*, **marraxo** para *Lamna nasus*, **quenlla** ou **quella** para *Prionace glauca*, **anxo** ou **peixe anxo** para *Squatina squatina*, **espada** ou **peixe espada** para *Xiphias gladius*, **cravudo** para o escualiforme *Echinorhinus brucus*, **manta** para *Mobula mobular*, e mesmo algúns tan específicos e pouco coñecidos como **raia adramán** para *Dipturus batis*, **raia santiaguesa** ou **raia estreleira** para *Raja naevus*, **raia bicuda** para *Dipturus oxyrinchus*, **escarpón bravo** para *Taurulus bubalis*, **xurelo francés** ou **chicharro francés** para *Trachurus picturatus*; **xurelo sardiñeiro** ou **xurelo moscón**, entre outros, para *Trachurus trachurus*; **barbada congreira**, entre outros, para *Ciliata mustela*, **barbada negra** para *Gaidropsarus mediterraneus* etc., etc.

Procurouse de igual modo no galego de Asturias, con bastante paralelismo canto ás anteditas denominacións. Así, por exemplo, exactamente o mesmo uso de **pescada** para *Merluccius merluccius*,





agulla para *Belone belone*, **patarroxa** para *Scyliorhinus stellaris*, **chicharro** para *Trachurus trachurus*, **ariego** para as especies do xénero *Trachinus*, **sargo** para as especies do xénero *Diplodus*, **pombo** para as especies do xénero *Dasyatis*, etc. Por outro lado, algúns nomes, só recollidos na área asturiana, teñen bastante parecido ou paralelismo cos nomes de Galiza, como **estrinx** para as especies do xénero *Torpedo*, **peixe cravo** para o escualiforme *Echinorhinus brucus*, **rinchón apintarado** para *Scomber colias*, **santiaga** para *Raja naevus* etc.; e tamén hai algún nome, como **guía** para *Naucrates ductor* ou **farol** para *Epigonus telescopus*, que –cando menos, coa información dispoñíbel a día de hoxe– non se recollen nas vilas mariñeiras de Galiza.

Cómpre así mesmo mencionar que algunhas denominacións galegas xa foron rexistradas e anotadas no século XVIII polos ilustrados **Sarmiento**, **Sobreira** e **Cornide**, tales como **barbada**, **buraz**, **mariola**, **acedía**, **anchova**, **sardiña**, **raia**, **raión**, **cazón**, **dentón**, **sargo**, **robaliza**, **serrán**, **lorcha**, **lamprea**, **corvina**, **mero**, **cherla (chern)**, **lirpia**, **peixe agulla**, **sarda** e **xarda**, **solla**, **sollo** etc.

O léxico galego do ámbito ictiolóxico queda tamén reflectido no **refraneiro popular** : *Se ves mascatos voar, busca a sardiña no mar. Raia pescada en xaneiro sabe a carneiro. Ollomol de xaneiro vale un carneiro. A castaña e o besugo, en xaneiro están en zugo. Solla de abril, abre a man e déixaa ir. Quen non se molla non come a solla. A lamprea ten a boca fea. Tal para cal, maragota e media. Hóspede e pescada, aos tres días enfadan. Quen vai ás barbadas ás veces nas penas esvara. Se a ventura é moita, ata as augas se trocan en troitas* etc. Ou nalgúns expresións :

- .- *que lle dean bertorella!* (a alguén);
- .- *ser (algo) a pescada que morde o rabo;*
- .- *ser (algo) tan duro coma un cazón;*
- .- *escoarse (algo ou alguén) coma unha anguía;*
- .- *estar (alguén) a pescar pombos* ou *ir (alguén) pescar pombos* (estar mirando cara a baixo, porque toqueneaa co sono) etc.

Así mesmo na locución *andar a* (un peixe), que se emprega para indicar que se está a pescar esa especie de peixe: *andar ás barbadas, andar ás bicigas, andar ao chicharro, andar ao bonito, andar ao marraxo, andar ao espada, andar aos mógaros* etc. son locucións vivas na fala mariñeira galega.

Procurouse tamén na **bibliografía terminolóxica galega** e na **bibliografía especializada en zooloxía en lingua galega**, onde xa se teñen empregado ou feito propostas como **tiburón martelo** para as especies do xénero *Sphyrna*, **peixe lobo azul** para *Anarhichas denticulatus*, **peixe lobo riscado** para *Anarhichas lupus*, **tiburón ama** para *Ginglymostoma cirratum*, **uxa espiñosa** para *Bathytoshia centroura*, **uxa común** para *Dasyatis pastinaca*, **uxa margarida** para *Dasyatis margarita*, **uxa bolboreta** para *Gymnura altavella*, **raia de Malta** para *Leucoraja melitensis*, **bacallau do Ártico** para *Arctogadus glacialis*, **pescada do Panamá** para *Merluccius angustimanus*, **xurelo do Mediterráneo** para *Trachurus*





mediterraneus, **xurelo do Xapón** para *Trachurus japonicus*, **dentón de Angola** para *Dentex angolensis*, **dentón das Canarias** para *Dentex canariensis*, **peixe lúa oblongo** para *Ranzania laevis*, **escacho armado** para *Peristedion cataphractum*, **peixe pónei** para *Equulites klunzingeri* (= *Leiognathus klunzingeri*), **corvinata** e **corvinón** para algunhas especies da familia **Sciaenidae** etc., en paralelo coas denominacións que teñen estes peixes noutras linguas. No caso da proposta "**raia estrelada do Antártico**" para *Amblyraja georgiana*, presentámola na Chave como **raia estreleira do Antártico**, pois **raia estreleira** é a denominación vernácula galega para as raías que teñen este deseño (tipicamente, *Raja naevus*).

Para algúns peixes para os que non existe nome en galego –sobre todo, para especies que non están presentes nas augas galegas–, recorreuse á **lusofonía**, seguíndomos o mesmo criterio que recollen as **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (RAG e ILG)** do ano 2004.

Deste xeito incorporáronse algúns nomes de peixes como **mixina** para as especies do xénero *Myxine*, **arregañada** para o xénero *Scymnodon* (un xénero de tiburóns, e un nome con pleno sentido en galego: arregañado, arregañada: que arregaña os dentes, que mostra os dentes), **tiburón sedoso** ou **tiburón lucidío** para *Carcharhinus falciformis*, **tiburón correcoستا** para *Carcharhinus plumbeus*; **tiburón ama**, usado en Cabo Verde e Portugal para *Ginglymostoma cirratum*; **raia cimbreira** –parecida ao cimbro, pola aspereza das follas– para *Raja microocellata*, **raia pregada** para *Leucoraja fullonica*, **raia repregada** para *Amblyraja radiata*, **raia do Ártico** para *Amblyraja hyperborea*, **mamona** para *Pseudotriakis microdon*, **badexiño** para *Gadiculus argenteus*, **roncadeira** para algunhas especies da familia **Sciaenidae**, **castañeta raiada** ou **castañeta das rochas** para *Abudefduf saxatilis*, **castañeta baia** para *Chromis chromis*, **castañeta ferreira** para *Similiparma lurida*, **enfadados** (ou **peixes enfadados**) para as especies da familia **Diretmidae**, **penacheiro** para as especies do xénero *Bregmaceros*, **brótula coxa** para *Bellottia apoda*, **brótula de Allen** para *Cataetx alleni*, **farol de Maul** para *Himantolophus maui*, **farol do Atlántico** para *Himantolophus groenlandicus*, **escolar serpente** para *Gempylus serpens*, **peixe guerreiro** para *Nomeus grovonii*, **peixes pastor** para as especies do xénero *Psenes*, **peixes táboa** para algunhas especies da familia **Trachipteridae**, **congríño da area** para *Apterichtus caecus*, **xoaniña** para *Lampris guttatus*, **lingua de gato** para *Buglossidium luteum*, **lingua de vaca** para *Dagetichthys lusitanicus* etc., algúns deles xa propostos na bibliografía terminolóxica galega, mesmo recollidos nalgúns dicionarios galegos ou xa usados en medios divulgativos en lingua galega.

A adopción de nomes procedentes da lusofonía non se limita aos continentes europeo e americano; tamén se acollen nomes para peixes africanos, como por exemplo **nedopa pintada** para *Parapercis hexophthalma*, **nedopa nebulosa** para *Parapercis robinsoni*, **patuna raiada** para *Plotosus lineatus*, **patuna picadora** para *Plotosus nkunga*, **ladrón** para as especies da familia **Lethrinidae** etc., usados en Mozambique; ou **barbudo** para as especies da familia **Polynemidae**, usado en Cabo Verde e Angola etc.

Da lusofonía tamén adoptamos o nome **alabote** para algúns peixes da familia **Pleuronectidae** que non se atopan nas nosas augas, nomeadamente dos xéneros *Atheresthes* e *Hippoglossus*. O nome deriva do





inglés *halibut*, datado xa entre 1350 e 1400 como *halybutte* (*haly* = *holy*, sagrado, santo, e *butte* = peixe plano). O mesmo nome está presente tamén no neerlandés como *heilbot*, no alemán como *Heilbutt* e no español adoptado do inglés igualmente como *halibut*. Deste xeito, temos os nomes **alabote do Atlántico** (*Hippoglossus hippoglossus*), **alabote do Pacífico** (*Hippoglossus stenolepis*) etc.

Un outro recurso foi considerar os **nomes científicos, en latín**. Por exemplo, denominacións galegas como **foxino** para as especies do xénero *Phoxinus*, **silago** para as especies do xénero *Sillago*, **rapapelos de cinco ollos** para *Pseudorhombus quinquocellatus*, **acedía hispida** para *Monochirus hispidus*, **solla áspera** para *Limanda aspera*, ou **faneca do Thor** para *Gadiculus thori* (*thori* referido ao Thor, o barco que recolleu esta especie en diversas expedicións polo Atlántico Norte) etc., paralelamente á consideración do latín que tamén se ten feito noutras linguas para estas especies.

Un caso particular é a incorporación do xénero latino *Pangasius* directamente como **pangasius** para nomear os peixes da familia **Pangasiidae**. A partir do xénero latino sería de esperar se cadra a forma **pangasio**, mais tanto en castelán como en portugués tomouse e popularizouse a forma latina **pangasius** como denominación para estes peixes: *el pangasius se cultiva...*, *los pangasius son peces omnívoros...*, *o pangasius vietnamita é exportado...*, *os pangasius comezan a comer alevíns...* Do mesmo xeito, adoptamos a forma **pangasius** para o galego. Os **pangasius** tamén reciben o nome de **peixes panga**, e, máis especificamente, o **pangasius vietnamita** (*Pangasianodon hypophthalmus*) (= *Pangasius hypophthalmus*) é popularmente coñecido como **panga**.

Para alén diso, para algúns peixes doutras partes do mundo recorreuse a **nomes vernáculos locais**, e incorporouse o nome **barramunda** para o peixe pulmonado *Neoceratodus forsteri*, procedente de linguas aborixes australianas; o nome **bichir** para os peixes africanos do xénero *Polypterus*, que procede do árabe dialectal (do árabe pasou ao francés e de aí a moitas outras linguas como denominación para estes peixes); o nome **cirurxián sohal** para *Acanthurus sohal*, do nome árabe **sohal** dado no Mar Vermello a este peixe; **mógaro syrman** para *Ponticola syrman*, derivado do nome **surman** dado polos pescadores de Odesa, na Ucraína, a estes peixes (máis para *Ponticola cephalargoides*, pero foi usado no século XIX polo biólogo Alexander von Nordmann para o nome científico da outra especie); **bómbil** para *Harpadon nehereus*, do popular nome deste peixe en hindi, **bombil**; **gurami**, de orixe malaia, para os peixes asiáticos das familias **Helostomatidae** e **Osphronemidae**; ou **totoaba**, procedente do español mexicano para *Totoaba macdonaldi* etc., en paralelo coa mesma adopción que teñen feito moitas linguas, que posúen estes nomes para estas especies.

De modo particular, para varios grupos de peixes suramericanos, adoptáronse nomes procedentes do brasileiro (ás veces do tupí, que despois adoptou o brasileiro e despois a lusofonía). É o caso, por exemplo, do nome **piramboia** para o peixe pulmonado *Lepidosiren paradoxa*, de **ubarana** para diversas especies da familia **Albulidae**, do internacionalmente coñecido **piraña** para diversas especies da familia **Serrasalmídeos**, de **ituí** para os peixes da familia **Ramfictídeos** etc.





Para a resolución da confusa asignación do nome **saboga** para *Sarpa salpa*, tomouse e adaptouse do bable o nome **nai na boga**. A forma “**nai de...**” é usada en galego para designar algúns peixes que teñen parecido con outros. Así, por exemplo, son vernáculos os nomes **nai do congro** para *Ciliata mustela* ou **nai da sardiña** para *Alosa alosa*. A especie *Sarpa salpa* ten parecido con outro peixe da súa mesma familia (**Sparidae**), a **boga**, *Boops boops*, a boga lexítima; de feito, mesmo *Sarpa salpa* recibe tamén o nome de **boga**, e de aí, para diferenciala de *Boops boops*, asignóuselle outro nome parecido, **saboga**. A confusión do uso de **saboga** para *Sarpa salpa* (da familia **Sparidae**) é por causa de ser **saboga** nome característico dos peixes do xénero *Alosa*, como *Alosa alosa* ou *Alosa fallax* (da familia **Clupeidae**). O nome **nai da boga** para *Sarpa salpa* fai igualmente referencia á relación de semellanza coa **boga**, *Boops boops*, evitando confusións con nomes de peixes doutras familias. Ademais, *Sarpa salpa*, a **nai da boga**, é de tamaño algo máis grande e próxima filoxeneticamente –da mesma familia– que *Boops boops*, a **boga**.

Finalmente, para especies relativamente coñecidas –cando menos nos ámbitos divulgativos–, aplicáronse as mesmas **denominacións que, coincidentes, se usan en diversos idiomas**. Por exemplo, **espartanos** ou **peixes xabaril** –por lembrar o seu aspecto o casco espartano ou a face dun xabaril– para as especies da familia **Pentacerotidae** (**espartanos** e **peixes-javali** na lusofonía; *espartanos* e *peces jabalí* en castelán; *armorheads* e *boarfishes* en inglés etc.), **raia de Eaton** para *Bathyraja eatonii*, **raia das Kerguelen** para *Bathyraja irrasa*, **tiburón cebra** para *Stegostoma fasciatum*, **tiburón bambú** para os membros da familia **Hemiscylliidae**, **tiburón tigre** para *Galeocerdo cuvier*, **lixa de mosaico** para *Centrophorus tessellatus*, **esterlete** para *Acipenser ruthenus*, **anguías de xardín** para as especies do xénero *Heteroconger*, **peixes tigre** para as especies do xénero *Hydrocynus*, **esturión fociño de pa** para *Scaphirhynchus platyrhynchus*, **capelán** para *Mallotus villosus*, **solla inglesa** para *Naucrates ductor*, **xisu xaponés** para *Pterothrissus gissu*, **peixe piloto** para *Naucrates ductor*, **percarina** para *Percarina demidoffi*, **peixe mandarín** para *Synchiropus splendidus* –popular no mundo da acuariofilia–, **peixe anxo** **raíña** para *Parophrys vetulus*, **peixe anxo limón** para *Centropyge flavissima*, **barracuda** ou **bicuda** para as especies da familia **Sphyraenidae**, **peixe xeo** para as especies da familia **Channichthyidae** etc., que noutros idiomas teñen estes mesmos nomes ou modificadores, moitos deles xa así utilizados en galego.

Algún nome tomouse de varias linguas a un tempo, como **tiburón tapete esfiañado** para *Eucrossorhinus dasypogon*: **tapete**, utilizado na lusofonía e noutras linguas para formar o nome xenérico –**tiburón tapete**– de diversas especies das familias **Hemiscylliidae** e **Orectolobidae**; e **esfiañado**, do alemán especificamente para *Eucrossorhinus dasypogon*, que recibe o nome tan ben acaído de *Fransentepichhai*. Nesta mesma liña, incorporáronse nomes como **cabezote**, por exemplo, para os peixes do xénero *Cubiceps*, en relación co seu nome latino (*cubus* = cubo e *ceps* = cabeza) e co nome que teñen noutras linguas. Así, en inglés, algunhas denominacións destes peixes fan igualmente referencia á cabeza grande: *fathead* e *cubehead*. Nomes específicos para o galego: **cabezote**, *Cubiceps gracilis* –a especie das nosas augas–; **cabezote negro**, *Cubiceps baxteri*; **cabezote anano**, *Cubiceps nanus*; **cabezote escamudo**, *Cubiceps macrolepis* etc.

Castelanismos

Rexeitouse o nome ***chucho**, caracteristicamente castelán para os peixes das familias **Myliobatidae** e **Aetobatidae**, para os que se prefire mellor **uxa morcego**, formado cos vernáculos galegos destes peixes (chamados co nome xenérico **uxas** e chamados tamén **morcegos**, por causa do seu aspecto e da súa maneira de nadar, que lembran os morcegos). Deste xeito, **uxa morcego común** para *Myliobatis aquila*, **uxa morcego pintada** para *Aetobatus narinari* etc. Noutras linguas, estas especies tamén son nomeadas con este tipo de combinacións. En castelán, ademais de *chucho*, reciben o nome de *raya águila* (*raya águila común* para *Myliobatis aquila*, *raya águila leopardo* para *Aetobatus narinari* etc.); en inglés, por exemplo, de forma semellante, combinacións con *ray*: *eagle ray* e –para algunhas especies– *bull ray*.

Rexeitouse así mesmo :

.- o nome ***merluza** (do castelán *merluza*) usado ás veces para a especie *Merluccius merluccius*, chamada propiamente en galego **pescada** ou **peixota**;

.- tamén o nome ***platixa** (do castelán *platija*) asignado nalgunha ocasión á especie *Platichthys flesus*, chamada propiamente en galego **solla**;

.- o nome ***soldado** (do castelán *soldado*) asignado nalgunha ocasión a *Monochirus hispidus*, que non ten nome específico en galego, mais para a que preferimos o nome **acedía hispida**, en consonancia co nome das outras especies da familia (**acedías**), co nome científico (*hispidus*) e co particular aspecto deste peixe;

.- ***palometón**, asignado recentemente a *Lichia amia* (do nome castelán da especie, *palometón*), para a que se preferiu mellor **palometa grande**, máis acorde coa tradición galega e portuguesa dos nomes dos peixes e desta especie en particular;

.- o nome ***bacoreta** (do castelán *bacoreta*) adoptado nalgunha ocasión en galego para *Euthynnus alletteratus* (familia **Scombridae**). Sería unha especie bastante rara na costa galega (nalgún traballo considéranse dúbidosos os rexistros da súa presenza até o día de hoxe). O castelán tomou a denominación para este peixe do catalán, *bacoreta*. En catalán, o nome *bacoreta* forma un sistema comparativo de nomenclatura con outro nome catalán, *bacora*, para *Thunnus alalunga*: o sufixo *-eta* de *bacoreta* indica que é máis pequena e menos pesada que a *bacora*. En galego, para *Euthynnus alletteratus*, antes que a adopción do nome castelán (sen o referente *bacora* para *Thunnus alalunga*, co que forma un sistema comparativo), dámoslle preferencia ao uso dun dos nomes galegos, **melva** (que transcribe a profesora Ríos Panisse como *mèlva*, con e aberto), nome compartido con outras especies semellantes da familia **Scombridae**, e mesmo recollido en Panxón como **melva branca** –con identificación dúbida, aínda que moi acaído– especificamente para *Euthynnus alletteratus*.





.- ***vermelliña** (do castelán *bermejuela*) usado ás veces para *Achondrostoma arcasii*, =*Rutilus arcasii* (familia **Cyprinidae**), que ten as denominacións vernáculas **rubio** e **rañosa**. Apuntamos estes dous nomes galegos para *Achondrostoma arcasii*, e dámoslle preferencia á forma lusa **rubiaco** para as catro especies do xénero *Achondrostoma*, semellante a **rubio** pero máis exclusivo dos *Achondrostoma*, pois **rubio** é un nome moito máis usado en galego para outras especies de peixes (da familia **Triglidae**);

e

.- ***emperador** (do castelán *emperador*) para *Luvarus imperialis*, peixe para o que non existe nome coñecido en galego, seguramente por ser bastante raro na nosa costa. Neste caso, antes que a adopción do nome castelán, dámoslle preferencia á incorporación do nome portugués, **boquiño**, que fai referencia á particular forma da boca deste peixe.

Finalmente, para as especies do xénero *Rhinobatos* (e outras da orde **Rinobatiformes**) escolleuse o nome vernáculo **raión** como preferente antes que **guitarra** –que é o nome que teñen en castelán–. A segunda denominación, **guitarra**, tamén é empregada para estes peixes no ámbito lusófono e noutros idiomas (*guitarfish*, en inglés). A primeira denominación, **raión**, así mesmo usada en galego para algunha especie de **raia**, foi moi ben descrita por Cornide no século XVIII para o xénero *Rhinobatos*.

O mesmo peixe con máis dun nome

No que atinxe aos nomes galegos dos peixes, a lingua galega é extraordinariamente rica, como cómpre esperar nunha terra abundosa en cursos de auga doce en toda a súa xeografía, e mais cunha costa extensa e chea de biodiversidade. **Non é raro que ás veces atopemos máis dun nome vernáculo para unha especie ou para un grupo de especies.** Por exemplo :

.- para un peixe : **patarroxa, roxa, casacú, rañote** ou **rilón**, para *Scylliorhinus stellaris*,

.- ou para un grupo de peixes : **tremo, trémaro, trémoa, trémallo, tremedeira, raia tremedeira, ortiga, urtiga, estruga, raia ortiga, raia estruga, raia tinga, formigón, torpedo...**, para as especies do xénero *Torpedo*.

Na listaxe do corpo do documento, porén, hai sempre un **primeiro nome** que se presenta como **destacado**. Nos exemplos dados, os nomes presentados como primeiros ou destacados serían **patarroxa** para *Scylliorhinus stellaris* e **tremo** para as especies do xénero *Torpedo*. Os outros nomes que levan debaixo aparecen marcados coa abreviatura **sin.**, que indica que son **sinónimos** do primeiro, que sería o principal, de acordo cos criterios da Chave.

Todos os nomes achegados neste documento son válidos para a lingua galega, son correctos, **pódese usar calquera deles**. Dependerá do contexto e do criterio de cada persoa usar un ou outro, ou facer referencia a máis dun deles. Non obstante, cando a **comunicación exige usar dunha maneira precisa un único nome para unha especie de peixe**, a recomendación da Chave é o uso preferente do **nome que aparece apuntado como primeiro ou destacado**.

Rapante

O nome **rapante** é usado en galego para designar acá e acolá diversos peixes das familias **Bothidae** e **Scophthalmidae**, da orde **Pleuronectiformes**. Non obstante, a maioría destes usos son puntuais, e con moita diferenza, as especies que popularmente reciben o nome de **rapante** son as do xénero *Lepidorhombus* (da familia **Scophthalmidae**).

Neste recurso léxico da Chave, por tanto, apúntase **rapante** como nome sinónimo doutro ou doutros principais para algunhas especies, e como nome destacado para as do xénero *Lepidorhombus*. Concretamente, para as dúas especies do país, **rapante** para *Lepidorhombus whiffiagonis* e **rapante de catro manchas** para *Lepidorhombus boscii*.

Escarapote e escarapota

Tres especies diferentes de peixes : *Scorpaena porcus*, *Scorpaena scrofa* e *Scorpaena notata* (= *Scorpaena ustulata*) poden recibir o nome **escrapote** ou **escrapota** nas vilas mariñeiras galegas. Non obstante, *Scorpaena porcus* é máis coñecido polo nome **escrapote** que polo nome **escrapota** (comparativamente, en moitísimas máis vilas o primeiro nome), e así mesmo *Scorpaena scrofa*, moito máis coñecido por **escrapote** que por **escrapota** (igualmente, en comparación, en moitas máis vilas o primeiro nome). *Scorpaena notata*, porén, aínda que en xeral é un peixe menos coñecido que as especies anteriores, é bastante máis nomeado como **escrapota** que como **escrapote** (de acordo co traballo da profesora Ríos Panisse).

Neste recurso léxico da Chave, por tanto, apúntase **escrapota** como nome principal ou destacado de *Scorpaena notata* e **escrapote** como nome principal das outras dúas especies: *Scorpaena porcus* e *Scorpaena scrofa*. Máis especificamente para estes dous últimos, en relación co nome que tamén reciben estes peixes noutras linguas, **escrapote apintarado** para *Scorpaena porcus*, por causa das pintas que ten; e **escrapote vermello** para *Scorpaena scrofa*, pola súa cor.

Ollomol e besugo

Por veces tense dito que en galego non é correcta a palabra **besugo**, que a palabra propiamente galega é **ollomol**, e recoméndase substituír **besugo** sempre por **ollomol**. A realidade é que as dúas palabras son parte do patrimonio léxico galego, están presentes no galego –e tamén no portugués– desde hai séculos, e designan especies diferentes do xénero *Pagellus*.

Existe confusión porque en galego **ollomol** pode usarse de maneira xenérica para nomear as tres especies do xénero *Pagellus* do país (*Pagellus bogaraveo*, *Pagellus acarne* e *Pagellus erythrinus*, a última coñecida especificamente como **breca**) e **besugo** pode usarse tanto para *Pagellus acarne* como para *Pagellus bogaraveo*.

Alén diso, en castelán reciben o nome de *besugo* dúas desas especies, e isto talvez pode crear falsas semellanzas: *Pagellus bogaraveo* chámase en castelán *besugo*, e *Pagellus acarne* chámase en castelán *besugo blanco* ou *aligote*.

Non obstante, **ollomol** característica ou preferentemente é usado en galego para *Pagellus bogaraveo* (= *Pagellus centrodontus*), que ademais é a especie que ten os ollos máis grandes, e **besugo** característica ou preferentemente é usado en galego para *Pagellus acarne*. Neste sentido coincidimos plenamente coa opinión que manifesta o profesor Daviña Facal no *Diccionario das ciencias, da natureza e da saúde* (2000) e así mesmo cos datos que achega o excelente traballo da profesora Ríos Panisse (1977):

.- para *Pagellus bogaraveo* (= *Pagellus centrodontus*), recolle o nome **ollomol** na maioría dos portos e só **besugo** nalgúns puntos;

.- para *Pagellus acarne*, en troques, recolle **ollomol** só en Bares e o nome **besugo** en practicamente todas as localidades galegas.

Exactamente esta mesma distinción histórica no galego entre **ollomol** para *Pagellus bogaraveo* e **besugo** para *Pagellus acarne* é apuntada tamén por Rafael Bañón e Toño Maño no traballo "Historia del conocimiento ictiológico del mar de Galicia", do ano 2021.

Para alén diso, na lusofonía, de maneira paralela ao galego, existe tamén un uso marcado de **olho-mole** para *Pagellus bogaraveo* (= *Pagellus centrodontus*) e de **besugo** para *Pagellus acarne*.

Por todo o devandito, na Chave consideramos tanto o nome **ollomol** como o nome **besugo** patrimonialmente galegos, e presentámoslos da maneira que acabamos de comentar, pois así é como están documentados e son maiormente usados no galego mariñeiro: **ollomol** para *Pagellus bogaraveo* (= *Pagellus centrodontus*) e **besugo** para *Pagellus acarne*.

Tiburón e quenlla

Por veces tense dito que en galego ou ben que non é correcta a palabra **tiburón**, que a palabra propiamente galega é **quenlla** (e recomendábase que “habería que substituír **tiburón** sempre por **quenlla**”), ou ben que **quenlla** e **tiburón** son dúas palabras galegas sinónimas, que teñen o mesmo significado.

Queremos facer dúas anotacións a este respecto :

En primeiro lugar, **tiburón** e **quenlla** son dúas palabras galegas e correctas. Con respecto a **tiburón**, na literatura usouse tamén a variante **tabeirón**, mais a palabra viva e usada no galego é **tiburón**. Con respecto á patrimonial **quenlla**, esta palabra ten en galego ademais as variantes **quella** e **caella** (esta última no galego de Asturias).

En segundo lugar, de acordo totalmente co profesor Daviña Facal, **tiburóns** e **quenllas** non son propiamente sinónimos, non son exactamente o mesmo. A palabra máis xenérica –usada en xeral para o grupo faunístico– é **tiburón**, entanto que **quenlla** é moito máis específica, pois é o nome dunha especie concreta deste grupo, *Prionace glauca*, que en castelán se chama *tintorera*. Informalmente, podemos dicir que a **quenlla** é un tipo de **tiburón**, pero dicir en galego que “a todos os **tiburóns** hai que chamarlles **quenlla**” non acaba de ter xeito (sería equivalente a dicir en castelán que “*a todos los tiburones hay que llamarles tintorera*”).

Por tanto, neste recurso léxico imos facer referencia, con propiedade, a moitas especies de **tiburóns** : **tiburón branco** (*Carcharodon carcharias*), **tiburón touro** (*Carcharias taurus*), **tiburón anguía** (*Chlamydoselachus giganteus*), **tiburón martelo** (*Sphyrna zygaena*), **tiburón da area** (*Odontaspis ferox*), **tiburón pigmeo** (*Eutromicrus bispinatus*) etc. Por outro lado, usamos **quenlla** para nos referir só e exclusivamente a *Prionace glauca*.

Por causa do equivocado uso de **quenlla** que apuntabamos ao comezo desta nota, nalgunha ocasión asígnouse en galego o nome **quenlla** para especies de tiburóns diferentes de *Prionace glauca*, como *Mitsukurina owstoni*, por exemplo, co nome de **quenlla fociñuda**. Como acabamos de comentar, non procede o nome **quenlla** ou **quella** para outras especies que non sexan *Prionace glauca*. Neste recurso léxico, *Mitsukurina owstoni* preséntanse co nome **tiburón demo**, tamén proposto en galego para esta especie.

Bocareu (ou bocarte), anchoa e anchova

Cómpre diferenciarmos en galego os significados de **bocareu** (sinónimo: **bocarte**), **anchoa** e **anchova**, que designan tres realidades diferentes:

1.- O nome **bocareu** designa caracteristicamente en galego unha especie común nas nosas augas, *Engraulis encrasicolus*, da familia **Engraulidae**, un peixe con corpo alongado e fino, de cor azulada no dorso e prateada nos lados e no ventre, e cun tamaño duns 10-15 cm de lonxitude (máxima: 21 cm). O nome tamén galego **bocarte** é o mesmo, é un sinónimo de **bocareu**. É un peixe moi coñecido, moi apreciado na alimentación e de grande interese comercial. En castelán, *Engraulis encrasicolus* recibe os nomes de *boquerón* e *bocarte*; en portugués, **biqueirão** e **chacaréu**.

Co nome **bocareu**, nós coñecemos a especie da familia **Engraulidae** que habita nas nosas augas, *Engraulis encrasicolus*; porén, existen máis especies de **bocareus**, máis especies bastante parecidas nesta mesma familia, tamén chamadas **bocareus**: o **bocareu arxentino**, *Engraulis anchoita*; o **bocareu do Perú**, *Engraulis ringens*; o **bocareu do Pacífico**, *Cetengraulis mysticetus* etc.

2.- O nome **anchoa** designa en galego o **bocareu** en conserva. É o mesmo peixe, a mesma especie, *Engraulis encrasicolus*, unicamente que conservado en salmoira ou enlatado. En castelán recibe o nome *anchoa* (este nome tamén se usa ás veces en castelán para o peixe fresco); en portugués, **enchova** e **anchova** (este último nome tamén se usa ás veces en portugués para o peixe fresco).

3.- O nome **anchova** designa en galego outra especie das nosas augas, *Pomatomus saltatrix*, da familia **Pomatomidae**, un peixe con corpo alongado, de cor azulada no dorso e esbrancuxada no ventre, que pode atinxir 1 m de lonxitude (máximo: 130 cm). É apreciada na alimentación. En castelán, *Pomatomus saltatrix* recibe os nomes *anchova* e *chova*; en portugués, **anchova** e **enchova**. Á diferenza dos **bocareus** –que hai varias especies–, só hai unha especie de **anchova**: *Pomatomus saltatrix*. É o único peixe do xénero *Pomatomus*, e tamén a única especie que existe na familia **Pomatomidae**.

A voz **anchova** –podemos dicilo así– é unha forma máis antiga ou arcaica que **anchoa**. Corominas (1980) apunta que **anchova** se documenta en castelán como unha voz de uso xeral até o século XVIII para *Engraulis encrasicolus*, así mesmo documentada noutras linguas ibéricas (tamén en galego). Como acabamos de ver, paralelamente ao castelán, o galego adoptou a forma **anchoa** para a designación do **bocareu** en conserva, *Engraulis encrasicolus*; no entanto, mantívose en todas as linguas o nome **anchova**, a forma máis antiga, para a outra especie de peixe que tamén recibiu este nome, *Pomatomus saltatrix*.

Outro léxico ictiológico

Para alén dos nomes dos peixes, existe en galego un léxico ictiológico moito máis amplo, referido á súa **anatomía**, á súa **reproducción**, ao seu **hábitat** ou a elementos relacionados coa súa **pesca**. Algúns destes termos son utilizados para a formulación dos nomes dalgunhas especies.

Para os apéndices externos que teñen os peixes para nadar, o nome comunmente usado no ámbito divulgativo é **aleta**, aínda que é moi popular nas vilas mariñeiras o nome **ala**. Con frecuencia, tamén se recolle nos léxicos galegos a denominación **barbatana**, que é a voz máis común en Portugal. Así, por exemplo, temos os nomes **escolar de aleta longa** (*Scombrolabrax heterolepis*), **robaliza de aleta negra** (*Lateolabrax japonicus*), **atún de aleta azul** (*Thunnus thynnus*), **peixe lanterna de aleta curta** (*Neoscopelus microchir*) etc. Sería igualmente correcto o uso das outras formas: **escolar de ala longa**, **atún de ala azul** etc.

Existen diversas aletas no corpo dos peixes: unha **aleta dorsal** (no lombo do peixe), unha **aleta caudal** (o rabo do peixe), unha **aleta mol** ou **aleta adiposa** (pequeniña, entre a aleta dorsal e o rabo), dúas **aletas peitorais**, dúas **aletas ventrais** ou **pélvicas** e unha **aleta anal**. Nalgúns nomes dos peixes faise referencia a algunha delas: **moreón de dorsal curta** (*Synphobranchus brevidorsalis*), **brótula cega de dorsal longa** (*Meteoria longidorsalis*) etc.

Na maioría dos peixes óseos (**osteícteos**) as aletas poden ter **espiñas** ou **raios**. As **espiñas** son xeralmente duras e bicudas; os **raios** son suaves e flexíbeis. A **aleta dorsal**, por causa das espiñas, pode ser particularmente áspera ou punxente e ás veces, ao tocala, pode punxir ou raspar. Por iso, recibe en galego os nomes de **espiña do lombo**, **galla do lombo**, **ferro do lombo**, **pico do lombo** ou **rilón**. Algúns nomes dos peixes aluden ás anteditas estruturas: **rato de doce raios** (*Nezumia duodecim*), **peixe pastor de dúas espiñas** (*Psenes sio*), **celindra galluda** (*Talismania mekistonema*) etc.

En relación coas **espiñas**, úsanse tamén en galego para os peixes os adxectivos **espiñoso / espiñosa** e **espiñento / espiñenta**, que indican a presenza de espiñas conspicuas nese peixe, e o adxectivo **espiñado / espiñuda**, cando ten espiñas particularmente grandes. Nalgúns casos, as espiñas son auténticos **espiños óseos**. Deste xeito, nomes como **raión espiñoso** (*Glaucostegus spinosus*), **cabra espiñosa** (*Trachyscorpia echinata*), **cabalo de mar espiñento** (*Hippocampus spinosissimus*) ou **escacho espiñado** (*Lepidotrigla dieuzeidei*). Ademais, un grupo de peixes reciben o nome de **espiñentos** (familia **Gasterosteidae**), por causa das súas espiñas salientes: **espiñento de catro espiñas** (*Apeltes quadracus*), **espiñento de nove espiñas** (*Pungitius pungitius*), **espiñento mariño** (*Spinachia spinachia*) etc.

En relación coas **escamas** dos peixes, o adxectivo galego **escamudo / escamuda** indica que ese peixe ten as escamas grandes ou prominentes. Así, **muxe escamudo** (*Parachelon grandisquamis*), **lixa escamuda** (*Centrophorus squamosus*) etc. Tamén se usa o adxectivo **escamento / escamenta**, con escamas, ou aspecto semellante ás escamas: **rapapelo de ollos escamentos** (*Lepidoblepharon ophthalmolepis*).





Outros adxectivos ou modificadores que se utilizan con frecuencia en galego para formar os nomes dos peixes fan referencia aos **ollos**, como **olludo / olluda** e **ollón / ollona**; aos **dentes**, como **dentudo / dentuda** e **dentón / dentona**; ao **fociño**, como **fociñado / fociñuda**; ou ao **rabo**, como **rabudo / rabuda**, ou **rabilongo / rabilonga**. Así, por exemplo: **barracuda olluda** (*Sphyræna forsteri*), **tiburón olludo** (*Odontaspis noronhai*) etc., ou os peixes da familia **Epigonidae**, chamados **olludos**: **gata dentuda** (*Aculeola nigra*), **mógaro dentudo** (*Deltentosteus collonianus*) etc., ou algúns dos peixes da familia **Sparidae**, chamados **dentóns**: **raia fociñuda** (*Dipturus stenorhynchus*), **escolar fociñado** (*Nesiarchus nasutus*) etc.; **peixe lúa rabudo** (*Masturus lanceolatus*), **arxentina rabilonga** (*Nansenia longicauda*) etc.

O conxunto da aleta dorsal coas súas espiñas, cando se estende ao longo do lombo, pode ter un aspecto de serra. Por causa diso, recibe en galego os nomes de **serro, serra, serrón** ou, máis especificamente, **serro do lombo**. Por outro lado, algúns peixes teñen escamas duras aliñadas nos flancos, formando fileiras, que lembran tamén o aspecto dunha serra. Esta estrutura lateral recibe igualmente en galego os nomes de **serro, serra, serrón** ou, máis especificamente, **serro da banda**. O **xurelo** (*Trachurus trachurus*) é o peixe máis coñecido nas augas galegas que ten o **serro da banda**. Algúns nomes dos peixes están formulados co nome destas estruturas: **unicornio de serro laranxa** (*Naso lituratus*), **unicornio de serro azul** (*Naso unicornis*), **rato de serros paralelos** (*Coelorinchus parallelus*) etc.

Os peixes respiran polas **branquias**, órganos con láminas ou filamentos, situados a ambos os lados da cabeza. Os termos **branquia, branquial** –relativo ás branquias–, ou **branquiado / branquiada** –provido de branquias– son cultismos formados a partir do latín *branchia* (por súa vez, procedentes do grego *brághia*). Voces patrimoniais sinónimas hai varias na xeografía galega, como por exemplo **guerlas, guelras, galas, angalas, galadas, galaxas, galaxes** ou **garnelas**. Para a formulación dos nomes dalgúns peixes, dámoslle preferencia a unha das voces patrimoniais máis utilizadas e difundidas, **guerla**. Así, por exemplo, temos os nomes **mixina de seis guerlas** (*Eptatretus hexatrema*), **mixina de oito guerlas** (*Eptatretus octatrema*) etc.

Outra estrutura que se utiliza con frecuencia para nomear os peixes é a **barbela**, un conxunto de filamentos sensoriais próximos á boca, que cando son moi curtos poden recibir o nome de **barbicha**. Así, por exemplo: **rato de barbela longa** (*Nezumia longebarbata*), **dentuza de barbela curta** (*Stomias brevibarbatulus*), **bertorella de barbicha** (*Laemonema barbatulum*) etc., ou os peixes da familia **Balitoridae**, e algúns da familia **Cobitidae**, chamados **barbelas**: **barbela do Languedoc** (*Barbatula quignardi*), **barbela do norte** (*Cobitis calderoni*), **barbela do sur** (*Cobitis paludica*) etc.

Outros modificadores ou adxectivos que forman o nome dos peixes fan referencia ao deseño ou ao aspecto: **apintarado / apintarada**, que ten pintas: **cabala apintarada** (*Scomber colias*), **fúndulo apintarado** (*Fundulus olivaceus*) etc.; **apigarado / apigarada**, (que ten pintas pequeniñas, como as das fabas, mesmo formando manchas): **foxino apigarado** (*Delminichthys adspersus*), **salmonete apigarado** (*Upeneus tragula*) etc.; **adramán**, que é moi grande: **raia adramán** (*Dipturus batis*), **cabala adramán** (*Acanthocybium solandri*) etc.

As terminacións -bel e -ble

En galego, as terminacións **-bel** e **-ble** son equivalentes, igualmente válidas e correctas. Algúns nomes dos peixes teñen por tanto dúas formas posibles de uso: para a especie *Hydrolagus mirabilis*, por exemplo, o nome **quimera admirábel** é equivalente ao nome **quimera admirable**, igualmente correcto. Na Chave dámoslle preferencia á terminación **-bel**, pero pódese usar calquera unha, indistintamente, en todos os nomes dos peixes que tiveren esta terminación. Depende do contexto e do criterio de cada persoa o uso dunha ou doutra forma.

O adxectivo cincento / cincenta ou cinsento / cinsenta

En galego, o adxectivo **cincento / cincenta** pode ser pronunciado como "cinsento / cinsenta" ou mesmo nalgunhas zonas como "sinsento / sinsenta". Pódese usar ademais a forma escrita **cinsento / cinsenta**, igualmente válida e correcta, de modo que os nomes dos peixes que levan este adxectivo teñen dúas formas posibles na escrita. Por exemplo: **serrán cincento** (*Symphodus cinereus*) pódese escribir tamén, de maneira equivalente, como **serrán cinsento**; o nome **cañabota cincenta** (*Hexanchus griseus*), como **cañabota cinsenta** etc. Na Chave dámoslle preferencia á forma escrita **cincento / cincenta**, pero pódese escribir dunha forma ou da outra.

A adaptación ao galego dos nomes latinos das ordes e das familias dos peixes

A clasificación taxonómica científica agrupa as especies pola súa proximidade filoxenética en diversos clados ou ramos, tamén chamados taxóns. Destes clados ou ramos, destacan as **clases**, as **ordes** e as **familias**. Os nomes que reciben as diferentes **ordes** e **familias** é unha **terminoloxía zoolóxica altamente especializada**, que non existe de maneira vernácula en galego nin en ningunha outra lingua do mundo.

Moitas linguas actuais fan unha versión do nome científico latino destes taxóns na propia lingua, adaptando o latín á súa morfoloxía. No caso do galego, os nomes das **ordes dos peixes** son idénticos ou case idénticos aos nomes latinos. Respéctase a grafía dos **kas** e dos **zetas** –aínda que na lingua





común usárase o **ce-** que indican que a súa orixe é culta, que proveñen directamente do latín. No entanto, fanse algunhas modificacións: se hai un **i grego** no nome científico da orde, escríbese en galego con **i latino**; o dígrafo **ch** do nome científico, transcríbese en galego como **c** ou **qu** segundo a vogal que vén despois etc. Por exemplo: en galego escribimos **Petromizontiformes** (nome latino da orde: **Petromyzontiformes**); en galego escribimos **Carcariniformes** (nome latino da orde: **Carcharhiniformes**); en galego escribimos **Hexanquiformes** (nome latino da orde: **Hexanchiformes**); en galego escribimos **Escualiformes** (nome latino da orde: **Squaliformes**); en galego escribimos **Raxiformes** (nome latino da orde: **Rajiformes**) etc.

No que atinxe aos nomes científicos latinos das **familias dos peixes**, os criterios ortográficos para a adaptación ao galego son os mesmos que os devanditos para as ordes. Ora ben, no momento de formularmos **a terminación que debe ter o nome de cada familia**, poderíamos vacilar diante de máis dunha posibilidade. Hai unha marxe de arbitrariedade na adaptación da terminoloxía científica latina que cada lingua fai, que depende das características fonéticas e morfolóxicas propias desa lingua. Así, no caso das familias dos peixes, podémonos atopar con :

Forma lusa para a terminación dos nomes das familias dos peixes : **Rajídeos, Clupeídeos, Triaquídeos, Pleuronectídeos** etc.

Forma castelá para a terminación dos nomes das familias dos peixes : **Ráyidos, Cupleidos, Triáquidos, Pleuronéctidos** etc.

No caso da adaptación dos nomes científicos das familias dos peixes, **cal debe ser a formulación que adopte o galego para a terminación dos nomes destas familias?** A lusa ou a castelá?

Con frecuencia, estamos máis familiarizados coas formas castelás, por causa da omnipresenza do castelán na nosa vida diaria. Ás veces, por inercia e por comodidade, en galego tense adoptado a forma castelá para a terminación dos nomes das familias dos peixes (no caso dalgunha das familias máis coñecidas, como por exemplo *salmónidos*). Non obstante, esta **asimilación lingüística do castelán** non é beneficiosa para o galego.

A asimilación lingüística é un proceso moi estudado, porque **sucede en todo o mundo, sempre que dúas linguas están en contacto**. Cando nun mesmo territorio se usan dúas linguas e unha delas está asociada ao prestixio e ao maior uso nos medios de comunicación, ensino, comercio, relixión etc., (que no noso caso sería o castelán) e a outra está infravalorada (tamén chamada lingua minorizada, que no noso caso sería o galego) desenvólvese un **proceso de asimilación lingüística**. Acontece infaliblemente, sempre que nun lugar se presenta esta situación: entre o castelán e o galego, entre o francés e o bretón, entre o inglés e o galés, entre o inglés e o español de Porto Rico etc.





O dito proceso de asimilación, pouco e pouco, ás veces de maneira inconsciente, **leva a que a lingua minorizada se pareza máis á lingua de prestixio**. Actúan diversos factores: **prexuízos ou xuízos equivocados** (por exemplo: “as palabras da lingua de prestixio son mellores ou máis elegantes”); a **omnipresenza da lingua asociada ao poder**, de modo que as palabras e as construcións da lingua de prestixio chegan a ser moi familiares e coñecidas; as **dificultades das persoas usuarias da lingua minorizada para atinxiren unha boa competencia** nesta lingua etc.

Se non se adoptan as medidas necesarias, as **consecuencias** da asimilación lingüística son importantes: en cada nova xeración, **a lingua minorizada é cada vez menos pura ou xenuína**; modifícase **o valor dos falantes sobre o que están a falar** (“isto que eu falo, é unha mestura..., é un dialecto...?”); **limitase a relación e os usos que os falantes manteñen coa lingua minorizada** etc. Todos estes aspectos contribúen a que finalmente a lingua minorizada se deixe de falar (**substitución lingüística**). En sociolingüística tamén se ten empregado o termo **glotofaxia**: unha lingua “come” a outra.

En relación co todo o antedito e coa **formulación galega dos nomes científicos das familias dos peixes**, na Chave postulamos e aplicamos estes dous criterios:

1. En xeral, cando non existe unha forma vernácula galega ou tradición en galego para un termo, a **harmonización coa lusofonía** ten prioridade no traballo da Chave. Por un lado, contribúese a evitar a asimilación lingüística que exerce o castelán. Por outro lado, é ben recibido polas persoas usuarias da lingua que o galego facilite no maior grao posíbel a interacción no ámbito lusófono, e favorece a incorporación e o uso da nova terminoloxía.

2. Máis especificamente, na Chave adoptamos o criterio recollido nas **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (RAG e ILG)** do ano 2004: **“Para o arriquecemento do léxico culto, nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, o portugués será considerado recurso fundamental, sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego”**.

No caso que nos ocupa, en que non existe unha tradición galega vernácula con respecto á adaptación dos nomes científicos latinos das familias dos peixes, na Chave dámoslles **preferencia ás formas lusas para a terminación que deben ter os nomes galegos destas familias**. E así, por tanto, usamos e recomendamos para o galego : **Raxídeos, Clupeídeos, Triaquídeos, Pleuronectídeos** etc.

Maiúsculas e minúsculas

Cando usamos **nomes de lugares, persoas ou personaxes históricos ou mitolóxicos** para nomear os peixes, cómpre lembrarmos que eses nomes só son **propios –e escríbense con maiúscula– cando aluden a un referente único**, diferenciado doutros da mesma especie; e porén son **nomes comúns –e escríbense con minúscula– no caso dos nomes dos peixes**, porque aluden a todos os exemplares da mesma especie, non a un único exemplar diferenciado dos outros. Así acontece no caso do **cirurxián aquiles**, do **rapapelos ciclope**, da **mixina goliat** ou das **quimeras**, por exemplo. Aínda que os nomes dos personaxes históricos ou mitolóxicos si que se escriben con maiúscula (**Aquiles, Ciclope, Goliat, Quimera, Eos** etc.), no caso dos nomes dos peixes son referentes que actúan como substantivos ou adxectivos para a formulación dun nome común para todos os peixes desa especie. Non é que un peixe en concreto se chame así, senón que miles e miles de peixes reciben igualmente o mesmo nome, porque non é o nome exclusivo dun, é o nome da especie.

Para comprobalo, con estes nomes podemos usar con facilidade artigos indefinidos (**unha quimera, un rapapelos ciclope, unhas mixinas goliat**), adxectivos demostrativos (**aquelas quimeras, estes cirurxiáns aquiles, eses rapapelos ciclope**), identificadores (**cada mixina eos, calquera quimera**), cuantificadores (**algúns rapapelos ciclope, varias quimeras**) ou numerais (**oito cirurxiáns aquiles, cen mixinas eos**), usos que non permiten con facilidade os nomes propios.

Porén, se o nome do peixe inclúe a preposición **de** seguida dun nome propio (**mixina de Mendoza, gata de Fabricius, cirurxián de Thompson** etc.), ese nome si continúa aludindo directamente a ese personaxe ou persoa, a ese referente único, e continúa sendo propio e escríbndose sempre con maiúscula. Así, por exemplo: **unha mixina de Mendoza, varias mixinas de Mendoza, algúns cirurxiáns de Thompson, catro gatas de Fabricius** etc

Á procura do nome galego dun peixe neste documento

Os nomes galegos dos peixes é un documento particularmente extenso, e pode ser que por causa da súa extensión non sexa doado procurar o nome galego dalgún peixe no que poidamos estar interesados.

Para consultarmos axiña o nome galego dun peixe, hai varias opcións :

Se sabemos o seu nome científico, unha boa opción é ter o recurso léxico descargado en **formato PDF e introducir no buscador do PDF o nome latino do xénero** dese peixe, que é o primeiro dos que forman o seu nome científico. Ao clicarmos no xénero latino introducido no buscador, vainos aparecer onde é que está ese xénero no documento, destacándoo con algún tipo de sombreado. Se estamos na listaxe específica, o nome do xénero verémolo na esquerda da fila, e ao lado, no centro da fila, veremos o seu nome en galego, con letra máis grande e azul.

Pode ser que atopemos varios peixes co mesmo xénero latino: daquela hai que saber **o nome latino completo, o xénero e mais a especie**, para achar o nome galego do que nos interesa.

Outra opción é se coñecemos **o nome inglés dese peixe**: podemos escribilo no **buscador do PDF** e vannos ir aparecendo os nomes das especies que teñen ese nome en inglés (á beira, no centro da fila, con letra máis grande e azul, habemos atopar o seu nome en galego).

Por moitos e diversos motivos, non se inclúen os **nomes en castelán dos peixes**. Para sabermos cal é a correspondencia entre o nome castelán dunha especie deste grupo faunístico e o nome galego, necesitamos coñecer **o seu nome científico**. Así, por exemplo, o peixe que en castelán se chama **pescadilla** ten o nome científico *Micromesistius poutassou*; se escribimos *Micromesistius poutassou* no **buscador do PDF** aparécenos o lugar do documento onde se encontra ese nome científico, e á beira, no centro da fila, atopamos o nome en galego: **lirio** ou **mexete**.

Co **buscador do PDF** tamén podemos procurar unha **familia de peixes**. Así, por exemplo, se escribimos **Pleuronectidae** (ou se escribimos **Pleuronectídeos**), aparécenos onde é que se encontra o nome desta familia no documento, en dous lugares: no **índice** (no inicio do documento), ou na **listaxe específica dos peixes** (no corpo propiamente do documento). Clicando outra vez no buscador, imos dun lugar para o outro.

Agradecemento

O equipo da Chave quere expresar o seu **agradecemento** a **todas as persoas** que a través da sección **contacte** do sitio web envían **comentarios, suxestións, puntualizacións...** a respecto dos contidos dos recursos léxicos sobre a fauna e a flora. Todas as opinións son lidas con atención e interese. Aínda que non todas son tidas en conta, algunhas serven para puír ou enriquecer o xa publicado, e nalgún caso mesmo nos levaron a unha nova edición do documento. Moitas grazas, e animamos a todos os usuarios/as a continuar con esta retroalimentación positiva e construtiva.

Así mesmo e de maneira particular, queremos agradecer a **colaboración do David Vilasis**, que achegou a fotografía da **troita das fontes** (*Salvelinus fontinalis*) para a ilustración deste recurso léxico.

Peixes (Pisces)

Clase: Mixinas (Myxini)

Orde: **Mixiniformes** (Myxiniformes)

Familia: **Mixinídeos** (Myxinidae) : **mixinas** (ou **peixes bruxa**)

<i>Eptatretus aceroi</i>	mixina de Acero sin.: peixe bruxa de Acero (nota 1)	Acero's hagfish
<i>Eptatretus alastairi</i>	mixina de Alastair sin.: peixe bruxa de Alastair (nota 2)	Alastair's hagfish
<i>Eptatretus atami</i>	mixina castaña sin.: peixe bruxa castaño	brown hagfish
<i>Eptatretus bischoffii</i>	mixina de Bischoff sin.: peixe bruxa de Bischoff (nota 3)	Bischoff's hagfish
<i>Eptatretus burgeri</i>	mixina costeira sin.: peixe bruxa costeiro	inshore hagfish
<i>Eptatretus caribbeaus</i>	mixina caribeña de Fernholm sin.: peixe bruxa caribeño de Fernholm (nota 4)	Fernholm's Caribbean hagfish
<i>Eptatretus carlhubbsi</i>	mixina xigante sin.: peixe bruxa xigante	giant hagfish
<i>Eptatretus chinensis</i>	mixina chinesa sin.: peixe bruxa chinés	

Nota 1 : na honra do biólogo mariño Arturo Acero Pizarro (n. 1954), da Universidade Nacional de Colombia, polas súas importantes achegas para o estudo dos peixes colombianos; tamén indicado no nome científico desta mixina, *Eptatretus aceroi*: de Acero.

Nota 2 : na honra de Alastair Graham (n. 1964), director da colección de peixes do CSIRO (Commonwealth Scientific and Industrial Research Organisation), Canberra, Australia, pola hospitalidade e axuda ofrecida a Bo Fernholm, que foi un dos científicos que describiu esta mixina para a ciencia no ano 2010; tamén indicado no nome científico da especie, *Eptatretus alastairi*: de Alastair.

Nota 3 : na honra do anatomista e biólogo alemán Theodor Ludwig Wilhelm Bischoff (1807–1882), colega de A. F. Schneider, que foi quen describiu esta mixina para a ciencia, no ano 1880; tamén indicado no nome científico, *Eptatretus bischoffii*: de Bischoff.

Nota 4 : na honra do educador e zoólogo sueco Bo Fernholm (n. 1941), que describiu esta mixina para a ciencia no ano 1982. En galego –e noutras linguas– o nome **mixina caribeña de Fernholm**, de *Eptatretus caribbeaus*, forma un sistema de nomenclatura con outros nomes de mixinas que tamén fan referencia ao Caribe, por exemplo co nome **mixina caribeña de McMillan**, de *Myxine mcmillanae* (véxase máis adiante, nesta mesma listaxe).

<i>Eptatretus cirrhatus</i>	mixina da Nova Zelandia sin.: peixe bruxa da Nova Zelandia	New Zealand hagfish broadgilled hagfish
<i>Eptatretus cryptus</i>	mixina críptica sin.: peixe bruxa críptico	cryptic hagfish
<i>Eptatretus deani</i>	mixina negra sin.: peixe bruxa negro	black hagfish
<i>Eptatretus goliath</i>	mixina goliath sin.: peixe bruxa goliath	Goliath hagfish
<i>Eptatretus grouseri</i>	mixina de Grouser sin.: peixe bruxa de Grouser (nota 1)	Grouser's hagfish
<i>Eptatretus hexatrema</i>	mixina de seis guerlas sin.: peixe bruxa de seis guerlas	sixgill hagfish
<i>Eptatretus indrambaryai</i>	mixina de Bengala sin.: peixe bruxa de Bengala	Bengal hagfish
<i>Eptatretus laurahubbsae</i>	mixina das Juan Fernández sin.: peixe bruxa das Juan Fernández (nota 2)	Juan Fernandez hagfish
<i>Eptatretus longipinnis</i>	mixina de aleta longa sin.: peixe bruxa de aleta longa	longfinned hagfish
<i>Eptatretus luzonicus</i>	mixina de Luzón sin.: peixe bruxa de Luzón (nota 3)	Luzon hagfish
<i>Eptatretus mcconnaugheyi</i>	mixina de cabeza curta sin.: peixe bruxa de cabeza curta	shorthead hagfish
<i>Eptatretus mendozai</i>	mixina de Mendoza sin.: peixe bruxa de Mendoza (nota 4)	Mendoza's hagfish
<i>Eptatretus nani</i>	mixina de Valparaíso sin.: peixe bruxa de Valparaíso (nota 5)	Valparaiso hagfish

Nota 1 : na honra de David "Grouser" McMillan, enxeñeiro na mariña mercante dos EE.UU., fillo da bióloga mariña Charmion B. McMillan (n. 1925), que describiu esta mixina para a ciencia no ano 1991; tamén indicado no nome científico, *Eptatretus grouseri*: de Grouser.

Nota 2 : das illas Juan Fernández (Chile), unha das áreas onde se encontra esta mixina, endémica de augas chilenas. Alén da lusofonía, a mesma referencia toponímica é usada para nomear esta especie en inglés.

Nota 3 : da illa de Luzón (das Filipinas), localidade tipo desta especie de mixina; tamén indicado no nome científico, *Eptatretus luzonicus*: de Luzón.

Nota 4 : na honra de Luis H. "Uchy" Mendoza, capitán do navío de investigación Crawford, onde se recolleu o espécime tipo desta mixina, descrita por primeira vez para a ciencia por Hensley, no ano 1985; tamén indicado no nome científico, *Eptatretus mendozai*: de Mendoza.

Nota 5 : da rexión costeira de Valparaíso (Chile), unha das áreas onde se encontra esta especie de mixina. A mesma referencia toponímica é usada para nomear esta mixina en inglés.

<i>Eptatretus octatrema</i>	mixina de oito guerlas sin.: peixe bruxa de oito guerlas	eightgill hagfish
<i>Eptatretus polytrema</i>	mixina de catorce guerlas sin.: peixe bruxa de catorce guerlas	fourteen-gill hagfish Chilean hagfish
<i>Eptatretus profundus</i>	mixina de cinco guerlas sin.: peixe bruxa de cinco guerlas	fivegill hagfish
<i>Eptatretus sinus</i>	mixina de Cortés sin.: peixe bruxa de Cortés (nota 1)	Cortez hagfish
<i>Eptatretus springeri</i>	mixina do Golfo sin.: peixe bruxa do Golfo (nota 2)	Gulf hagfish
<i>Eptatretus stoutii</i>	mixina do Pacífico sin.: peixe bruxa do Pacífico	Pacific hagfish
<i>Eptatretus strickrotti</i>	mixina de Strickrott sin.: peixe bruxa de Strickrott (nota 3)	Strickrott's hagfish
<i>Eptatretus taiwanae</i>	mixina de Taiwán sin.: peixe bruxa de Taiwán	Taiwan hagfish
<i>Myxine affinis</i>	mixina patagónica sin.: peixe bruxa patagónico	Patagonian hagfish
<i>Myxine australis</i>	mixina austral sin.: peixe bruxa austral	southern hagfish
<i>Myxine capensis</i>	mixina do Cabo sin.: peixe bruxa do Cabo (nota 4)	Cape hagfish
<i>Myxine circifrons</i>	mixina de cara branca sin.: peixe bruxa de cara branca	whiteface hagfish
<i>Myxine debueni</i>	mixina magallánica sin.: peixe bruxa magallánico (nota 5)	Magellan hagfish

Nota 1 : do mar de Cortés (Baixa California, México), unha das áreas onde se encontra mixina; a mesma referencia toponímica é usada para nomear esta especie en castelán e en inglés.

Nota 2 : do Golfo de México, a principal área onde se encontra esta mixina. A mesma referencia toponímica é usada para nomear esta especie en inglés.

Nota 3 : na honra de Bruce Strickrott (n. 1964), piloto do vehículo submarino de fondura Alvin, que capturou esta mixina por primeira vez para a ciencia, descrita no ano 2007; tamén indicado no nome científico da especie, *Eptatretus strickrotti*: de Strickrott.

Nota 4 : do Cabo de Boa Esperanza (República de Suráfrica), localidade tipo desta mixina. A mesma referencia toponímica é usada para nomear esta especie en inglés, español e francés; tamén indicado no nome científico, *Myxine capensis*: do Cabo.

Nota 5 : do estreito de Magalláns (Chile), unha das áreas onde se encontra esta mixina; a mesma referencia toponímica é usada para nomear a especie en inglés.

<i>Myxine fernholmi</i>	mixina das Malvinas sin.: peixe bruxa das Malvinas	Falkland Islands hagfish
<i>Myxine formosana</i>	mixina de Formosa sin.: peixe bruxa de Formosa (nota 1)	Formosa hagfish
<i>Myxine garmani</i>	mixina de Garman sin.: peixe bruxa de Garman (nota 2)	Garman's hagfish
<i>Myxine glutinosa</i>	mixina (ou mixina do Atlántico) sin.: peixe bruxa do Atlántico	Atlantic hagfish northern hagfish common hag
<i>Myxine ios</i>	mixina de cabeza branca sin.: peixe bruxa de cabeza branca	white-headed hagfish
<i>Myxine jerspersenae</i>	mixina de Jespersen sin.: peixe bruxa de Jespersen (nota 3)	Jespersen's hagfish
<i>Myxine limosa</i>	mixina de Girard sin.: peixe bruxa de Girard (nota 4)	Girard's Atlantic hagfish
<i>Myxine mcmillanae</i>	mixina caribeña de McMillan sin.: peixe bruxa caribeño de McMillan (nota 5)	McMillan's hagfish Caribbean hagfish
<i>Myxine pequenoi</i>	mixina chilena sin.: peixe bruxa chileno	Chilean hagfish
<i>Myxine phantasma</i>	mixina fantasma sin.: peixe bruxa fantasma	ghost hagfish

Nota 1 : da illa Formosa, ou illa de Taiwán, localidade tipo desta mixina. A mesma referencia toponímica é usada para nomear esta especie en estoniano e en inglés; tamén indicado no nome científico, *formosana*: de Formosa.

Nota 2 : na honra do herpetólogo e ictiólogo Samuel Garman (1843-1927), da Universidade de Harvard, polas súas achegas para o coñecemento das mixinas; tamén indicado no nome científico, *garmani*: de Garman.

Nota 3 : na honra do biólogo dinamarqués Åse Jespersen (n. 1955), da Universidade de Copenhague, polas súas achegas sobre a bioloxía reprodutiva das mixinas; tamén indicado no nome científico, *gerspersenae*: de Jespersen.

Nota 4 : na honra do herpetólogo e ictiólogo francés Charles Frédéric Girard (1822-1895), que describiu esta mixina para a ciencia no ano 1859.

Nota 5 : na honra da bióloga mariña Charmion B. McMillan (n. 1925), da Scripps Institution of Oceanography, polas súas achegas para o coñecemento das mixinas; tamén indicado no nome científico, *mcmillanae*: de McMillan. En galego –e noutras linguas– o nome **mixina caribeña de McMillan**, de *Myxine mcmillanae*, forma un sistema de nomenclatura con outros nomes de mixinas que tamén fan referencia ao Caribe, por exemplo, co nome **mixina caribeña de Fernholm**, de *Eptatretus caribbeus* (véxase máis atrás, nesta mesma listaxe).

<i>Myxine sotoi</i>	mixina brasileira sin.: peixe bruxa brasileiro	Brazilian hagfish
<i>Nemamyxine krefftii</i>	mixina de Krefft sin.: peixe bruxa de Krefft (nota 1)	Krefft's hagfish
<i>Neomyxine biniplicata</i>	mixina esguía sin.: peixe bruxa esguío	slender hagfish
<i>Neomyxine caesiiovitta</i>	mixina de banda azul sin.: peixe bruxa de banda azul	blueband hagfish
<i>Notomyxine tridentiger</i>	mixina de tres dentes sin.: peixe bruxa de tres dentes	
<i>Rubicundus eos</i>	mixina eos sin.: peixe bruxa eos (nota 2)	pink hagfish
<i>Rubicundus lakeside</i>	mixina da Lakeside sin.: peixe bruxa da Lakeside (nota 3)	Lakeside hagfish

Nota 1 : na honra do herpetólogo e ictiólogo alemán Gerhard Krefft (1912-1993), do Instituto para a Pesca Mariña (Institut für Seefischerei) de Hamburgo; tamén indicado no nome científico desta mixina, *Rubicundus krefftii*: de Krefft.

Nota 2 : en referencia a Eos, a deusa da mitoloxía grega que personificaba o amanecer, aludindo á coloración rosada desta mixina; tamén indicado no nome científico, *Rubicundus eos*.

Nota 3 : na honra da fundación Lakeside (Lakeside Foundation of California), polo apoio dado ao zoólogo Michael M. Mincarone, un dos investigadores que describiu esta especie de mixina para a ciencia no ano 2004; tamén indicado no nome científico, *Rubicundus lakeside*: da fundación Lakeside.

Clase: **Hiperoartios** ou **Petromizóntidos** (**Hyperoartia** ou **Petromyzontida**)

Orde: **Petromizontiformes** (Petromyzontiformes)

Familia: **Xeotriídeos** (Geotriidae) : **lampreas de bolsa**

<i>Geotria</i> spp.	lampreas de bolsa	pouched lampreys
<i>Geotria australis</i>	lamprea austral sin.: lamprea de bolsa austral	pouched lamprey wide-mouthed lamprey
<i>Geotria macrostoma</i>	lamprea argentina sin.: lamprea de bolsa argentina	Argentinian lamprey

Familia: **Mordaciídeos** (Mordaciidae) : **lampreas**

<i>Mordacia lapicida</i>	lamprea chilena	Chilean lamprey
<i>Mordacia macrostoma</i>	lamprea de cabeza curta	Australian lamprey short-headed lamprey Murray lamprey
<i>Mordacia praecox</i>	lamprea de riacho australiana	non-parasitic lamprey Australian brook lamprey

Familia: Petromizontídeos (Petromyzontidae) : lampreas

<i>Petromyzon</i> spp. <i>Lampetra</i> spp. <i>Eudontomyzon</i> spp. Etc.	lampreas var.: lampreias, lampreras, llampreas	lampreys lamprey lamprey eels
<i>Caspiomyzon wagneri</i> (= <i>Petromyzon wagneri</i>)	lamprea do Caspio	Caspian lamprey
<i>Petromyzon marinus</i>	lamprea de mar sin.: lamprea do mar sin.: lamprea mariña sin.: chupona sin.: sete buratos sin.: lambepedras	sea lamprey
<i>Lampetra aepyptera</i>	lamprea miúda	least brook lamprey
<i>Lampetra alavariensis</i>	lamprea da Costa da Prata (nota 1)	
<i>Lampetra auremensis</i>	lamprea do Nabão (nota 2)	Nabão lamprey
<i>Lampetra ayresi</i>	lamprea de río americana	river lamprey western river lamprey
<i>Lampetra fluviatilis</i>	lamprea de río europea (ou simplemente lamprea de río)	European river lamprey
<i>Lampetra lanceolata</i>	lamprea turca	Turkish brook lamprey
<i>Lampetra lusitanica</i>	lamprea do Sado (nota 3)	
<i>Lampetra planeri</i>	lamprea de riacho europea (ou simplemente lamprea de riacho) sin.: lamprea de esteiro	European brook lamprey
<i>Lethenteron appendix</i> (= <i>Lampetra appendix</i>)	lamprea de riacho americana	American brook lamprey

Nota 1 : Costa de Prata é a rexión costeira que se estende desde a Barrinha de Esmoriz, no distrito de Aveiro, ao concello de Torres Vedras, no distrito de Lisboa; é a única área do mundo onde se encontra esta lamprea. Alén da lusofonía, a mesma referencia toponímica é usada para nomear esta especie en castelán; tamén indicado no nome científico, *alavariensis*: de Aveiro (Costa da Prata).

Nota 2 : da bacía do río Nabão (Portugal), afluente do Texo; é a única área do mundo onde se encontra esta lamprea. Alén da lusofonía, a mesma referencia toponímica é usada para nomear esta especie en castelán.

Nota 3 : do río Sado (Portugal); é a única área do mundo onde se encontra esta lamprea, á beira da extinción. Alén da lusofonía, a mesma referencia toponímica é usada para nomear esta especie en castelán.

Clase: **Condrictios** (Chondrichthyes)

Subclase: **Elasmobranquios** (Elasmobranchii)

especie galega

Orde: **Hexanquiformes** (Hexanchiformes)

Familia: **Hexanquídeos** (Hexanchidae) : **cañabotas** (ou **bocadoes**)

<i>Hepranchias perlo</i> (= <i>Hepranchias dakini</i>) (= <i>Notidanus cinereus</i>)	cañabota bocadoce sin.: bocadoce	sharpnose sevengill shark one-finned shar perlon shark sevengill cow shark sevengilled shark sharpnouted sevengill slender sevengill
<i>Hexanchus griseus</i>	cañabota cincenta sin.: bocadoce cincento	bluntnose sixgill shark sixgill shark cow shark bull shark bull dog shark Atlantic mudshark Atlantic mud shark mud shark grey shark
<i>Hexanchus nakamurai</i>	cañabota olluda	bigeyed sixgill shark bigeye sixgill shark
<i>Notorynchus cepedianus</i>	cañabota bruxa	broadnose sevengill shark

Familia: **Clamidoselaquídeos** (Chlamydoselachidae) : **tiburóns anguía**

<i>Chlamydoselachus africana</i>	tiburón anguía surafricano	southern African frilled shark
<i>Chlamydoselachus anguineus</i>	tiburón anguía	frilled shark

Orde: **Equinorriniformes** (Echinorhiniformes)

Familia: **Equinorrínídeos** (Echinorhinidae) : **cravudos**

<i>Echinorhinus brucus</i>	cravudo sin.: peixe cravo	bramble shark
<i>Echinorhinus cookei</i>	cravudo do Pacífico	prickly shark

Orde: **Escualiformes** (Squaliformes)

Familia: **Dalatiídeos** (Dalatiidae) : **tiburóns ananos, tiburóns charuto e gata lixa**

<i>Squaliolus laticaudus</i> (= <i>Squaliolus sarmenti</i>) (= <i>Euprotomicrus laticaudus</i>)	tiburón anano	spined pygmy shark big-eye dwarf shark
<i>Squaliolus aliae</i> (= <i>Squaliolus alii</i>)	tiburón anano de ollos pequenos	smalleye pygmy shark
<i>Euprotomicrus bispinatus</i> (= <i>Euprotomicrus hyalinus</i>) (= <i>Euprotomicrus latbordii</i>)	tiburón anano biespiñoso	pygmy shark
<i>Isistius brasiliensis</i>	tiburón charuto	cookiecutter shark cookie cutter shark cigar shark
<i>Isistius plutodus</i>	tiburón charuto dentado	largetooth cookiecutter shark
<i>Dalatias licha</i>	gata lixa	kitefin shark seal shark

Familia: Etmopterídeos (Etmopteridae) : gatas

<i>Aculeola nigra</i>	gata dentuda	hooktooth dogfish
<i>Centroscyllium fabricii</i>	gata de Fabricius (nota *)	black dogfish
<i>Etmopterus lucifer</i>	gata lucífera	blackbelly lanternshark
<i>Etmopterus polli</i>	gata africana	African lanternshark
<i>Etmopterus princeps</i>	gata grande	great lanternshark
<i>Etmopterus pusillus</i>	gata pequena	smooth lanternshark
<i>Etmopterus sentosus</i>	gata espiñosa	thorny lanternshark
<i>Etmopterus spinax</i>	gata común sin.: gata do mar sin.: gato do mar sin.: peixe gato sin.: negra sin.: rato	velvet belly velvet belly lanternshark velvet belly lantern shark

* Nota : na honra do naturalista, misioneiro e mais etnógrafo dinamarqués Otto Fabricius (1744–1822), a primeira persoa que estudou os peixes da Groenlandia (incluíndo esta gata); tamén indicado no nome científico da especie, *fabricii*: de Fabricius.

Familia: Oxinotídeos (Oxynotidae) : peixes porco

<i>Oxynotus bruniensis</i>	peixe porco de agullas	prickly roughshark
<i>Oxynotus caribbaeus</i>	peixe porco do Caribe	Caribbean roughshark
<i>Oxynotus centrina</i>	peixe porco (ou peixe porco común)	angular roughshark
<i>Oxynotus japonicus</i>	peixe porco do Xapón	Japanese roughshark
<i>Oxynotus paradoxus</i>	peixe porco de vela	sailfin roughshark

Familia: **Escualídeos (Squalidae) : melgas**

<i>Squalus</i> spp.	melgas sin.: galludos sin.: canexas	dogfishes spurdogs
<i>Squalus acanthias</i>	melga común (ou simplemente melga) sin.: galludo sin.: canexa	spiny dogfish spurdog mud shark piked dogfish
<i>Squalus bairdii</i>	melga de ferrón sin.: melga de Blainville (nota *)	longnose spurdog Blainville's dogfish
<i>Squalus cubensis</i>	melga cubana	Cuban dogfish
<i>Squalus megalops</i>	melga de fociño curto	shortnose spurdog
<i>Cirrhigaleus asper</i> (= <i>Squalus asper</i>)	melga rugosa	roughskin spurdog

Nota 1 : do río Okavango (Angola, Namibia e Botsuana), de 1.600 km de lonxitude e unha bacia hidrográfica de 721.277 km², que forma o impropriamente chamado delta do Okavango –unha bacia endorreica, sen saída superficial para o mar–, unha das áreas onde se encontra esta tilapia.

Nota 2 : na honra de Treadwell Nichols (1883-1958), coidador dos peixes no Museo Americano de Historia Natural, que describiu este peixe chocador para a ciencia no ano 1928, pero usou un nome científico xa previamente ocupado para outra especie, *Paratilapia ventralis*; tamén indicado no nome científico actual deste peixe chocador, *Pseudocrenilabrus nicholsi*: de Nichols.

Nota 3 (carrumba do Malauí) : do lago Malauí, no val do Rift (África Oriental), un dos lagos máis grandes do continente africano, con 560 km de lonxitude, 75 km de largura e 700 m de profundidade máxima, de onde é endémica a carrumba do Malauí. A mesma referencia toponímica ao lago Malauí é utilizada noutras linguas para nomear este peixe. É unha especie senlleira, a única existente do xénero *Cyrtocara*, cuxo significado latino (*cyrto-*, curvada; *cara-*, cabeza) fai alusión á xibosidade que ten na rexión frontal.

Familia: **Elexinopsídeos (Eleginopsidae)** : **lorcho da Patagonia**

<i>Eleginops maclovinus</i>	lorcho da Patagonia	Patagonian blenny
-----------------------------	----------------------------	-------------------

Familia: **Cepolídeos (Cepolidae)** : suspensorios

<i>Acanthocepola krusensternii</i>	suspensorio de pintas vermellas	red-spotted bandfish
<i>Cepola australis</i>	suspensorio australiano	Australian bandfish
<i>Cepola haastii</i>	suspensorio maorí	
<i>Cepola macrophthalmia</i> (= <i>Cepola rubescens</i>)	suspensorio sin.: peixe cor de rosa	red bandfish
<i>Cepola pauciradiata</i>	suspensorio da Guinea	Guinean bandfish red bandfish
<i>Cepola schlegelii</i>	suspensorio de Schlegel (nota 1)	
<i>Owstonia kamoharai</i>	suspensorio de Kamohara (nota 2)	Kamohara's bandfish

Nota 1 : na honra do ornitólogo e herpetólogo alemán Hermann Schlegel (1804-1884), a quen P. Bleeker –que describiu este suspensorio para a ciencia no ano 1854– lle atribuíu a agrupación desta especie de suspensorio con outra semellante, o suspensorio de pintas vermellas, *Acanthocepola krusensternii*, que fora descrito por Schegel en 1845; tamén indicado no nome científico do suspensorio diferenciado e descrito por Bleeker, *Cepola schlegelii*: de Schlegel.

Nota 2 : na honra do ictiólogo xaponés Toshiji Kamohara (1901-1972), da Universidade Kochi (Xapón), pola súa grande achega na taxonomía dos suspensorios (Cepolidae); tamén indicado no nome científico deste suspensorio, *Owstonia kamoharai*: de Kamohara.

Familia: Emelictiídeos (Emmelichthyidae): peixes rubí

<i>Emmelichthys karnellai</i>	peixe rubí de Karnella (nota 1)	Karnella's rover
<i>Emmelichthys nitidus</i>	peixe rubí do Índico	bonnetmouth
<i>Emmelichthys ruber</i>	peixe rubí das illas (nota 2)	red rover island rover
<i>Emmelichthys struhsakeri</i>	peixe rubí de Struhsaker (nota 3)	golden redbait
<i>Erythrocles monodi</i>	peixe rubí do Atlántico	Atlantic rubyfish
<i>Erythrocles scintillans</i>	peixe rubí cintilante	golden kali kali

Nota 1 : na honra de Charles Karnella, do National Marine Fisheries Service, que foi a primeira persoa que se decatou, en 1971, que estes peixes eran dunha especie de peixe rubí diferente doutras e forneceu espécimes para o seu estudo; tamén indicado no nome científico, *Emmelichthys karnellai*: de Karnella.

Nota 2 : **das illas** fai referencia á área distribución deste peixe rubí, que se encontra caracteristicamente nas proximidades de illas oceánicas: Bermudas, Xamaica (Atlántico Occidental), Santa Helena (Atlántico Oriental) etc.

Nota 3 : na honra Paul Struhsaker (1935-2018), do National Marine Fisheries Service, investigador xefe nas expedicións do navío Townsend Cromwell, en que se recolleron a maioría dos espécimes tipo deste peixe rubí; tamén indicado no nome científico, *Emmelichthys struhsakeri*: de Struhsaker.

Familia: Epigonídeos (Epigonidae) : olludos

<i>Epigonus constanciae</i>	olludo de espiño	Constance deepwater cardinalfish
<i>Epigonus denticulatus</i>	olludo denticulado	pencil cardinal
<i>Epigonus telescopus</i>	olludo sin.: farol sin.: bocanegra sin.: Tomás	black cardinal fish black cardinalfish black deepsea cardinalfish bull's-eye
<i>Epigonus robustus</i>	olludo robusto	robust cardinalfish robust deep-water cardinalfish
<i>Microichthys coccoi</i>	olludo anano	dwarf deepwater cardinalfish

Familia: Escarídeos (Scaridae) : papagaios (ou peixes papagaio)

<i>Bolbometopon muricatum</i>	papagaio xigante	green humphead parrotfish bumphead parrotfish humphead parrotfish double-headed parrotfish giant parrotfish
<i>Calotomus carolinus</i>	papagaio das Carolinas (nota *)	Caroline parrotfish
<i>Calotomus spinidens</i>	papagaio de dentes de angazo	spinytooth parrotfish half-toothed parrot-fish raggedtooth parrotfish
<i>Calotomus viridescens</i>	papagaio camaleón	iridescent parrotfish
<i>Cetoscarus bicolor</i>	papagaio bicolor	bicolour parrotfish
<i>Chlorurus atrilunula</i>	papagaio lúa azul	bluemoon parrotfish
<i>Chlorurus cyanescens</i>	papagaio testudo azul	blue humphead parrotfish
<i>Chlorurus enneacanthus</i>	papagaio capitán	captain parrotfish
<i>Chlorurus frontalis</i>	papagaio de testa castaña	Pacific slopehead parrotfish

* Nota : das illas Carolinas (Pacífico Occidental), localidade tipo desta especie de papagaio; tamén indicado no nome científico, *Calotomus carolinus*: das Carolinas.

<i>Chlorurus japonensis</i>	papagaio de faceiras pálidas	palecheek parrotfish
<i>Chlorurus sordidus</i>	papagaio margarida	daisy parrotfish
<i>Chlorurus strongylocephalus</i>	papagaio dentón	steephead parrotfish
<i>Hipposcarus harid</i>	papagaio bicudo	longnose parrotfish candelamoa parrotfish
<i>Leptoscarus vaigiensis</i>	papagaio marmóreo	marbled parrotfish
<i>Nicholsina usta</i>	papagaio esmeralda	emerald parrotfish
<i>Scarus caudofasciatus</i>	papagaio de bandas vermellas	redbarred parrotfish
<i>Scarus falcipinnis</i>	papagaio fouce	sicklefin parrotfish
<i>Scarus festivus</i>	papagaio festivo	festive parrotfish
<i>Scarus frenatus</i>	papagaio de seis liñas	bridled parrotfish sixband parrotfish six-banded parrotfish vermiculate parrotfish
<i>Scarus ghobban</i>	papagaio de bandas azuis	blue-barred parrotfish
<i>Scarus globiceps</i>	papagaio globoso	globehead parrotfish
<i>Scarus hoefleri</i>	papagaio da Guinea	Guinean parrotfish
<i>Scarus niger</i>	papagaio escuro	dusky parrotfish
<i>Scarus psittacus</i>	papagaio común	common parrotfish
<i>Scarus rubroviolaceus</i>	papagaio de brasa	ember parrotfish
<i>Scarus russelii</i>	papagaio eclipse	eclipse parrotfish
<i>Scarus scaber</i>	papagaio de cinco selas	fivesaddle parrotfish
<i>Scarus tricolor</i>	papagaio tricolor	tricolour parrotfish
<i>Scarus viridifucatus</i>	papagaio de cabeza redonda	roundhead parrotfish
<i>Sparisoma cretense</i>	papagaio vello	Mediterranean parrotfish
<i>Sparisoma rubiprinne</i>	papagaio de rabo amarelo	redfin parrotfish yellowtail parrotfish
<i>Sparisoma viride</i>	papagaio verde	spotlight parrotfish yellowtail parrotfish

Familia: Escienídeos (Sciaenidae): calafates, roncadeiras, corvinas, corvinatas, corvinóns, raíñas, pescadiñas, cangueiras e totoaba

<i>Umbrina canariensis</i>	calafate das Canarias	Canary drum
<i>Umbrina canosai</i>	calafate arxentino	Argentine croaker
<i>Umbrina cirrosa</i> (= <i>Sciaena cirrosa</i>)	calafate de riscas	shi drum
<i>Umbrina ronchus</i> (= <i>Umbrina fuscus</i>)	calafate fusco	fusca drum
<i>Atrubucca nibe</i>	roncadeira negra	black croaker blackmouth croaker
<i>Leiostomus xanthurus</i>	roncadeira de pinta	spot croaker
<i>Miichthys miiuy</i>	roncadeira mi-iuy	mi-iuy croaker
<i>Nibea albiflora</i>	roncadeira amarela	yellow drum
<i>Nibea mitsukurii</i>	roncadeira xaponesa	honnibe croaker
<i>Paralonchurus peruanus</i>	roncadeira do Perú	Peruvian banded croaker Peruvian drum
<i>Pennahia argentata</i>	roncadeira prateada	silver croaker
<i>Sciaena umbra</i>	roncadeira	brown meagre
<i>Argyrosomus hololepidotus</i>	corvina malgaxe	southern meagre
<i>Argyrosomus japonicus</i> (= <i>Sciaena antarctica</i>)	corvina austral	Japanese meagre southern meagre
<i>Argyrosomus regius</i> (= <i>Johnius regius</i>) (= <i>Johnius regia</i>)	corvina corvineira : rede para pescar corvinas pedra corvina : óso da cabeza da corvina, utilizada popularmente para o tratamento dalgunhas doenzas	meagre
<i>Argyrosomus thorpei</i>	corvina surafricana	squaretail kob

* Nota : do nome vernáculo mi-iuy, con se designa esta roncadeira en chinés. O mesmo nome chinés é usado para nomear este peixe noutras linguas; tamén utilizado para formar o nome científico da especie, *Miichthys miiuy*.

<i>Genyonemus lineatus</i>	corvina branca	white croaker
<i>Larimichthys crocea</i> (= <i>Collichthys croceus</i>)	corvina amarela maior	large yellow croaker yellow croaker
<i>Larimichthys polyactis</i> (= <i>Pseudosciaena polyactis</i>) (= <i>Pseudosciaena manchurica</i>)	corvina amarela menor	small yellow croaker little yellow croaker
<i>Micropogonias furnieri</i>	corvina crioula	whitemouth croaker
<i>Micropogonias undulatus</i>	corvina labrada	Atlantic croaker
<i>Pentheroscion mbizi</i>	corvina de boca negra	blackmouth croaker
<i>Pteroscion peli</i>	corvina africana	boe drum
<i>Atractoscion aequidens</i>	corvinata de boca amarela	geelbeck croaker
<i>Atractoscion nobilis</i> (= <i>Cynoscion nobilis</i>)	corvinata branca	white weakfish
<i>Cynoscion nebulosus</i>	corvinata apintarada	spotted seatrout speckled trout
<i>Cynoscion regalis</i> <small>(peixe exótico, propio do Atlántico Occidental; presente en augas galegas desde o ano 2016)</small>	corvinata	weakfish squeteage
<i>Cynoscion steindachneri</i>	corvinata pescada	smalltooth weakfish
<i>Cynoscion striatus</i>	corvinata riscada	striped weakfish
<i>Pogonias cromis</i>	corvinón negro	black drum
<i>Sciaenops ocellatus</i>	corvinón apintarado	red drum

<i>Otolithus ruber</i>	raíña dentuda	tigertooth croaker
<i>Pseudotolithus elongatus</i>	raíña bobó	bobo croaker
<i>Pseudotolithus epipercus</i>	raíña da Guinea	Guinea croaker
<i>Pseudotolithus moori</i>	raíña do Camerún	Cameroon croaker
<i>Pseudotolithus senegalensis</i>	raíña de Gorea (nota 1)	cassava croaker
<i>Pseudotolithus senegallus</i> (= <i>Pseudotolithus brachygnatus</i>)	raíña de lei	law croaker
<i>Pseudotolithus typus</i>	raíña branca	longneck croaker
<i>Seriphus politus</i>	raíña norteamericana	queenfish queen croaker
<i>Macrodon ancylodon</i>	pescadiña foguete	king weakfish
<i>Macrodon mordax</i>	pescadiña dentuda	dogteeth weakfish
<i>Menticirrhus americanus</i>	cangueira do sur	southern kingcroaker
<i>Menticirrhus littoralis</i>	cangueira do Golfo (nota 2)	Gulf kingcroaker
<i>Menticirrhus saxatilis</i>	cangueira do norte	northern kingcroaker
<i>Totoaba macdonaldi</i> (= <i>Cynoscion macdonaldi</i>)	totoaba (nota 3)	totoaba

Nota 1 : da illa de Gorea (Senegal), localidade tipo desta especie de raíña; tamén indicado no nome científico, *Pseudotolithus senegalensis*: neste caso, referido á illa de Gorea (no caso da raíña lei, que ten un nome científico parecido, *Pseudotolithus senegallus*, *senegallus* está referido ao Senegal, en xeral, como localidade tipo).

Nota 2 : do Golfo de México, unha das áreas onde se encontra esta cangueira. A mesma referencia ao Golfo é usada para nomear este peixe noutras linguas (inglés, francés, español etc.).

Nota 3 : do nome vernáculo deste peixe, **totaba**, do español de México. O nome **totoaba** é adoptado e adaptado por outras linguas para a designación deste peixe; indicado igualmente no nome científico : *Totoaba macdonaldi*. É unha especie senlleira, a única do xénero *Totoaba*.

Familia: Esparídeos (Sparidae): dentóns, cachucho, pragos, testudos, sargos, ollomol, brecas, besugos, douradas, bogas, nai da boga, carpinteiro, dobradiza, choupa e ferreiras

<i>Dentex</i> spp.	dentóns sin.: dentudos sin.: cachuchos	dentexes
<i>Dentex angolensis</i>	dentón de Angola	Angolan dentex Angola dentex
<i>Dentex barnardi</i>	dentón austral	Barnard's dentex
<i>Dentex canariensis</i>	dentón das Canarias	Canary dentex
<i>Dentex congoensis</i>	dentón do Congo	Congo dentex
<i>Dentex dentex</i>	dentón común	common dentex
<i>Dentex gibbosus</i>	dentón de bandeira	pink dentex
<i>Dentex macrophthalmus</i>	cachucho	large-eye dentex
<i>Dentex maroccanus</i>	dentón de Marrocos	Morocco dentex
<i>Cheimerius nufar</i>	dentón nufar (nota 1)	Santer seabream
<i>Viridentex acromegalus</i> (= <i>Dentex acromegalus</i>)	dentón de Cabo Verde	bulldog dentex
<i>Polysteganus praerorbitalis</i>	dentón de Natal (nota 2)	Scotsman seabream Scotsman
<i>Polysteganus undulosus</i>	dentón de pinta	seventyfour seabream

Nota 1 : do nome local **nufar**, usado polos pescadores da Massaua (Eritrea, Mar Vermello), para este dentón; tamén utilizado para formar o nome científico latino da especie, *Cheimerius nufar*.

Nota 2 : da rexión costeira de Natal (en Suráfrica, limítrofe con Mozambique), antiga provincia de Natal, área onde habita este dentón. Alén do portugués, a mesma referencia toponímica é usada para nomear esta especie noutras linguas (francés, español, dinamarqués, polaco etc.).

<i>Pagrus spp.</i>	pragos var.: pargos sin.: praguetas sin.: praguetes sin.: testudos sin.: testudas	seabreams
<i>Pagrus africanus</i>	prago africano	southern common seabream African red bream
<i>Pagrus auratus</i>	prago australiano	silver seabream Australasian snapper golden snapper old man snapper
<i>Pagrus auriga</i>	prago de riscas sin.: prago sémola	redbanded seabream
<i>Pagrus caeruleostictus</i>	prago ruzo	bluespotted seabream
<i>Pagrus major</i>	prago xaponés	red seabream
<i>Pagrus pagrus</i>	prago rosa	common seabream red porgy
<i>Chrysoblephus anglicus</i>	testudo de Natal (nota 1)	Englishman seabream
<i>Chrysoblephus cristiceps</i>	testudo puñal	daggerhead seabream
<i>Chrysoblephus gibbiceps</i>	testudo do Cabo	red stumpnose
<i>Chrysoblephus laticeps</i>	testudo romano	Roman seabream
<i>Chrysoblephus lophus</i>	testudo listado	false red stumpnose
<i>Chrysoblephus puniceus</i>	testudo ximangwa (nota 2)	slinger seabream

Nota 1 : da rexión costeira de Natal (en Suráfrica, limítrofe con Mozambique), antiga provincia de Natal, área onde habita este testudo. Alén da lusofonía, a mesma referencia toponímica é usada para nomear esta especie en francés e en español.

Nota 2 : do nome vernacular *ximangwa*, usado en Mozambique para nomear esta especie de testudo.

<i>Archosargus</i> spp. <i>Diplodus</i> spp. Etc.	sargos sin.: mucharras	seabreams
<i>Acanthopagrus bifasciatus</i>	sargo de dúas bandas	two-bar seabream two-banded porgy
<i>Archosargus probatocephalus</i>	sargo choupa	sheepshead sheepshead seabream
<i>Diplodus annularis</i>	sargo anular sin.: tene	annular seabream
<i>Diplodus argenteus</i>	sargo marimbá sin.: marimbá (nota 1)	South American silver porgy silver porgy silver seabream
<i>Diplodus bellottii</i>	sargo do Senegal	Senegal seabream
<i>Diplodus cadenati</i>	sargo de Marrocos	Moroccan white seabream
<i>Diplodus capensis</i>	sargo do Cabo (nota 2)	Cape white seabream
<i>Diplodus cervinus</i>	sargo veado	zebra seabream
<i>Diplodus fasciatus</i>	sargo de faixas	banded seabream
<i>Diplodus holbrookii</i>	sargo da Florida	spottail seabream spottail pinfish
<i>Diplodus noct</i>	sargo do Mar Vermello	Red Sea seabream
<i>Diplodus prayensis</i>	sargo de Cabo Verde	two-banded seabream
<i>Diplodus puntazzo</i>	sargo bicudo	sharpnout seabream
<i>Diplodus sargus</i>	sargo común	white seabream
<i>Diplodus striatus</i>	sargo estriado	
<i>Diplodus vulgaris</i>	sargo de testa negra	common two-banded seabream
<i>Pachymetopon canescens</i>	sargo hotentote	hottentot seabream hottentot

Nota 1 : do nome **marimbá**, usado na costa do Brasil –única área do planeta onde habita esta especie de sargo– para nomealo.

Nota 2 : do Cabo de Boa Esperanza (República de Suráfrica), localidade tipo deste sargo. Alén da lusofonía, a mesma referencia toponímica é usada para nomear a especie en inglés, español e francés; tamén indicado no nome científico, *capensis*: do Cabo.

<i>Pterogymnus lanarius</i>	sargo panga	panga seabream panga
<i>Rhabdosargus globiceps</i>	sargo austral	white stumpnose
<i>Stenotomus chrysops</i>	sargo da América do Norte	scup
<i>Pagellus bogaraveo</i> (= <i>Pagellus centrodentus</i>)	ollomol sin.: buraz var.: guraz pancho, panchó, pachán : exemplares pequenos	blackspot seabream
<i>Pagellus erythrinus</i>	breca	common pandora
<i>Pagellus affinis</i>	breca árabe	Arabian pandora
<i>Pagellus bellottii</i>	breca colorada	red pandora
<i>Pagellus acarne</i>	besugo	axillary seabream
<i>Pagellus natalensis</i>	besugo de Natal (nota *)	Natal pandora red tjor tjor
<i>Sparus aurata</i>	dourada	gilthead seabream
<i>Pagrus major</i> (= <i>Chrysophrys major</i>)	dourada do Xapón	red seabream Japanese seabream
<i>Boops boops</i>	boga sin.: boga de mar sin.: boga do mar sin.: boga lexítima	bogue
<i>Boops lineatus</i>	boga estriada	striped boga
<i>Sarpa salpa</i>	nai da boga sin.: saboga sin.: sopa sin.: salpa sin.: perla	salema

* Nota : da rexión costeira de Natal (en Suráfrica, limítrofe con Mozambique), antiga provincia de Natal, localidade tipo deste besugo. Alén da lusofonía (Mozambique), a mesma referencia toponímica é usada para nomear este peixe noutras linguas; tamén indicado no nome científico da especie, *Pagellus natalensis*: de Natal.

<i>Argyrozona argyrozona</i>	carpinteiro	carpenter seabream
<i>Oblada melanura</i>	dobradiza sin.: tene	saddled seabream
<i>Spondyliosoma cantharus</i>	choupa var.: chopa sin.: choupeta sin.: chaparena var.: chaparaña, chaparela sin.: chamiza sin.: chepa sin.: relevo sin.: pancha sin.: ruda sin.: cheirón sin.: fiuncheira sin.: bruxa sin.: borracha sin.: petaraña var.: pataraña sin.: peta sin.: tana sin.: saiñeira sin.: ferreira	black seabream northern bluefin tuna giant bluefin tunna blue-fin tunn tunny
<i>Lithognathus aureti</i>	ferreira da costa oeste	west coast steenbras
<i>Lithognathus lithognathus</i>	ferreira branca	white steenbras
<i>Lithognathus mormyrus</i> (= <i>Pagellus mormyrus</i>)	ferreira sin.: tene	sand steenbras
<i>Lithognathus olivieri</i>	ferreira de Olivier (nota *)	steenbras

* Nota : na honra de P. G. Olivier, do Museo Nacional de Namibia, que colleu o espécime tipo desta ferreira; tamén indicado no nome científico da especie, *Lithognathus olivieri*: de Olivier.

Familia: **Nemipterídeos (Nemipteridae)** : falsos besugos e sizis

<i>Nemipterus bathybius</i>	falso besugo amarelo	yellowbelly threadfin bream
<i>Nemipterus bipunctatus</i>	falso besugo de Delagoa (nota 1)	Delagoa threadfin bream
<i>Nemipterus flavomandibularis</i>	falso besugo de queixada amarela	yellow-jaw threadfin bream
<i>Nemipterus furcosus</i>	falso besugo rabiforcado	fork-tailed threadfin bream rosy threadfin bream
<i>Nemipterus gracilis</i>	falso besugo esguío	graceful threadfin bream
<i>Nemipterus japonicus</i>	falso besugo xaponés	Japanese threadfin bream
<i>Nemipterus marginatus</i>	falso besugo marxinado	red filament threadfin bream
<i>Nemipterus peronii</i>	falso besugo de Péron (nota 2)	notchedfin threadfin bream
<i>Nemipterus randalli</i>	falso besugo de Randall (nota 3)	Randall's threadfin bream
<i>Nemipterus tambuloides</i>	falso besugo raiado	fivelined threadfin bream
<i>Nemipterus virgatus</i>	falso besugo dourado	golden threadfin bream
<i>Nemipterus zysron</i>	falso besugo fino	slender threadfin bream

Nota 1 : da baía de Delagoa (Mozambique), unha das áreas onde se encontra este falso besugo. Alén do portugués, a mesma referencia toponímica é usada para nomearen esta especie noutras linguas (inglés, francés, español, polaco etc.).

Nota 2 : na honra do viaxeiro e naturalista francés François Péron (1775-1810), que recolleu o espécime tipo deste falso besugo; tamén indicado no seu nome científico, *Nemipterus peronii*: de Péron.

Nota 3 : na honra de John E. Randall (1924-2020), do Museo Bernice Pauahi Bishop (Honolulu), que axudou a B. C. Russell fornecéndolle espécimes e fotografías de peixes do xénero *Nemipterus* (Russell foi quen describiu este falso besugo para a ciencia, no ano 1986); tamén indicado no nome científico, *Nemipterus randalli*: de Randall.

<i>Parascolopsis eriomma</i>	sizi rosado	swallowtail swarf monocle bream rosy dwarf monocle bream
<i>Parascolopsis rufomaculatus</i>	sizi de banda amarela	yellowband monocle bream red-spot dwarf monocle bream
<i>Scolopsis bilineata</i>	sizi de dúas liñas	two-lined monocle bream
<i>Scolopsis bimaculata</i>	sizi de san Pedro (nota *)	thumbprint monocle bream
<i>Scolopsis ghanam</i>	sizi árabe	Arabian monocle bream
<i>Scolopsis trilineata</i>	sizi de tres liñas	three-lined monocle bream
<i>Scolopsis vosmeri</i>	sizi de cara branca	whitecheek monocle bream

* **Nota** : do nome **sizi São Pedro**, usado en Mozambique para este sizi. Alén do portugués, a referencia a san Pedro é usada para nomear esta especie en francés e en español. Segundo a lenda popular, as dúas manchas que ten este sizi son a pegada dos dedos furabolos e polgar do apóstolo san Pedro, quen, por orde de Xesús, pescou o peixe para lle tirar da boca unha moeda de ouro con que pagar un imposto exixido polas autoridades. (Este feito, recollido no Evanxeo de san Mateo, non menciona ningún peixe específico e tamén se di para outras especies de peixes que teñen dúas manchas.)

Familia: **Gobiídeos (Gobiidae)**: **mógaros**

<i>Aphyia minuta</i>	mógaro transparente	transparent goby
<i>Babka gymnotrachelus</i> (= <i>Gobius gymnotrachelus</i>)	mógaro corriqueiro	racer goby
<i>Benthophiloides braueri</i>	mógaro cabezolo de Brauner (nota 1)	Brauner's tadpole goby Brauner's tadpole-goby banded tadpole goby
<i>Benthophiloides turcomanus</i>	mógaro cabezolo turcomeno	Turkmen tadpole goby
<i>Benthophilus granulosus</i>	mógaro cabezolo granular	rough tadpole goby granular pugolovka
<i>Benthophilus macrocephalus</i>	mógaro cabezolo do Caspio	Caspian tadpole goby
<i>Benthophilus stellatus</i>	mógaro cabezolo estreleiro	stellate tadpole goby stellate tadpole-goby
<i>Buenia affinis</i>	mógaro de De Buen (nota 2)	De Buen's goby
<i>Buenia jeffreysii</i>	mógaro de Jeffrey (nota 3)	Jeffrey's goby
<i>Caspiosoma caspium</i>	mógaro do Caspio	Caspian goby
<i>Chromogobius britoi</i>	mógaro de Brito (nota 4)	Brito's goby
<i>Chromogobius quadrivittatus</i> (= <i>Relictogobius kryzhanovskii</i>)	mógaro louro	chestnut goby
<i>Crystallogobius linearis</i>	mógaro de cristal	crystal goby

Nota 1 : na honra do zoológo ucraíno Aleksandr Aleksandrovich Brauner (1857-1941), que recolleu o espécime tipo deste mógaro cabezolo; tamén indicado no nome científico, *Benthophiloides braueri*: de Brauner.

Nota 2 : na honra do ictiólogo español Fernando de Buen y Lozano (1895-1962), que foi director do Laboratorio Oceanográfico de Vigo (hoxe, Centro Oceanográfico de Vigo) e desenvolveu a súa actividade nomeadamente na América do Sur. Alén doutras moitas investigacións, foi un estudioso dos mógaros; tamén indicado no xénero científico deste mógaro, *Buenia*: de De Buen.

Nota 3 : na honra do malacólogo galés John Gwyn Jeffreys (1809-1885), que recolleu o espécime tipo deste mógaro cando procuraba invertebrados; tamén indicado no nome científico, *Buenia jeffreysii*: de Jeffrey.

Nota 4 : na honra do zoológo español Alberto Brito Hernández (n. 1954), da Universidade da Laguna (Tenerife), polas súas achegas sobre os peixes das illas Canarias; tamén indicado no nome científico deste mógaro, *Chromogobius britoi*: de Brito.

<i>Deltentosteus collonianus</i>	mógaro dentado	toothed goby
<i>Deltentosteus quadrimaculatus</i>	mógaro de catro manchas	four-spotted goby
<i>Gnatholepis thompsoni</i>	mógaro de pinta dourada	goldspot goby
<i>Gobius ater</i>	mógaro de Bellotti (nota 1)	Bellotti's goby
<i>Gobius auratus</i>	mógaro dourado	golden goby
<i>Gobius bucchichi</i>	mógaro de Bucchich (nota 2)	Bucchich's goby
<i>Gobius cobitis</i>	mógaro cabezudo	giant goby
<i>Gobius couchi</i>	mógaro de Couch (nota 3)	Couch's goby
<i>Gobius cruentatus</i>	mógaro sanguíento	red-mouthed goby
<i>Gobius gasteveni</i>	mógaro de Steven (nota 4)	Steven's goby
<i>Gobius geniporus</i>	mógaro de bochechas porosas	slender goby
<i>Gobius niger</i>	mógaro escamudo sin.: zátaro escamudo sin.: lorcho escamudo sin.: lorcha escamuda sin.: escamudo sin.: escamuda sin.: baralloca sin.: maralloca sin.: baraloco	black goby
<i>Gobius paganellus</i>	mógaro das pedras sin.: zátaro escamudo	rock goby

Nota 1 : na honra do paleontólogo e mais ictiólogo italiano Cristoforo Bellotti (1823-1919), que describiu esta especie de mógaro para a ciencia no ano 1888.

Nota 2 : na honra do naturalista croata Gregorio Bucchich (1829-1911), que recolleu o espécime tipo deste mógaro; tamén indicado no nome científico, *Gobius bucchichi*: de Bucchich.

Nota 3 : na honra do ictiólogo británico Jonathan Couch (1789-1870), autor de *A History of the Fishes of the British Islands* (1862-67); tamén indicado no nome científico deste mógaro, *Gobius couchi*: de Couch.

Nota 4 : na honra do biólogo mariño George Alexander Steven (1901-1958), que traballou sobre os peixes do canal da Mancha e foi unha das primeiras persoas que recoñeceu este mógaro como unha nova especie na zona; tamén indicado no nome científico deste peixe, *Gobius gasteveni*: de G. A. Steven.

<i>Gobius roulei</i>	mógaro de Roule (nota 1)	Roule's goby
<i>Gobius xanthocephalus</i>	mógaro de cabeza dourada	golden goby
<i>Gobiusculus flavescens</i>	mógaro de dúas manchas	two-spotted goby
<i>Hyrcanogobius bergi</i>	mógaro de Berg (nota 2)	Volga dwarf goby Berg's goby
<i>Knipowitschia caucasica</i> (= <i>Pomatoschistus caucasicus</i>)	mógaro anano do Cáucaso	Caucasian dwarf goby Caucasian goby
<i>Knipowitschia longicaudata</i> (= <i>Pomatoschistus longicaudatus</i>)	mógaro anano rabilongo	longtail dwarf goby longtail goby
<i>Knipowitschia panizzae</i> (= <i>Padogobius panizzai</i>)	mógaro anano do Adriático	Adriatic dwarf goby Panizza's goby
<i>Lebetus guilleti</i>	mógaro de Guillet (nota 3)	Guillet's goby
<i>Lebetus scorpioides</i>	mógaro miúdo	diminutive goby
<i>Lesueurigobius friesii</i>	mógaro de Fries (nota 4)	Fries's goby
<i>Lesueurigobius heterofasciatus</i>	mógaro listado	
<i>Lesueurigobius sanzi</i>	mógaro de Sanzo (nota 5)	Sanzo's goby
<i>Lesueurigobius suerii</i>	mógaro de Lesueur (nota 6)	Lesueur's goby

Nota 1 : na honra do zoolóxico francés Louis Roule (1861-1942), que recolleu o espécime tipo deste mógaro; tamén indicado no nome científico da especie, *Gobius roulei*: de Roule.

Nota 2 : na honra do ictiólogo soviético Lev Semyonovich Berg (1876-1950), nado na Moldova, que describiu diversos mógaros do mar Caspio, que é onde habita esta especie; tamén indicado no nome científico deste mógaro, *Hyrcanogobius bergi*: de Berg.

Nota 3 : na honra do artista francés Pierre Guillet (1866-1918), amigo de Édouard Le Danois, que foi quen describiu este mógaro de vistosas cores para a ciencia no ano 1913; tamén indicado no nome científico da especie, *guilleti*: de Guillet.

Nota 4 : na honra do zoolóxico sueco Bengt Fredrik Fries (1799-1839), que describiu este mógaro para a ciencia co nome de *Gobius gracilis* (= *Pomatoschistus minutus*) no ano 1838; tamén indicado no nome científico actual deste mógaro, *Lesueurigobius friesii*: de Fries.

Nota 5 : na honra do biólogo mariño Luigi Sanzo (1874-1940), profesor de Fernando de Buen y Lozano, que describiu esta especie de mógaro para a ciencia no ano 1918; tamén indicado no nome científico da especie, *sanzi*: de Sanzo.

Nota 6 : na honra do naturalista francés Charles Alexandre Lesueur (1778-1846); tamén indicado no nome científico do xénero e da especie, *Lesueurigobius suerii*: de Lesueur. A. Risso, que foi quen describiu este mógaro para a ciencia en 1810, trocou o nome científico inicial da especie, *suerii*, pola forma máis correcta, *lesuerii*, en 1827, pero como daquela non deixou dito que o nome do mógaro facía referencia a Lesueur, mantívose o nome científico da especie coa escrita latina orixinal -incorrecta- de *suerii* para Lesueur.

<i>Mauligobius maderensis</i>	mógaro da Madeira (nota 1)	
<i>Mesogobius batrachocephalus</i> (= <i>Gobius batrachocephalus</i>)	mógaro sapo	toad goby knout goby
<i>Neogobius fluviatilis</i> (= <i>Gobius fluviatilis</i>)	mógaro de río	monkey goby
<i>Neogobius melanostomus</i> (= <i>Gobius melanostomus</i>)	mógaro redondo	round goby
<i>Ninnigobius canestrinii</i> (= <i>Pomatoschistus canestrinii</i>)	mógaro de Canestrini (nota 2)	Canestrini's goby
<i>Padogobius nigricans</i>	mógaro do Arno (nota 3)	Arno goby
<i>Pomatoschistus knerii</i>	mógaro de Kner (nota 4)	Kner's goby
<i>Pomatoschistus lozanoi</i>	mógaro de Lozano (nota 5)	Lozano's goby
<i>Pomatoschistus marmoratus</i>	mógaro marmóreo	marbled goby
<i>Pomatoschistus microps</i>	mógaro común	common goby
<i>Pomatoschistus minutus</i>	mógaro da area	sand goby
<i>Pomatoschistus norvegicus</i>	mógaro noruegués	Norway goby
<i>Pomatoschistus pictus</i>	mógaro manchado	painted goby Mediterranean painted goby
<i>Ponticola cephalargoides</i> (= <i>Neogobius cephalargoides</i>)	mógaro de Pinchuk (nota 6)	Pinchuk's goby

Nota 1 : da illa da Madeira (Portugal), unha das áreas onde habita este mógaro. A mesma referencia toponímica é usada na lusofonía para nomear esta especie: caboz-**da-Madeira**; tamén indicado no nome científico, *Mauligobius maderensis*: da Madeira.

Nota 3 : na honra do biólogo italiano Giovanni Canestrini (1835-1900), amigo de Alessandro Pericle Ninni, que describiu esta especie de mógaro para a ciencia no ano 1883; tamén indicado no nome científico, *Ninnigobius canestrinii*: de Canestrini.

Nota 3 : do río Arno (Italia), un dos ríos onde habita este mógaro, endémico do centro da península Itálica. A mesma referencia toponímica ao Arno é utilizada en inglés para nomear este peixeño.

Nota 4 : na honra do xeólogo e ictiólogo austríaco Rudolf Kner (1810-1869), colega de F. Steindachner, que foi quen describiu esta especie de mógaro para a ciencia, no ano 1861; tamén indicado no nome científico, *Pomatoschistus knerii*: de Kner.

Nota 5 : na honra do naturalista español Luis Lozano Rey (1878-1958), da Universidade de Madrid, pola súa achega para o coñecemento dos peixes de auga doce de España, onde habita esta especie de mógaro; tamén indicado no nome científico, *Pomatoschistus lozanoi*: de Lozano.

Nota 6 : na honra do ictiólogo ruso Vitaly Lustinovich Pinchuk (1931-1992), que describiu esta especie de mógaro para a ciencia no ano 1976.

<i>Ponticola kessleri</i> (= <i>Neogobius kessleri</i>)	mógaro de Kessler (nota 1)	Kessler's goby bighead goby
<i>Ponticola syrman</i> (= <i>Gobius syrman</i>)	mógaro syrman (nota 2)	syrman goby
<i>Proterorhinus nasalis</i> (= <i>Gobius nasalis</i>)	mógaro narigudo do leste	eastern tubenose goby
<i>Proterorhinus semilunaris</i> (= <i>Gobius semilunaris</i>)	mógaro narigudo do oeste	western tubenose goby
<i>Proterorhinus tataricus</i>	mógaro narigudo do Chorna (nota 3)	Chornaya tubenose goby
<i>Thorogobius ephippiatus</i>	mógaro leopardo	leopard-spotted goby
<i>Vanneaugobius canariensis</i>	mógaro das Canarias	
<i>Zosterisessor ophiocephalus</i> (= <i>Gobius ophiocephalus</i>)	mógaro cabeza de cobra	grass goby

Nota 1 : na honra do zoolóxico ruso-alemán Karl Fedorovich Kessler (1815-1881), que describiu este mógaro en 1857, mais daquela usou un nome científico xa ocupado por outra especie; tamén indicado no nome científico deste mógaro, *Ponticola kessleri*: de Kessler.

Nota 2 : derivado do nome local **surman**, dado polos pescadores de Odesa, na Ucraína, a estes peixes. É máis usado para *Ponticola cephalargoides*, pero foi utilizado polo biólogo Alexander von Nordmann para o formar nome científico destoutro mógaro, *Ponticola syrman*, que describiu no ano no ano 1840. A mesma denominación procedente da Ucraína e formadora do nome científico da especie é utilizada para designar este mógaro noutras linguas (inglés, ucraíno, ruso etc.).

Nota 3 : do río Chorna (tamén chamado Chornaya), na península da Crimea (Ucraína), de onde é endémico este mógaro. A mesma referencia toponímica ao Chorna é utilizada en inglés para nomear este peixiño.

Familia: **Hemulídeos (Haemulidae) : roncadores**

<i>Anisotremus surinamensis</i>	roncador surinamés	black margate
<i>Anisotremus virginicus</i>	roncador ferruxe	porkfish
<i>Paranisotremus moricandi</i> (= <i>Anisotremus moricandi</i>)	roncador raiado	brownstriped grunt
<i>Brachydeuterus auritus</i>	roncador olludo	bigeye grunt
<i>Conodon nobilis</i>	roncador de listas	barred grunt
<i>Isacia conceptionis</i>	roncador cabinza <small>(nota *)</small>	cabinza grunt
<i>Orthopristis chrysoptera</i>	roncador mexicano	pigfish sailor's choice
<i>Parapristipoma humile</i>	roncador canela	Guinean grunt
<i>Parapristipoma octolineatum</i>	roncador riscado	African striped grunt
<i>Plectorhinchus macrolepis</i>	roncador beizudo	biglip grunt
<i>Plectorhinchus mediterraneus</i>	roncador mulato	rubberlip grunt
<i>Pomadasys argenteus</i>	roncador prateado	silver grunt
<i>Pomadasys incisus</i>	roncador bravura	bastard grunt
<i>Pomadasys jubelini</i>	roncador apintarado	sompat grunt
<i>Pomadasys perotaei</i>	roncador papagaio	parrot grunt
<i>Pomadasys rogerii</i>	roncador bicudo	pignout grunt

* **Nota** : do popular nome **cabinza** (ou cabinsa, tamén escrito cavinza e cavinsa), usado na América do Sur para designar esta especie de roncador. A mesma denominación procedente do español é utilizada noutras linguas para nomearen este peixe (inglés, francés etc.).

Familia: Istioforídeos (Istiophoridae) : veleiros e marlíns

<i>Istiophorus albicans</i>	veleiro do Atlántico	Atlantic sailfish
<i>Istiophorus platypterus</i>	veleiro do Indo-Pacífico	Indo-Pacific sailfish
<i>Istiompax indica</i> (= <i>Makaira indica</i>)	marlín negro	black marlin
<i>Kajikia albida</i> (= <i>Tetrapturus albidus</i>)	marlín branco do Atlántico	Atlantic white marlin
<i>Kajikia audax</i> (= <i>Tetrapturus audax</i>)	marlín raiado	striped marlin
<i>Makaira mazara</i>	marlín azul do Indo-Pacífico	Indo-Pacific blue marlin
<i>Makaira nigricans</i>	marlín azul do Atlántico	Atlantic blue marlin
<i>Tetrapturus angustirostris</i>	marlín de bico curto	shortbill spearfish
<i>Tetrapturus belone</i>	marlín do Mediterráneo	Mediterranean spearfish
<i>Tetrapturus georgii</i>	marlín peto	roundscale spearfish
<i>Tetrapturus pfluegeri</i>	marlín bicudo	longbill spearfish

Familia: **Labrídeos (Labridae)** : doncelas, maragotas, budións e serráns

<i>Coris julis</i>	doncela sin.: xulia sin.: señorita	Mediterranean rainbow wrasse
<i>Xyrichtys incandescens</i>	doncela brasileira	Brazilian razorfish
<i>Xyrichtys javanicus</i>	doncela de Xava	Java razorfish
<i>Xyrichtys martinicensis</i>	doncela rosada	rosy razorfish
<i>Xyrichtys novacula</i>	doncela perlada	pearly razorfish cleaver wrasse
<i>Xyrichtys splendens</i>	doncela verde	green razorfish
<i>Xyrichtys vicotri</i>	doncela das Galápagos	Galapagos razorfish
<i>Labrus bergylta</i>	maragota sin.: budión reticulado	ballan wrasse
<i>Labrus mixtus</i> (= <i>Labrus bimaculatus</i>)	maragota da pedra sin.: gaián sin.: gaiolo sin.: taberneiro sin.: rei sin.: budión rei sin.: caravilla sin.: lavanco sin.: crico sin.: pixón sin.: escaravellón var.: caravellón rei monarca : peixe macho rei republicano : peixe femia	cuckoo wrasse
<i>Labrus merula</i>	maragota da costa sin.: merlón sin.: budión fusco	brown wrasse

<i>Labrus viridis</i> (= <i>Labrus turdus</i>)	budión tordo	green wrasse
<i>Acantholabrus palloni</i>	budión do alto	scale-rayed wrasse
<i>Bodianus scrofa</i>	budión dente de can	bared hogfish
<i>Bodianus speciosus</i>	budión can	blackbar hogfish
<i>Centrolabrus exoletus</i>	budión de boca pequena	rock cook
<i>Ctenolabrus rupestris</i> (= <i>Ctenolabrus suillus</i>)	budión vello sin.: budión rupestre sin.: vello mexón sin.: vello pequeno sin.: vello rato sin.: vello zapateiro sin.: vinagre sin.: chaparrudo sin.: farro sin.: farro da vara	goldsinny-wrasse goldsinny wrasse
<i>Lachnolaimus maximus</i>	budión de pluma	hogfish
<i>Tautoga onitis</i>	budión da ostra sin.: tautoga	tautog
<i>Tautogolabrus adspersus</i>	budión do norte	cunner
<i>Thalassoma pavo</i>	budión verde	ornate wrasse

<i>Symphodus bailloni</i>	serrán de Baillon (nota 1)	Baillon's wrasse
<i>Symphodus caeruleus</i>	serrán dos Azores (nota 2)	Azores wrasse Atlantic wrasse
<i>Symphodus cinereus</i>	serrán cincento	grey wrasse
<i>Symphodus mediterraneus</i>	serrán do Mediterráneo	axillary wrasse
<i>Symphodus melops</i>	serrán común sin.: farro sin.: farro de altura sin.: farro bragaludo sin.: vello	corckwing wrasse
<i>Symphodus ocellatus</i>	serrán ocelado	ocellated wrasse
<i>Symphodus roissali</i>	serrán manchado	five-spotted wrasse
<i>Symphodus rostratus</i>	serrán bicudo	pointed-snout wrasse
<i>Symphodus tinca</i>	serrán pavón sin.: vello	East Atlantic peacock wrasse

Nota 1 : na honra do naturalista francés Louis Antoine François Baillon (1778-1851), que estudou os peixes do canal da Mancha e forneceu o espécime tipo deste serrán; tamén indicado no nome científico, *Symphodus bailloni*: de Baillon.

Nota 2 : do arquipélago dos Azores (Portugal), unha das áreas importantes para este serrán. Alén da lusofonía, a mesma referencia aos Azores é usada para nomear este peixe en inglés.

Familia: **Letrídeos (Lethridae) : ladróns**

<i>Gnathodentex aureolineatus</i>	ladrón de liñas douradas	striped large-eye bream
<i>Gymnocranius grandoculis</i>	ladrón tatuado	blue-lined large-eye Bream
<i>Gymnocranius griseus</i>	ladrón cincento	grey large-eye bream
<i>Lethrinus atkinsoni</i>	ladrón amarelado do Pacífico	Pacific yellowtail emperor reticulated emperor
<i>Lethrinus atlanticus</i>	ladrón do Atlántico sin.: paxariño	Atlantic emperor
<i>Lethrinus borbonicus</i>	ladrón da Reunión (nota *)	subnose emperor
<i>Lethrinus crocineus</i>	ladrón amarelado do Índico	yellowtail emperor
<i>Lethrinus erythropterus</i>	ladrón de aleta vermella	longfin emperor
<i>Lethrinus olivaceus</i>	ladrón oliváceo	longface emperor longnose emperor
<i>Monotaxis grandoculis</i>	ladrón curvado	humpnose big-eye bream
<i>Wattsia mossambica</i>	ladrón mozambicano	Mozambique large-eye bream Mozambique seabream

* Nota : da illa da Reunión (departamento de ultramar francés), no océano Índico, localidade tipo desta especie de ladrón. A referencia toponímica á illa da Reunión tamén está indicada no nome científico deste peixe, *Lethrinus borbonicus* (Borbon, ou Bourbon, é un nome antigo desta illa).

Familia: **Lobotídeos (Lobotidae) : furrieis**

<i>Lobotes pacificus</i>	furriel do Pacífico	Pacific tripletail
<i>Lobotes surinamensis</i>	furriel do Atlántico	Atlantic tripletail

Familia: **Lutianídeos (Lutjanidae)** : lucianos, carañas, baúnas e guaiúba

<i>Apsilus fuscus</i>	luciano tesoir	African forktail snapper
<i>Lutjanus agennes</i>	luciano laranxa	African red snapper
<i>Lutjanus argentimaculatus</i>	luciano do mangue	mangrove red snapper
<i>Lutjanus argentiventris</i>	luciano de ventre prateado	yellow snapper
<i>Lutjanus campechanus</i>	luciano do Golfo (nota 1)	northern red snapper
<i>Lutjanus dentatus</i>	luciano castaño	African brown snapper
<i>Lutjanus endecacanthus</i>	luciano da Guinea	Guinea snapper
<i>Lutjanus fulgens</i>	luciano dourado	golden African snapper
<i>Lutjanus goreensis</i>	luciano de Gorea (nota 2)	Gorean snapper
<i>Lutjanus purpureus</i>	luciano encarnado	southern red snapper
<i>Lutjanus synagris</i>	luciano riscado	lane snapper
<i>Lutjanus analis</i>	caraña vermella sin.: cioba	mutton snapper
<i>Lutjanus aya</i>	caraña verdadeira sin.: cioba	mutton snapper
<i>Lutjanus griseus</i>	caraña de viveiro	grey snapper
<i>Lutjanus alexandrei</i>	baúna listada	Brazilian snapper
<i>Lutjanus jocu</i>	baúna de fogo	dog snapper
<i>Ocyurus chrysurus</i>	guaiúba sin.: luciano de rabo amarelo (nota 3)	yellowtail snapper

Nota 1 : do Golfo de México, unha das áreas onde se encontra este luciano. Alén da lusofonía, a mesma referencia ao Golfo é usada para nomear este peixe en español.

Nota 2 : da illa de Gorea (Senegal), localidade tipo deste luciano. A referencia á illa de Gorea é igualmente utilizada noutras linguas para nomear esta especie de luciano; tamén indicado no nome científico, *Lutjanus goreensis*: de Gorea.

Nota 3 : do nome **guaiúba**, procedente do tupí, con que é coñecido popularmente no Brasil este peixe (o **guaiúba**). É unha especie senlleira, a única existente do xénero *Ocyurus*.

Familia: **Luvarídeos (Luvaridae)** : boquiño

<i>Luvarus imperialis</i>	boquiño	luvar
---------------------------	---------	-------

Familia: **Malacantídeos (Malacanthidae)** : paletas, riscados, pirá e branquiños

<i>Lopholatilus chamaeleonticeps</i>	paleta camelo	great northern tilefish
<i>Lopholatilus villarii</i>	paleta pataca	tilefish

<i>Branchiostegus albus</i>	riscado albacento	
<i>Branchiostegus argentatus</i>	riscado arxénteo	
<i>Branchiostegus auratus</i>	riscado dourado	
<i>Branchiostegus australiensis</i>	riscado australiano	Australian tilefish
<i>Branchiostegus doliatus</i>	riscado africano	ribbed tilefish
<i>Branchiostegus hedlandensis</i>	riscado de Port Hedland (nota 1)	Port Hedland tilefish
<i>Branchiostegus japonicus</i>	riscado rubio	horsehead tilefish horse-head fish red tilefish
<i>Branchiostegus paxtoni</i>	riscado de Paxton (nota 2)	Paxton's tilefish
<i>Branchiostegus saitoi</i>	riscado de Saito (nota 3)	
<i>Branchiostegus sawakinensis</i>	riscado de Suakin (nota 4)	freckled tilefish

Nota 1 : de Port Headland (Australia Occidental), localidade tipo deste riscado; tamén indicado no nome científico da especie, *Branchiostegus hedlandensis*: de Port Hedland.

Nota 2 : na honra do ictiólogo John R. Paxton (n. 1938), do Australian Museum (Sydney), que contribuíu ao recoñecemento de novas especies de riscados australianos; tamén indicado no nome científico deste riscado, *Branchiostegus paxtoni*: de Paxton.

Nota 3 : na honra de Jiro Saito, pescador xaponés de cana e anzol, que capturou e fotografou o primeiro exemplar que se coñeceu desta especie de riscado, no ano 2009; tamén indicado no nome científico, *Branchiostegus saitoi*: de Saito.

Nota 4 : da cidade costeira de Suakin, tamén escrito Sauakin (Sudán), no Mar Vermello, localidade tipo deste riscado; tamén indicado no nome científico da especie, *Branchiostegus sawakinensis*: de Suakin (ou Sauakin).

<i>Branchiostegus semifasciatus</i>	riscado cebra sin.: peixe cebra	zebra tilefish
<i>Branchiostegus serratus</i>	riscado serrado	Australian barred tilefish
<i>Branchiostegus vittatus</i>	riscado de Manila (nota 1)	
<i>Branchiostegus wardi</i>	riscado de Ward (nota 2)	Ward's tilefish
<i>Malacanthus plumieri</i>	pirá (nota 3)	sand tilefish sandfish
<i>Malacanthus latovittatus</i>	branquiño azul	blue blanquillo blue tilefish striped blanquillo false whiting eye of the sea
<i>Malacanthus brevirostris</i>	branquiño de fociño curto	quakerfish stripetail tilefish flagtail blanquillo false whiting

Nota 1 : da cidade costeira de Manila (capital das Filipinas), localidade tipo desta especie de riscado.

Nota 2 : na honra de Alec Ward, que recolleu o espécime tipo deste riscado, descrito para a ciencia polo ictiólogo e malacólogo australiano G. P. Whitley –amigo de Alec Ward– no ano 1932; tamén indicado no nome científico da especie, *Branchiostegus wardi*: de Ward.

Nota 3 : do nome **pirá**, procedente do tupí, con que especificamente *Malacanthus plumieri* é coñecido popularmente no Brasil (o **pirá**). Outras especies do xénero *Malacanthus* son coñecidas na lusofonía co nome de **branquinhos**.

Familia: **Monodactílídeos (Monodactylidae) : machados (ou peixes machado)**

<i>Monodactylus argenteus</i> (= <i>Psettus argenteus</i>)	machado arxénteo sin.: peixe machado arxénteo	silver moony silver moonyfish diamond moonfish diamond fish butterfish
<i>Monodactylus falciformis</i> (= <i>Psettus falciformis</i>)	machado falciforme sin.: peixe machado falciforme	full moony
<i>Monodactylus kottelati</i>	machado anano sin.: peixe machado anano	dwarf moony
<i>Monodactylus sebae</i> (= <i>Psettias sebae</i>) (= <i>Psettus sebae</i>)	machado africano sin.: peixe machado africano	African moony

Familia: **Mulídeos (Mullidae)** : salmonetes

<i>Mulloidichthys dentatus</i>	salmonete mexicano	Mexican goatfish
<i>Mulloidichthys flavolineatus</i>	salmonete listado	yellowstripe goatfish
<i>Mullus argentinae</i>	salmonete arxentino	Argentine goatfish
<i>Mullus auratus</i>	salmonete dourado	red goatfish northern goatfish
<i>Mullus barbatus</i>	salmonete da lama	red mullet
<i>Mullus surmuletus</i>	salmonete da pedra	surmullet
<i>Pseudupeneus grandisquamis</i>	salmonete escamudo	bigscale goatfish
<i>Pseudupeneus maculatus</i>	salmonete maculado	spotted goatfish
<i>Pseudupeneus prayensis</i>	salmonete barbudo	West African goatfish
<i>Upeneus mascarensis</i>	salmonete das Mascareñas (nota 1)	Mascarene goatfish
<i>Upeneus moluccensis</i>	salmonete das Molucas (nota 2)	goldband goatfish golden-banded goatfish Moluccan goatfish
<i>Upeneus pori</i>	salmonete de Por (nota 3)	Por's goatfish
<i>Upeneus parvus</i>	salmonete anano	dwarf goatfish
<i>Upeneus tragula</i>	salmonete apigarado	freckled goatfish

Nota 1 : das illas Mascareñas, no océano Índico (illas da República de Mauricio e de territorios franceses de ultramar), onde se encontra a illa da Reunión, localidade tipo deste salmonete; tamén indicado no nome científico da especie, *mascarensis*: das Mascareñas. A mesma referencia toponímica ás Mascareñas é utilizada en inglés para nomear este salmonete.

Nota 2 : das illas Molucas (Indonesia), onde se encontra a illa de Ambón, localidade tipo deste salmonete; tamén indicado no nome científico da especie, *moluccensis*: das Molucas. A mesma referencia toponímica ás Molucas é utilizada noutras linguas para nomearen este salmonete.

Nota 3 : na honra do hidrobiólogo e bioxeógrafo Francis Dov Por (1927-2014), da Universidade Hebrea de Xerusalén, pola súa achega sobre a migración Lessepsiana de organismos –a través do canal de Suez–, entre os que se atopa esta especie de salmonete; tamén indicado no nome científico, *Upeneus pori*: de Por.

Familia: Nototeniídeos (Nototheniidae) : marlongas, nototénias e peixe prata do Antártico

<i>Dissostichus eleginoides</i>	marlonga da Patagonia	Patagonian toothfish
<i>Dissostichus mawsoni</i>	marlonga do Antártico	Antarctic toothfish
<i>Notothenia coriiceps</i>	nototénia negra	black rockcod
<i>Notothenia neglecta</i>	nototénia amarela	yellowbelly rockcod
<i>Notothenia rossii</i>	nototénia marmórea	marbled rockcod
<i>Gobionotothen gibberifrons</i> (= <i>Notothenia gibberifrons</i>)	nototénia testuda	humped rockcod
<i>Lepidonotothen squamifrons</i> (= <i>Notothenia squamifrons</i>)	nototénia escamuda	grey rockcod
<i>Paranotothenia magellanica</i> (= <i>Notothenia magellanica</i>)	nototénia magallánica (nota 1)	Magellanic rockcod
<i>Patagonotothen breviceauda</i>	nototénia da Patagonia	Patagonian rockcod
<i>Patagonotothen guntheri</i> (= <i>Patagonotothen breviceauda guntheri</i>)	nototénia de Gunther (nota 2)	yellowfin notothen
<i>Pleuragramma antarcticum</i> (= <i>Pleuragramma antarctica</i>)	peixe prata do Antártico	Antarctic silverfish

Nota 1 : do estreito de Magalláns (Chile), localidade tipo desta especie de nototénia; a mesma referencia toponímica é usada para nomear a especie noutras linguas (inglés, francés, dinamarqués etc.); tamén indicado nome científico, *Paranotothenia magellanica*: magallánica, do estreito de Magalláns.

Nota 2 : na honra do zoólogo inglés Eustace Rolfe Gunther (1902-1940), da expedición oceanográfica do Discovery (1925-1927), en que se recolleu o espécime tipo desta nototénia; Gunther describiu a cor do peixe dun exemplar vivo. A referencia a Gunther é igualmente utilizada en dinamarqués para nomear esta especie; tamén indicado no nome científico, *Patagonotothen guntheri*: de Gunther.

Familia: Percídeos (Percidae) : percas, percarina, luciopercas, gremillas e peixes fuso

<i>Perca fluviatilis</i>	perca europea	European perch
<i>Perca flavescens</i>	perca amarela	yellow perch American yellow perch
<i>Romanichthys valsanicola</i>	perca romanesa	sculpin-perch asprete Romanian darter
<i>Percarina demidoffi</i>	percarina	percarina
<i>Sander canadensis</i> (= <i>Stizostedion canadensis</i>)	lucioperca do Canadá	sauger sand pike sand pickerel
<i>Sander lucioperca</i> (= <i>Stizostedion lucioperca</i>)	lucioperca	pike-perch pikeperch zander
<i>Sander marinus</i> (= <i>Stizostedion marinum</i>)	lucioperca mariño	estuarine perch sea pikeperch sea zander
<i>Sander vitreus</i> (= <i>Stizostedion vitreum</i>)	lucioperca verde	walleye yellow pickerel yellow pike yellow pike-perch wall-eyed pike walleyed pike walleye pike wall-eyed pike-perch wall-eyed pickerel
<i>Sander volgensis</i> (= <i>Stizostedion volgensis</i>)	lucioperca do Volga (nota 1)	Volga pikeperch Volga zander
<i>Gymnocephalus acerina</i>	gremilla do Don (nota 2)	Don ruffe Donets ruffe
<i>Gymnocephalus baloni</i>	gremilla do Danubio	Danube ruffe Balon's ruffe
<i>Gymnocephalus cernua</i>	gremilla común	ruffe Eurasian ruffe
<i>Gymnocephalus schraetser</i>	gremilla listada	schraetzer striped ruffe

Nota 1 : do río Volga (Rusia europea) e a súa bacía, unha das áreas importantes para este lucioperca. A mesma referencia ao Volga é utilizada noutras linguas (inglés, ruso, alemán etc.) para nomearen este lucioperca; tamén indicado no nome científico da especie, *Sander volgensis*: do Volga.

Nota 2 : do río Don (Rusia europea) e a súa bacía, unha das áreas importantes para esta gremilla (nome usado na lusofonia para os peixes do xénero *Gymnocephalus*, tomado do francés). A mesma referencia ao Don é utilizada noutras linguas (inglés, ruso e alemán) para formaren o nome desta especie.

<i>Zingel asper</i> (= <i>Aspro asper</i>)	peixe fuso do Ródano (nota 1)	Rhone streber
<i>Zingel balcanicus</i> (= <i>Aspro streber balcanicus</i>)	peixe fuso dos Balcáns	
Nota 1 : na honra do ictiólogo e biólogo pesqueiro norteamericano Charles Henry Gilbert (1859-1928), pioneiro de grande importancia na historia natural dos EE. UU. Describiu 620 especies de peixes, incluído este peixe lanterna. No ano 1931 fundouse a Gilbert Fisheries Society, que na actualidade –desde o ano 1989– é a Gilbert Ichthyological Society (Sociedade Ictiolóxica Gilbert).

Nota 2 : na honra do ictiólogo Erik Bertelsen (1912-1993), director do Instituto de Bioloxía Mariña Dinamarqués. Tamén indicado no nome científico deste peixe lanterna, descrito para a ciencia por B. G. Nafpaktitis en 1966, *Diaphus bertelseni*: de Bertelsen.

Nota 3 : na honra de August Duméril (1812-1870), herpetólogo e mais ictiólogo, do Museo Nacional de Historia Natural (París); tamén indicado no nome científico deste peixe lanterna, *Diaphus dumerilii*: de Duméril.

Nota 4 : na honra do ictiólogo irlandés Ernest William Lyons Holt (1864-1922); tamén indicado no nome científico deste peixe lanterna, *Diaphus holti*: de Holt.

Nota 5 : na honra do zoológo dinamarqués Christian Frederik Lütken (1827-1901), tamén escrito Luetken, que no ano 1892 fixo unha clasificación de 24 especies de peixes lanterna, de grande importancia para a sistemática destes peixes; tamén indicado no nome científico deste peixe lanterna, descrito para a ciencia por A. Brauer no ano 1904, *Diaphus luetkeni*: de Lütken.

Nota 6 : na honra do naturalista Constantine Samuel Rafinesque (1783-1840), a quen A. Cocco –que describiu este peixe lanterna para a ciencia no ano 1838– lle atribuíu a identificación previa deste peixe lanterna como outra especie, *Myctophum punctatum*, o peixe lanterna manchado; tamén indicado no correcto nome científico desta especie de peixe lanterna, *Diaphus rafinesquii*: de Rafinesque.

<i>Diaphus subtilis</i>	peixe lanterna sutil	flabby lanternfish
<i>Diaphus termophilus</i>	peixe lanterna termófilo	Taaning's lantern fish;
<i>Diaphus theta</i>	peixe lanterna da California	California headlightfish
<i>Diogenichthys atlanticus</i>	peixe lanterna do Atlántico	Atlantic lanternfish
<i>Diogenichthys laternatus</i>	peixe lanterna de Dióxenes (nota 1)	Diogenes lanternfish
<i>Electrona risso</i>	peixe lanterna fáiisca	electric lantern fish
<i>Gonichthys cocco</i>	peixe lanterna de Cocco (nota 2)	Cocco's lanternfish
<i>Hygophum benoiti</i>	peixe lanterna de Benoit (nota 3)	Benoit's lanternfish
<i>Hygophum hygomii</i>	peixe lanterna das Bermudas	Bermudas lantern fish
<i>Hygophum macrochir</i>	peixe lanterna de aleta grande	largefin lanternfish
<i>Hygophum reinhardtii</i>	peixe lanterna de Reinhardt (nota 4)	Reinhardt's lanternfish
<i>Hygophum taaningi</i>	peixe lanterna de Taning var.: peixe lanterna de Tåning (nota 5)	Taning's lanternfish Tåning's lanternfish
<i>Lampadena anomala</i>	peixe lanterna anómalo	anomalous lanternfish
<i>Lampadena atlantica</i> (= <i>Lampadena urophaos atlantica</i>)	peixe lanterna romeiriño	Atlantic tail-light lanternfish

Nota 1 : na honra de Dióxenes (412 ou 404 aC-323 dC), filósofo cínico coñecido por termar dun candil, ou dunha candeia, diante dos cidadáns de Atenas, alegando que estaba a procurar un home honesto, feito que o relaciona cos órganos luminosos dos peixes lanterna, particularmente conspicuos en *Diogenichthys laternatus*; tamén indicado no xénero científico *Diogenichthys*: de Dióxenes (*ichthys*: peixe).

Nota 2 : segundo o naturalista italiano Anastasio Cocco, que foi quen describiu este peixe lanterna para a ciencia, no ano 1829, na memoria do seu pai, que falecera prematuramente; tamén indicado no seu nome científico, *cocco*: de Cocco.

Nota 3 : na honra do naturalista italiano Luigi Benoit (1804-1890), amigo de A. Cocco, que foi quen describiu esta especie de peixe lanterna para a ciencia no ano 1838; así mesmo indicado no nome científico do peixe lanterna, *Hygophum benoiti*: de Benoit.

Nota 4 : na honra do zoólogo dinamarqués Johannes Theodor Reinhardt (1816-1882), que estudou os peixes fosforescentes; tamén indicado no nome científico deste peixe lanterna, *Hygophum reinhardtii*: de Reinhardt.

Nota 5 : na honra do ictiólogo dinamarqués Åge Vedel Tåning (1890-1958), que foi a primeira persoa que se decatou de que os espécimes identificados como *Hygophum macrochir* do Atlántico Norte (esta especie, o peixe lanterna de Taning) eran diferentes dos identificados como *H. macrochir* doutras partes do Atlántico (o peixe lanterna de aleta grande); tamén indicado no nome científico deste peixe lanterna, *Hygophum taaningi*: de Taning.

<i>Lampadena chavesi</i>	peixe lanterna de Chaves (nota 1)	Chaves' lanternfish
<i>Lampadena luminosa</i>	peixe lanterna luminoso	luminous lanternfish
<i>Lampadena speculigera</i>	peixe lanterna espellado	mirror lanternfish
<i>Lampadena urophaos</i>	peixe lanterna lucecú	sunbeam lampfish tail-light lanternfish
<i>Lampanyctodes hectoris</i>	peixe lanterna de Hector (nota 2)	Hector's lanternfish
<i>Lampanyctus alatus</i>	peixe lanterna alado	winged lanternfish
<i>Lampanyctus ater</i>	peixe lanterna escuro	dusky lanternfish
<i>Lampanyctus crocodilus</i>	peixe lanterna crocodilo	jewel lanternfish
<i>Lampanyctus cuprarius</i>	peixe lanterna cobreado	Atlantic blackcap lanternfish
<i>Lampanyctus festivus</i>	peixe lanterna festivo	festive lanternfish
<i>Lampanyctus gemmifer</i>	peixe lanterna nacarado	
<i>Lampanyctus intricarius</i>	peixe lanterna intricado	intricate lanternfish
<i>Lampanyctus lineatus</i>	peixe lanterna riscado	
<i>Lampanyctus macdonaldi</i>	peixe lanterna de McDonald (nota 3)	rakery beaconlamp MacDonald's lanternfish
<i>Lampanyctus niger</i>	peixe lanterna negro	black lantern fish
<i>Lampanyctus photonotus</i>	peixe lanterna lobishome	dotback lanternfish
<i>Lampanyctus pusillus</i>	peixe lanterna anano	pygmy lanternfish
<i>Lampanyctus wisneri</i>	peixe lanterna de Wisner (nota 4)	

Nota 1 : na honra do naturalista, meteorólogo e mais xeofísico Francisco Alfonso Chaves e Melo (1857-1926), director do Museo de Ponta Delgada (nos Azores, Portugal), que forneceu o espécime tipo deste peixe lanterna; tamén indicado no nome científico, *Lampadena chavesi*: de Chaves.

Nota 2 : na honra de James Hector (1834-1907), director da Geological Survey da Nova Zelandia, que forneceu o espécime tipo deste peixe lanterna; tamén indicado no nome científico, *Lampanyctodes hectoris*: de Hector.

Nota 3 : na honra de Marshall McDonald (1835-1895, do Comisionado da Pesca dos EE.UU.; tamén indicado no nome científico, *Lampanyctus macdonaldi*: de McDonald.

Nota 4 : na honra de Robert L. Wisner (1921-2005), da Scripps Institution of Oceanography, polas súas achegas para a sistemática dos peixes mictofídeos e outros peixes oceánicos; tamén indicado no nome científico deste peixe lanterna, *Lampanyctus wisneri*: de Wisner.

<i>Lepidophanes gaussi</i>	peixe lanterna de Gauss (nota 1)	Gauss' lanternfish
<i>Lepidophanes guentheri</i>	peixe lanterna de Günther (nota 2)	Günther's lanternfish
<i>Lobianchia dofleini</i>	peixe lanterna de Doflein (nota 3)	Dofleini's lantern fish
<i>Lobianchia gemellarii</i>	peixe lanterna de Gemellaro (nota 4)	Cocco's lanternfish Gemellaro's lanternfish
<i>Loweina interrupta</i>	peixe lanterna ferreiro	barebelly lanternfish
<i>Loweina rara</i>	peixe lanterna raro	rare lanternfish
<i>Myctophum affine</i>	peixe lanterna metálico	metallic lanternfish
<i>Myctophum nitidulum</i>	peixe lanterna fosforescente	pearlyspotted lanternfish
<i>Myctophum punctatum</i>	peixe lanterna manchado	spotted lanternfish
<i>Notolychnus valdiviae</i>	peixe lanterna do Valdivia (nota 5)	topside lanternfish
<i>Notoscopelus bolini</i>	peixe lanterna de Bolin (nota 6)	fanfare lanternfish
<i>Notoscopelus caudispinosus</i>	peixe lanterna de rabo espiñoso	spinetal lanternfish
<i>Notoscopelus elongatus</i>	peixe lanterna do Mediterráneo	

Nota 1 : na honra do matemático e físico alemán Carl Friedrich Gauss (1777-1855) e do barco que levaba o seu nome, que recolleu o espécime tipo deste peixe lanterna na primeira expedición alemá ao Polo Sur (1901-1903); tamén indicado no nome científico, *Lepidophanes gaussi*: de Gauss.

Nota 2 : na honra do ictiólogo e mais herpetólogo Albert Günther (1830-1914), autor do *Catalogue of the Fishes of the British Museum* e da sección de peixes do *Report on the Scientific Results of the Voyage of H. M. S. Challenger*, traballos moi importantes para a ictioloxía, como indican Goode e Bean, que describiron este peixe lanterna para a ciencia no ano 1896; así mesmo recollido no nome científico deste peixe lanterna, *Lepidophanes guentheri*: de Günther.

Nota 3 : na honra do zoolóxico Franz Doflein (1873-1924), da Universidade de Munich, que recomendou a E. Zugmayer para o estudo dos peixes capturados polo Princesse Alice de Mónaco (1901-1910). Zugmayer describiría este peixe lanterna para a ciencia no ano 1911; tamén indicado no nome científico do peixe lanterna, *Lobianchia dofleini*: de Doflein.

Nota 4 : na honra do xeólogo italiano Carlo Gemellaro (1787-1866), amigo de A. Cocco, que foi quen describiu esta especie de peixe lanterna para a ciencia no ano 1838; así mesmo indicado no nome científico do peixe lanterna, *Lobianchia gemellarii*: de Gemellar.

Nota 5 : do navío de investigación Valdivia, coñecido por levar a termo a primeira expedición alemá para explorar a fondura mariña (1898-99), na que se recolleu o espécime tipo deste peixe lanterna; tamén indicado no nome científico, *Melanostomias valdiviae*: do Valdivia.

Nota 6 : na honra do ictiólogo, especialista en peixes lanterna, Rolf Bolin (1901-1973), da Estación Mariña Hopkins, da Universidade de Stanford (EE.UU.); tamén indicado no nome científico deste peixe lanterna, *Notoscopelus bolini*: de Bolin.

<i>Notoscopelus kroyeri</i>	peixe lanterna de Kroyer var.: peixe lanterna de Krøyer (nota 1)	lancet fish Kroyer's lanternfish Krøyer's lanternfish
<i>Notoscopelus resplendens</i>	peixe lanterna oliva	patchwork lanternfish
<i>Protomyctophum arcticum</i>	peixe lanterna do Ártico	Arctic lanternfish
<i>Scopelopsis multipunctatus</i>	peixe lanterna apintarado	multispotted lanternfish
<i>Symbolophorus rufinus</i>	peixe lanterna rubio	rufous lanternfish
<i>Symbolophorus veranyi</i>	peixe lanterna de Vérany (nota 2)	large-scale lantern fish
<i>Taaningichthys bathyphilus</i>	peixe lanterna de fondura	deepwater lanternfish
<i>Taaningichthys minimus</i>	peixe lanterna de Cabo Verde	waistcoat lanternfish
<i>Taaningichthys paurolychnus</i>	peixe lanterna nu	naked lanternfish
<i>Triphoturus nigrescens</i>	peixe lanterna do alto	highseas lampfish

Nota 1 : na honra do biólogo mariño dinamarqués Henrik Nikolai Krøyer (1799-1870); tamén indicado no nome científico deste peixe lanterna, *Notoscopelus kroyeri*: de Kroyer.

Nota 2 : na honra do naturalista e mais farmacéutico francés Jean Baptiste Vérany (1800-1865), director e cofundador do Museo de Historia Natural de Niza; tamén indicado no nome científico deste peixe lanterna, *Symbolophorus veranyi*: de Vérany.

Familia: **Neoscopelídeos (Neoscopelidae) : peixes lanterna**

<i>Neoscopelus macrolepidotus</i>	peixe lanterna escamudo	large-scaled lantern fish
<i>Neoscopelus microchir</i>	peixe lanterna de aleta curta	shortfin neoscopelid
<i>Neoscopelus porosus</i>	peixe lanterna poroso	
<i>Scopelengys clarkei</i>	peixe lanterna de Clarke (nota 3)	
<i>Scopelengys tristis</i>	peixe lanterna do Pacífico	Pacific blackchin
<i>Solivomer arenidens</i>	peixe lanterna das Filipinas	

Nota 3 : na honra de Thomas A. Clarke (1940-2013), do Instituto de Bioloxía Mariña de Hawai, que forneceu espécimes adicionais deste peixe lanterna que permitiron diferenciarlo doutros do xénero *Scopelengys*; tamén indicado seu no nome científico, *Scopelengys clarkei*: de Clarke.

Superorde: Estenopteríxeos (Stenopterygii)

especie galega

Orde: Ateleopodiformes (Ateleopodiformes)

Familia: Ateleopodídeos (Ateleopodidae) : xeleas

<i>Ateleopus edentatus</i>	xelea desdentada	
<i>Ateleopus japonicus</i>	xelea do Pacífico	Pacific jellynose fish
<i>Guentherus altivela</i>	xelea de vela alta	jellynose highfin tadpole fish
<i>Guentherus katoï</i>	xelea de Kato	(nota 1)
<i>Ijimaia antillarum</i>	xelea das Antillas	
<i>Ijimaia dofleini</i>	xelea de Doflein	Doflein's tadpole fish (nota 2)
<i>Ijimaia fowleri</i>	xelea de Fowler	(nota 3)
<i>Ijimaia loppei</i>	xelea de Loppé	Loppe's tadpole fish (nota 4)
<i>Ijimaia plicatellus</i>	xelea de fondura	deep water ateleopid fish
<i>Parateleopus indicus</i>	xelea do Índico	Indian jellynose fish
<i>Parateleopus microstomus</i>	xelea de boca pequena	

Nota 1 : na honra do pescador xaponés Tatsuya Kato, que forneceu o espécime tipo desta xelea, descrita para a ciencia no ano 2008; tamén indicado no nome científico da xelea, *Guentherus katoï*: de Kato.

Nota 2 : na honra do zoológo Franz Doflein (1873-1924), da Universidade de Munich, que conduciu a H. Sauter cara ao estudo da vida mariña. Sauter describiría esta xelea para a ciencia no ano 1905; tamén indicado no nome científico da xelea, *Ijimaia dofleini*: de Doflein.

Nota 3 : na honra do ictiólogo Henry Weed Fowler (1878-1965), da Academia das Ciencias de Filadelfia, pola axuda prestada a H. Rivero. Rivero describiría esta xelea para a ciencia no ano 1935; tamén indicado no nome científico da xelea, *Ijimaia fowleri*: de Fowler.

Nota 4 : na honra de Etienne Loppé (1883-1954), coidador no Museo de Historia Natural de Lafaille (La Rochelle, Franca), que doou dous espécimes desta xelea a L. Roule para o seu estudo. Roule describiría esta xelea para a ciencia no ano 1922; tamén indicado no nome científico da xelea, *Ijimaia loppei*: de Loppé.

Orde: **Estomiiformes (Stomiiformes)**

Familia: **Gonostomatídeos (Gonostomatidae) : boqueiróns**

<i>Bonapartia pedaliota</i>	boqueirón de raio longo (nota 1)	longray fangjaw
<i>Cyclothone acclinidens</i>	boqueirón de dentes curvos	benttooth bristlemouth
<i>Cyclothone alba</i>	boqueirón branco	bristlemouth pale bristlemouth
<i>Cyclothone braueri</i>	boqueirón de Brauer (nota 2)	garrick
<i>Cyclothone livida</i>	boqueirón lívido	
<i>Cyclothone microdon</i>	boqueirón de dentes pequenos	smalltooth bristlemouth veiled anglemouth
<i>Cyclothone obscura</i>	boqueirón escuro	hidden bristlemouth
<i>Cyclothone pallida</i>	boqueirón bicolor	tan bristlemouth tanned bristlemouth bicolored bristlemouth
<i>Cyclothone parapallida</i>	boqueirón sombreado	shadow bristlemouth
<i>Cyclothone pseudopallida</i>	boqueirón delgado	slender bristlemouth
<i>Cyclothone signata</i>	boqueirón vistoso	showy bristlemouth
<i>Diplophos taenia</i>	boqueirón tenia	Pacific portholefish
<i>Gonostoma atlanticum</i>	boqueirón do Atlántico	Atlantic fangjaw
<i>Gonostoma denudatum</i>	boqueirón do Mediterráneo	
<i>Manducus maderensis</i>	boqueirón da Madeira (nota 3)	

Nota 1 (xeral) : obsérvese que o nome galego **boqueirón**, como vemos nesta tabela, está referido aos peixes da familia **Gonostomatidae**, que teñen unha particular forma da boca, e non ten relación ningunha co popular **bocareu** ou **bocarte** (*Engraulis encrasicolus*, da familia **Engraulidae**), que é chamado *boquerón* en castelán.

Nota 2 : na honra do zoolóxico August Brauer (1863-1917), do Museo Zoolóxico de Berlín, que, no ano 1906, foi a primeira persoa que puxo orde no caos do grupo *Gonostoma-Cyclothone*, segundo as palabras de Jespersen e Tåning, que describiron e nomearon este boqueirón para a ciencia no ano 1926; así mesmo indicado no nome científico do boqueirón, *Cyclothone braueri*: de Brauer.

Nota 3 : da illa da Madeira (Portugal), onde se obtivo o espécime tipo deste boqueirón, nun mercado de Funchal. A mesma referencia toponímica á illa da Madeira é usada na lusofonía para nomear esta especie (**boqueirão-da-Madeira**); tamén indicado no nome científico do boqueirón, *Mauligobius maderensis*: da Madeira.

<i>Margrethia obtusirostra</i>	boqueirón cabezudo	bighead portholefish
<i>Sigmops bathyphilus</i>	boqueirón brillante	spark anglemouth
<i>Sigmops elongatus</i> (= <i>Gonostoma elongatum</i>)	boqueirón dentado	elongated bristlemouth fish elongated fangjaw longtooth anglemouth long-tooth anglemouth
<i>Sigmops gracilis</i>	boqueirón esguío	slender fangjaw

Familia: Esternoptiquídeos (Sternoptychidae) : pais vellos (ou peixes machadiña) e peixes luz

<i>Argyripnus atlanticus</i>	pai vello do Atlántico sin.: peixe machadiña do Atlántico	
<i>Argyripnus brocki</i>	pai vello de Brock sin.: peixe machadiña de Brock (nota 1)	
<i>Argyropelecus aculeatus</i>	pai vello aculeado sin.: peixe machadiña aculeado	lovely hatchetfish silver hatchetfish
<i>Argyropelecus affinis</i>	pai vello do Pacífico sin.: peixe machadiña do Pacífico	Pacific hatchet fish
<i>Argyropelecus gigas</i>	pai vello xigante sin.: peixe machadiña xigante	hatchetfish
<i>Argyropelecus hemigymnus</i>	pai vello manchado sin.: peixe machadiña manchado	half-naked hatchetfish
<i>Argyropelecus olfersii</i>	pai vello de Olfers sin.: peixe machadiña de Olfers (nota 2)	silver hatchetfish

Nota 1 : na honra do herpetólogo e mais ictiólogo Vernon E. Brock (1912-1971), polas súas achegas para o coñecemento da bioloxía mariña e polo apoio dado a P. J. Struhsaker para que estudase peixes batipeláxicos de Hawai; tamén indicado no seu nome científico, *Argyripnus brocki*: de Brock.

Nota 2 : na honra do naturalista e diplomático alemán Ignaz von Olfers (1793-1871), que forneceu espécimes deste pai vello a G. Cuvier, quen posteriormente describiría esta especie de pai vello para a ciencia, no ano 1829; tamén indicado nome científico, *Argyropelecus olfersii*: de Olfers.

<i>Argyropelecus sladeni</i>	pai vello de Sladen sin.: peixe machadiña de Sladen (nota 1)	Sladen's hatchet fish
<i>Polyipnus polli</i>	pai vello redondo sin.: peixe machadiña redondo	
<i>Sternoptyx diaphana</i>	pai vello diáfano sin.: peixe machadiña diáfano	diaphanous hatchet fish
<i>Sternoptyx obscura</i>	pai vello escuro sin.: peixe machadiña escuro	
<i>Sternoptyx pseudobscura</i>	pai vello oblicuo sin.: peixe machadiña oblicuo	highlight hatchetfish
<i>Valenciennellus tripunctulatus</i>	pai vello de tres puntos sin.: peixe machadiña de tres puntos	constellationfish
<i>Maurolicus amethystinopunctatus</i>	peixe luz ametístico	
<i>Maurolicus muelleri</i>	peixe luz de Müller (nota 2)	silvery lightfish pearlsides pearlside Muller's bristlemouth fish Muller's pearlsides

Nota 1 : na honra do biólogo británico Percy Sladen (1849-1900) e do Percy Sladen Memorial Trust, que financiou a expedición ao océano Índico en que se recolleu o espécime tipo deste pai vello; tamén indicado no seu nome científico, *Argyropelecus sladeni*: de Sladen.

Nota 2 : na honra do naturalista dinamarqués Otto Friedrich Müller (1730-1784), que describiu brevemente esta especie de peixe luz na súa obra *Zoologiae Danicae Prodomus*, no ano 1766, aínda que daquela non propuxo un nome científico para o peixe; tamén indicado no actual nome científico deste peixe luz, *Maurolicus muelleri*: de Müller.

Familia: **Estomiídeos (Stomiidae)**: dentuzas (ou dentes de angazo)

<i>Aristostomias grimaldii</i>	dentuza de Grimaldi (nota 1)	
<i>Aristostomias lunifer</i>	dentuza lunar	
<i>Aristostomias tittmanni</i>	dentuza de Tittmann (nota 2)	loosejaw
<i>Astronesthes atlanticus</i>	dentuza do Atlántico	
<i>Astronesthes cyaneus</i>	dentuza azulada	
<i>Astronesthes gemmifer</i>	dentuza xemífera	snaggletooth
<i>Astronesthes indicus</i>	dentuza do Índico	black snaggletooth
<i>Astronesthes leucopogon</i>	dentuza de barbela branca	
<i>Astronesthes macropogon</i>	dentuza de barbela graúda	
<i>Astronesthes micropogon</i>	dentuza de barbicha	snaggletooth
<i>Astronesthes neopogon</i>	dentuza de barbela plana	snaggletooth
<i>Astronesthes niger</i>	dentuza parcheada	snaggletooth
<i>Astronesthes richardsoni</i>	dentuza de Richardson (nota 3)	Richardson's snaggletooth
<i>Astronesthes zharovi</i>	dentuza de Zharov (nota 4)	
<i>Bathophilus brevis</i>	dentuza oval	
<i>Bathophilus digitatus</i>	dentuza iridescente	scaleless black dragonfish
<i>Bathophilus longipinnis</i>	dentuza de aleta longa	longfin dragonfish

Nota 1: na honra de Albert Honoré Charles Grimaldi (1848-1922), Alberto I, príncipe de Mónaco, fundador do Instituto Oceanográfico do seu país, que publicou a descrición desta dentuza; tamén indicado no nome científico, *Aristostomias grimaldii*: de Grimaldi.

Nota 2: na honra do xeógrafo, xeodeta e astrónomo norteamericano Otto Hilgard Tittmann (1850-1938), superintendente da United States Coast and Geodetic Survey, que autorizou o uso do navío de vapor Bache para a expedición no sur do Atlántico, na que foi recollido o espécime tipo desta dentuza (Tittmann foi tamén cofundador da National Geographic Society); así mesmo indicado no nome científico, *Aristostomias tittmanni*: de Tittmann.

Nota 3: na honra do médico e naturalista escocés John Richardson (1787-1865), que propuxo o xénero *Astronesthes* destes peixes no ano 1845; tamén indicado no nome científico desta dentuza, *Astronesthes richardsoni*: de Richardson.

Nota 4: na honra do ictiólogo ruso Viktor L. Zharov (1932-1998), un dos primeiros investigadores rusos en peixes epipeláxicos e un especialista en peixes escombroides; tamén indicado no nome científico desta dentuza, *Astronesthes zharovi*: de Zharov.

<i>Bathophilus nigerrimus</i>	dentuza chicote	scaleless dragonfish
<i>Bathophilus pawneeii</i>	dentuza do Pawnee (nota 1)	Pawnee dragonfish
<i>Bathophilus proximus</i>	dentuza das Bermudas	
<i>Bathophilus schizochirus</i>	dentuza cincenta	
<i>Bathophilus vaillanti</i> (= <i>Bathophilus metallicus</i>)	dentuza de Vaillant (nota 2)	
<i>Borostomias antarcticus</i>	dentuza do Antártico	snaggletooth
<i>Borostomias elucens</i>	dentuza lucente	
<i>Borostomias mononema</i>	dentuza dun filamento	sickle snaggletooth
<i>Chauliodus danae</i>	dentuza do Dana (nota 3)	Dana viperfish
<i>Chauliodus sloani</i>	dentuza de Sloane (nota 4)	Sloane's viperfish
<i>Echiostoma barbatum</i>	dentuza esfiañada	threadfin dragonfish
<i>Eustomias acinosus</i>	dentuza acinosa	
<i>Eustomias braueri</i>	dentuza de Zugmayer (nota 5)	
<i>Eustomias macronema</i>	dentuza de barbela grande	bigbarb dragonfish
<i>Eustomias macrurus</i>	dentuza de barbela amarela	yellowstem dragonfish

Nota 1 : do Pawnee II, iate especialmente deseñado para a investigación oceanográfica de fondura, que recolleu o espécime tipo desta dentuza; tamén indicado no nome científico, *Bathophilus pawneeii*: do Pawnee.

Nota 2 : na honra do zoológo francés Léon Vaillant (1834-1914), do Museo Nacional de Historia Natural (París); tamén indicado no nome científico desta dentuza, *Bathophilus vaillanti*: de Vaillant.

Nota 3 : do Dana, navío dinamarqués de investigación pesqueira que recolleu o espécime tipo desta dentuza; tamén indicado no nome científico, *Chauliodus danae*: do Dana.

Nota 4 : na honra do médico e naturalista irlandés Hans Sloane (1660-1753); tamén indicado no nome científico desta dentuza, *Chauliodus sloani*: de Sloane.

Nota 5 : na honra do zoológo, herpetólogo e ictiólogo austríaco Erich J. G. Zugmayer (1879-1938), que traballou no ministerio de asuntos exteriores austríaco; describiu esta especie de dentuza para a ciencia no ano 1911.

<i>Eustomias melanostigma</i>	dentuza de mancha negra	
<i>Eustomias parri</i>	dentuza de Parr (nota 1)	
<i>Eustomias satterleei</i>	dentuza de Satterlee (nota 2)	twinray dragonfish
<i>Eustomias schiffi</i>	dentuza de Schiff (nota 3)	
<i>Eustomias schmidti</i>	dentuza de Schmidt (nota 4)	Schmidt's dragonfish
<i>Eustomias simplex</i>	dentuza de barbela simple	
<i>Eustomias tenisoni</i>	dentuza de Tenison (nota 5)	
<i>Eustomias tetranema</i>	dentuza de catro filamentos	
<i>Eustomias trewavasae</i>	dentuza de fondura	deepsea dragonfish
<i>Flagellostomias boureei</i>	dentuza de Bourée (nota 6)	longbarb dragonfish
<i>Grammatostomias circularis</i>	dentuza de mancha redonda	
<i>Grammatostomias dentatus</i>	dentuza canteiruda	
<i>Heterophotus ophistoma</i>	dentuza boca de serpente	
<i>Idiacanthus fasciola</i>	dentuza de rabo serrado	
<i>Leptostomias gladiator</i>	dentuza gladiadora	scaleless dragonfish
<i>Leptostomias longibarba</i>	dentuza de barbela longa	treated dragon fish

Nota 1 : na honra do biólogo mariño norteamericano, nado noruegués, Albert Eide Parr (1900-1991), polo seu traballo nos peixes mariños da Bingham Collection, que incluía varios estomiídeos; tamén indicado no nome científico desta dentuza, *Eustomias parri*: de Parr.

Nota 2 : na honra do avogado norteamericano Herbert L. Satterlee (1863-1947), financiador da New York Zoological Society, onde traballou W. Beebe, que describiu esta dentuza no ano 1933; tamén indicado no nome científico, *Eustomias satterleei*: de Satterlee.

Nota 3 : na honra do banqueiro norteamericano Mortimer L. Schiff (1877-1931), polo seu interese na expedición ás Bermudas en que se recolleu o espécime tipo desta dentuza, descrita por W. Beebe en 1932; tamén indicado no nome científico, *Eustomias schiffi*: de Schiff.

Nota 4 : na honra do biólogo dinamarqués Johannes Schmidt (1877-1933), que dirixiu a singradura de investigación pesqueira do Dana e que se recolleu o espécime tipo desta dentuza; tamén indicado no nome científico, *Eustomias schmidti*: de Schmidt.

Nota 5 : na honra de William Percival C. Tenison (1884-1983), oficial do exército e ilustrador científico, cuxos debuxos foron incluídos na monografía de C. T. Regan e E. Trewavas, que describiron esta dentuza en 1930; tamén indicado no nome científico, *Eustomias tenisoni*: de Tenison.

Nota 6 : na honra de Henri Bourée (1873-1940), axudante de campo de Albert Honoré Charles Grimaldi (1848-1922), Alberto I, príncipe de Mónaco, fundador do Instituto Oceanográfico do seu país, que publicou a descrición desta dentuza; tamén indicado no nome científico da especie, *Flagellostomias boureei*: de Bourée.

<i>Malacosteus niger</i>	dentuza de draga	stoplight loosejaw
<i>Melanostomias bartonbeani</i>	dentuza de Barton Bean (nota 1)	scaleless black dragonfish
<i>Melanostomias biseriatus</i>	dentuza de barbela biseriada	
<i>Melanostomias melanopogon</i>	dentuza de barbela negra	
<i>Melanostomias melanops</i>	dentuza negrexante	
<i>Melanostomias tentaculatus</i>	dentuza tentaculada	
<i>Melanostomias valdiviae</i>	dentuza do Valdivia (nota 2)	Valdivia black dragon fish
<i>Neonesthes capensis</i>	dentuza do Cabo (nota 3)	Cape snaggletooth
<i>Pachystomias microdon</i>	dentuza de dentes curtos	smalltooth dragonfish
<i>Photonectes braueri</i>	dentuza de Brauer (nota 4)	Brauer's dragonfish
<i>Photonectes leucospilos</i>	dentuza de pinta branca	
<i>Photonectes mirabilis</i>	dentuza marabillosa	
<i>Photonectes parvimanus</i>	dentuza de aleta curta	
<i>Photostomias atroz</i>	dentuza atroz	
<i>Photostomias goodei</i>	dentuza de Goode (nota 5)	

Nota 1 : na honra do ictiólogo norteamericano Barton A. Bean (1860-1947), do Museo Nacional dos EE.UU. (U.S. National Museum), onde traballou co seu irmán, o ictiólogo Tarleton H. Bean, e onde Albert E. Parr descubriu o espécime tipo desta dentuza, que describiría para a ciencia no ano 1927; tamén indicado no nome científico, *Melanostomias bartonbeani*: de Barton Bean.

Nota 2 : do navío de investigación Valdivia, coñecido pola expedición do Valdivia (1898-99), a primeira expedición alemá para explorar a fondura mariña, en que se recolleu o espécime tipo desta dentuza; tamén indicado no nome científico, *Melanostomias valdiviae*: do Valdivia.

Nota 3 : do Cabo de Boa Esperanza (República de Suráfrica), localidade tipo desta dentuza (concretamente a baía da Mesa, ou Table Bay). A mesma referencia toponímica ao Cabo é usada para nomear esta especie en inglés; tamén indicado no nome científico, *capensis*: do Cabo.

Nota 4 : na honra do zoológo alemán August Brauer (1863-1917), do Museo de Zooloxía de Berlín, unha das autoridades en peixes de fondura na súa época; tamén indicado no nome científico desta dentuza, *Photonectes braueri*: de Brauer.

Nota 5 : na honra Richard Hugo Goode, do Centro de Ciencias del Mar y Limnología, da Universidade do Panamá, polas súas achegas para a sistemática dos peixes estomiídeos; tamén indicado no nome científico desta dentuza, *Photostomias goodei*: de Goode.

<i>Photostomias guernei</i>	dentuza de Guerne (nota 1)	loosejaw
<i>Rhadinesthes decimus</i>	dentuza esguía	slender snaggletooth
<i>Stomias boa</i>	dentuza boa	boa dragonfish
<i>Stomias brevibarbus</i>	dentuza de barbela curta	
<i>Stomias longibarbus</i>	dentuza alongada	longbarb scaly dragonfish

Nota 1 : na honra de Jules de Guerne (1855-1931), que traballou durante tres anos de zoológo persoal do príncipe Alberto de Monaco en singraduras de investigación a bordo do iate L'Hirondelle; tamén indicado no nome científico desta dentuza, *Photostomias guernei*: de Guerne.

Familia: Fosictídeos (Phosichthyidae) : peixes luminosos

<i>Ichthyococcus ovatus</i>	peixe luminoso oval	ovate lightfish
<i>Pollichthys maui</i>	peixe luminoso de Maul (nota 2)	stareye lightfish
<i>Polymetme corythaeola</i>	peixe luminoso espallado	rendezvous fish
<i>Polymetme thaeocoryla</i>	peixe luminoso do Atlántico	
<i>Polymetme surugaensis</i>	peixe luminoso de Suruga (nota 3)	Suruga lightfish
<i>Vinciguerria attenuata</i>	peixe luminoso esguío	slender lightfish
<i>Vinciguerria poweriae</i>	peixe luminoso de Power (nota 4)	Power's deep-water bristle-mouth fish
<i>Yarella blackfordi</i>	peixe luminoso de Blackford (nota 5)	

Nota 2 : na honra do ictiólogo taxidermista Günther Edmund Maul (1909-1997), do Museu Municipal do Funchal (Portugal), que describiu varios peixes de fondura; tamén indicado no nome científico deste peixe luminoso, *Pollichthys maui*: de Maul.

Nota 3 : da baía de Suruga, no mar do Xapón, onde se encontra a localidade tipo (Heta) deste peixe luminoso; tamén indicado no nome científico, *Polymetme surugaensis*: de Suruga.

Nota 4 : na honra da bióloga mariña francesa Jeanne Villepreux-Power (1794-1871) famosa polo seu traballo sobre o argonauta maior (*Argonauta argo*) e por crear un acuario para a experimentación con organismos acuáticos, colega de A. Cocco, que describiu este peixe luminoso no ano 1838; tamén indicado no nome científico da especie, *Vinciguerria poweriae*: de Power.

Nota 5 : na honra do piscicultor Eugene G. Blackford (1839-1905), presidente da xunta da inspección do peixe do Estado de Nova York (EE.UU.), pola promoción dos estudos ictiolóxicos; tamén indicado no nome científico deste peixe luminoso, *Yarella blackfordi*: de Blackford.

Clase: Sarcopteríxeos (Sarcopterygii)

Subclase: Celacantimorfos (Coelacanthimorpha)

Orde: Celacantiformes (Coelacanthiformes)

Familia: Latimeriídeos (Latimeriidae) : celacantos

<i>Latimeria chalumnae</i>	celacanto das Comores sin.: celacanto africano (nota 1)	West Indian Ocean coelacanth African coelacanth
<i>Latimeria menadoensis</i>	celacanto de Sulawesi sin.: celacanto indonesio (nota 2)	Indonesian coelacanth Sulawesi coelacanth

Nota 1 : das illas Comores (océano Índico), unhas das poucas áreas onde se encontra este celacanto. A mesma rereferencia toponímica ás Comores é usada noutras linguas para nomear este celacanto (español, neerlandés, bahasa Indonesia etc.).

Nota 2 : da illa de Sulawesi (Indonesia), ou de Célebes, antigo nome colonial de Sulawesi. A localidade tipo deste celacanto, concretamente, é a pequena illa Manado Tua, no mar de Sulawesi; tamén indicado no nome científico da especie, *Latimeria menadoensis*: de Manado Tua (antigamente, Menado Tua).

Subclase: **Dipnoicos** (ou peixes pulmonados) (Dipnoi)

Orde: **Ceratodontiformes** (Ceratodontiformes)

Familia: **Neoceratodontídeos** (Neoceratodontidae) : **barramunda**

<i>Neoceratodus forsteri</i>	barramunda sin.: peixe pulmonado australiano	barramunda Australian lungfish Queensland lungfish Burnett salmon
------------------------------	---	--

Familia: **Lepidosirenídeos** (Lepidosirenidae) : **piramboia**

<i>Lepidosiren paradoxa</i>	piramboia sin.: peixe pulmonado suramericano	South American lungfish
-----------------------------	---	-------------------------

Familia: **Protopterídeos (Proopteridae) : dipnoicos africanos**

<i>Protopterus aethiopicus</i>	dipnoico etíope sin.: peixe pulmonado etíope	marbled lungfish leopard lungfish
<i>Protopterus aethiopicus congicus</i>	dipnoico do Alto Congo sin.: peixe pulmonado do Alto Congo	
<i>P. aethiopicus mesmaekersi</i>	dipnoico de Mesmaekers sin.: peixe pulmonado de Mesmaekers (nota 1)	
<i>Protopterus amphibius</i>	dipnoico da costa leste sin.: peixe pulmonado da costa leste	East African lungfish guilled African lungfish guilled lungfish
<i>Protopterus annectens</i>	dipnoico da África Occidental sin.: peixe pulmonado da África Occidental	West African lungfish African lungfish
<i>Protopterus annectens brieri</i>	dipnoico de Brien sin.: peixe pulmonado de Brien (nota 2)	
<i>Protopterus dolloi</i>	dipnoico de Dollo sin.: peixe pulmonado de Dollo (nota 3)	slender lungfish spotted lungfish

Nota 1 : na honra de Is. Mesmaekers, comandante do porto de Boma (República Democrática do Congo), quen facilitou o envío de espécimes de dipnoicos; tamén indicado no nome científico da subespecie, *mesmaekersi*: de Mesmaekers.

Nota 2 : na honra de Paul Brien (1894-1975), da Universidade Libre de Bruxelas (Bélxica), que estudou a bioloxía e a ecoloxía reprodutiva dos dipnoicos; tamén indicado no nome científico da subespecie, *brieri*: de Brien.

Nota 3 : na honra do paleontólogo belga Louis Dollo (1857-1931), que desenvolveu traballos sobre a filoxenia dos dipnoicos; tamén indicado no nome científico da especie, *dolloi*: de Dollo.

Referencias bibliográficas

Alcalá, Xabier (2006): "Substituír e non inventar", Lingua e Investigación. II Xornadas sobre Lingua e Usos, 141-146. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións (UDC).

Alonso Estravís, Isaac: *Dicionário Eletrónico Estraviz*.

<http://www.estraviz.org/>

[consultado en 2022]

Bañón, R. / J. M. Casas (1997): "Primera cita de *Caranx crysos* (Mitchill, 1815) en aguas de Galicia", Bol. Inst. Esp. Oceanogr., 13 (1-2), 79-81.

Bañón, Rafael *et al.* (2002): "Occurrence of tropical affinity fish in Galician waters, north-west Spain", J. Mar. Biol. Ass. Hist. U.K., 82, 877-880.

Bañón, Rafael / C. Sande (2007): "First record of the red cornetfish *Fistularia petimba* (Syngnathiformes: Fistulariidae) in Galician waters: A northernmost occurrence in the eastern Atlantic", Journal of Applied Ichthyology, 24 (1), 106-107.

Bañón, Rafael *et al.* (2016): "Commented checklist of marine fishes from the Galicia Bank seamount (NW Spain)", Zootaxa, 4067 (3), 293-333.

Bañón, Rafael / David Barros-García / Alejandro de Carlos (2017): "Integrative taxonomy supports the presence of two species of *Kyphosus* (Perciformes: Kyphosidae) in Atlantic European waters", Scientia Marina, 81 (4), 467-475.

Bañón, Rafael / Luís Alberto Martínez (2019): "New northernmost distributional limit of *Chromogobius britoi* (Gobiidae) in the eastern Atlantic", Cybium: International Journal of Ichthyology, 43 (3), 289-290.

Bañón, Rafael / Toño Maño (2021): "Revisión taxonómica de la ictiología marina de Galicia: Clase Actinopteri (Orden Acipenseriformes al Orden Scorpaeniformes)", Nova Acta Científica Compostelana, 28, 47-75.

Bañón, Rafael / Toño Maño (2021): "Revisión taxonómica de la ictiología marina de Galicia: Clase Actinopteri (Orden Trachiniformes al Orden Tetraodontiformes)", Nova Acta Científica Compostelana, 28, 77-104.

Bañón, Rafael / Toño Maño (2021): "Historia del conocimiento ictiológico del mar de Galicia", Bol. R. Soc. Esp. Hist. Nat., 115, 153-173.

Bañón, Rafael *et al.* (2022): "*Gaidropsarus gallaeciae* (Gadiformes: Gaidropsaridae), a New Northeast Atlantic Rockling Fish, with Commentary on the Taxonomy of the Genus", Biology, 11, 860.

Cabré, M. Teresa (dir.) / Rosa Estopá (coord.) (2004): *Metodología del trabajo en neología: criterios, materiales y procesos*. Barcelona: Universitat Pompeu Fabra / IULA.

Carballeira Anllo, Xosé María *et al.* (2009): *Gran dicionario Xerais da lingua galega*, 2 vols. Vigo: Xerais.

Carneiro, Miguel *et al.* (2019): *Ichthyofauna of Portugal: Taxonomic diversity, common and scientific names of marine fishes. Ictiofauna de Portugal: Diversidade taxonómica, nomes comuns e nomes científicos dos peixes marinhos*. Vol. I. Lisboa: IPMA (Instituto Português do Mar e da Atmosfera).

Carneiro, Miguel *et al.* (2019): *Ichthyofauna of Portugal: Taxonomic diversity, common and scientific names of marine fishes. Ictiofauna de Portugal: Diversidade taxonómica, nomes comuns e nomes científicos dos peixes marinhos*. Vol. II. Lisboa: IPMA (Instituto Português do Mar e da Atmosfera).

Colomer, Rosa (dir.) / Xavier Fargas (coord.) (2005): *Manlleus i calcs lingüístics en terminologia*. Vic / Barcelona: Eumo Editorial / TERM CAT.

Colomer, Rosa (dir.) / Xavier Fargas (coord.) (2012): *Difusió i ús dels termes*. Vic / Barcelona: Eumo Editorial / TERM CAT.

Cornide de Folgueira y Saavedra, José Andrés (1788): *Historia de los peces y otras producciones marinas de la costa de Galicia*. Madrid: Extramuros Edición (2009).

Corominas Vigneaux, Joan / José Antonio Pascual Rodríguez (1980): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, 6 vols. Madrid: Gredos.

Costa, Rute (2006): "O necessário aproveitamento da terminologia portuguesa no processo de standardização da língua galega: uma questão de metodologia", *Lingua e Investigación*. II Xornadas sobre Lingua e Usos, 135-139. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións (UDC).

Daviña Facal, Luís (1993): *Problemas do léxico científico. Algunhas propostas de solucións*. Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Daviña Facal, Luís (1999): *Lingua e ciencia*. Vigo: Xerais.

Daviña Facal, Luís (2000): *Diccionario das ciencias da natureza e da saúde*. Tomo I, A-B. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.

Daviña Facal, Luís (2000): *Diccionario das ciencias da natureza e da saúde*. Tomo II, C. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.

Daviña Facal, Luís (2000): "O problema da adaptación ó galego de cultismos científicos de orixe grega e latina", *Viceversa*, 6, 113-129.

De Azevedo Bemvenuti, Marlise / Luciano Gomes Fischer (2010): "Peixes: Morfologia e adaptações", *Cadernos de Ecologia Aquática*, 5 (2), 31-54.

Doadrio, Ignacio (ed.) (2002²): *Atlas y libro rojo de los peces continentales de España*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente / Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC).

Fernández-Cordeiro, A. / R. Bañón (1997): "Primera cita del jurel dentón *Pseudocaranx dentex* (Bloch & Schneider en Schneider, 1801) en aguas de Galicia (noroeste ibérico)", *Bol. Inst. Esp. Oceanogr.*, 13 (1-2), 87-90.

Fernández de la Gigoña Núñez, Estanislao / Estanislao de Kostka Fernández de la Gigoña (2007): *Peixes dos nosos mares e ríos*. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE).

Franco Grande, Xosé Luis (1981): *Diccionario galego-castelán*. Vigo: Galaxia.

García González, Constantino (1985): "Glosario das voces galegas de hoxe", *Verba*, anexo 27.

Garrido, Carlos (2006): "Estratexia para a habilitaçom em galego das lınguas especializadas científico-técnicas", *Lingua e Investigación. II Xornadas sobre Lingua e Usos*, 41-63. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicaçoms (UDC).

Garrido, Carlos / Carles Riera (2011²): *Manual de galego científico*. Santiago de Compostela: Através Editora.

González González, Manuel (dir.) : *Diccionario da Real Academia Galega*.

<https://academia.gal/diccionario/>

[consultado en 2022]

Guisande González, Cástor *et al.* (2011): *Tiburones, rayas, quimeras, lampreas y mixínidos de la costa atlántica de la Península Ibérica y Canarias*. Madrid: Ediciones Díaz de Santos.

Lahuerta Mouriño, Fernando / Francisco X. Vázquez Álvarez (2000): *Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos*. CRPIH: Santiago de Compostela.

LifeWatch Belgium : *WORMS : World Register of Marine Species*.

<https://www.marinespecies.org/>

[consultado en 2022]

López Muñoz, Daniel *et al.* (1999): *Guía do consumidor de peixe fresco*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Formación Pesqueira e Investigación (Xunta de Galicia).

Lorenzo, Secundino (2000): *A vida nos ríos galegos*.

<http://www.rios-galegos.com/>

Martínez Blanco, Xulián / Serxio Veiga Alonso (2010): "Fraseoloxía galega de peixes e outros animais mariños", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 12, 155-173.

Maño, Toño: *Tiburones en Galicia*.
<https://tiburonesengalicia.blogspot.com>
[consultado en 2022]

Oak Foundation *et al.*: *SeaLifeBase*.
<http://www.sealifebase.org/>
[consultado en 2022]

Pensado, J. L. (1975): "Papeletas de nombres de peces del P. Fr. J. Sobreira", *Verba* 2, 157-180.

Quadrada, Mariona (2009): *Peixes e mariscos*. A Coruña: Baía.

Ríos Panisse, María do Carme (1977): "Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I Invertebrados y peces", *Verba*, anexo 7.

Rivas, Paco (2005): *Diccionario fraseolóxico do mar*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.

Rodríguez González, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia.

Rodríguez Río, Xusto A. (2003): *Metodoloxía do traballo terminográfico puntual en lingua galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Rodríguez Río, Xusto A. (2006): "Tiburóns nas augas do galego", *O Cartafol / Un idioma preciso, precisión* 69, Servizo de Normalización Lingüística da USC
http://www.usc.es/gl/servizos/snl/terminoloxia/uip/arquivo/numero_69.html

Rodríguez Solárizano, Manuel *et al.* (1983): *Guía dos peixes de Galicia*. Vigo: Galaxia.

Rodríguez Vergara, Xavier (2014): *Léxico mariñeiro de Cedeira*. Ferrol: Edicións Embora / Concello de Cedeira.

Rodríguez Villanueva, Xosé Luís *et al.* (1992): *Peixes do mar de Galicia I. Lampreas, raias e tiburóns*. Vigo: Xerais.

Rodríguez Villanueva, Xosé Luís *et al.* (1994): *Peixes do mar de Galicia II. Peixes óseos: xeneralidades, clasificación e orde perciformes*. Vigo: Xerais.

Rodríguez Villanueva, Xosé Luís *et al.* (1995): *Peixes do mar de Galicia III. Peixes óseos (continuación)*. Vigo: Xerais.

Salvador Milla, Alfredo (2002): *Enciclopedia Virtual de los Vertebrados Españoles. Peces*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) / Museo Nacional de Ciencias Naturales (MNCN).
<http://www.vertebradosibericos.org/peces.html>

Santamarina Fernández, Antón L. (coord): *Diccionario de dicionarios*.
<http://ilg.usc.gal/ddd/>
[consultado en 2022]

Sarmiento, Martín (1746-1755): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Salamanca: Universidad de Salamanca. Edición de J. L. Pensado Tomé (1973).

Sarmiento, Martín (1795-1772): *De historia natural y de todo género de erudición. Obra de 660 pliegos*. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC). Edición de Henrique Monteagudo (2008).

Scharpf, Christopher / Kenneth J. Lazara : *The ETYFish Project / Fish Name Etymology Database*
etyfish.org
[consultado en 2022]

Schneider, Michael F. et al. (2005) : *Checklist de vertebrados de Moçambique. Checklist of Vertebrates of Mozambique*. Maputo: Universidade Eduardo Mondlane / UICN Mozambique.

Silva, Sergio et al. (2010): "Datos poblacionales y biométricos de las poblaciones de colmilleja (*Cobitis paludica*) en los afluentes de la margen española del Baixo Miño", V Simpósio ibérico sobre a bacia hidrográfica do río Minho. Carlos Antunes (ed.), pp. 157-163.

Sobreira Salgado, Juan (1792-1797): *Papeletas de un diccionario gallego*. Ourense : Instituto de Estudios Orensanos. Edición de J. L. Pensado Tomé (1979).

Sociedade Galega de Historia Natural (1995): *Atlas de vertebrados de Galicia, I. Peixes, anfibios, réptiles e mamíferos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

TERMCAT (1990): *Formació de termes amb elements cultes*. Barcelona: Generalitat de Catalunya.

Varela Aenlle, Carlos Xesús (2014): *Contribución ao dicionario galego: o léxico do galego de Asturias*. Tese de doutoramento. Vigo: Universidade de Vigo.

Viéitez Cortizo, Ernesto / José Miguel Rey Salgado (2004): *A natureza ameazada*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Villaverde, Luís (2001): *Mariscos de Galicia*. Sada (A Coruña): Edición do Castro.



A Chave

GALEGO, LINGUA
DE CALIDADE

www.achave.gal